

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 79

Sesión Plenaria
27 de xaneiro de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto preliminar. Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Nazaret Cendán Gayoso

Punto 1. Elección de secretaria ou secretario da Cámara

Punto 2. Texto lexislativo

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o proxecto de lei do clima de Galicia (doc. núm. 33923, 12/PL-000009)

Publicación dictame da Comisión, BOPG nº 301f1, do 15.12.2025

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 301f1, do 15.12.2025

Punto 3. Comparecencia

46670 (12/CPP-000082)

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

Punto 4. Mocións

4.1 42649 (12/MOC-000098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34407, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 307f1, do 02.01.2026

4.2 42651 (12/MOC-000099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26536, publicada no BOPG núm. 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 307f1, do 02.01.2026



4.3 42652 (12/MOC-000100)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

Sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 39557, publicada no BOPG núm. 295f2, do 3 de decembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 16 de decembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 307f1, do 02.01.2026

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 2982 (12/PNP-000339)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e tres deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

5.2 30444 (12/PNP-002341)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

5.3 35073 (12/PNP-002591)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

5.4 36282 (12/PNP-002679)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f1, do 15.10.2025

5.5 38174 (12/PNP-002801)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f1, do 12.11.2025



5.6 43878 (12/PNP-003014)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026

Punto 6. Interpelacións**6.1 35295 (12/INT-001285)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.2 36818 (12/INT-001349)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

6.3 43054 (12/INT-001485)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernall 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f1, do 09.01.2026

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 46641 (12/POPX-000067)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

7.2 46646 (12/POPX-000068)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 35531 (12/POP-005149)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

8.2 45289 (12/POP-006402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e dez deputados/as máis

Sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

8.3 43062 (12/POP-005724)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f2, do 09.01.2026

8.4 43384 (12/POP-005882)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 311f1, do 12.01.2026

8.5 46609 (12/PUP-000181)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.6 44056 (12/POP-006082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis

Sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da Unesco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026

8.7 44618 (12/POP-006280)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis

Sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026



8.8 46634 (12/POP-006583)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.9 45300 (12/POP-006405)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.10 46637 (12/PUP-000183)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dez minutos da mañá.

O presidente comunica a inasistencia da deputada Alexandra Fernández Gómez (BNG) e a súa delegación de voto na deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG), conforme o disposto nos artigos 84.3 e 84.4 do Regulamento do Parlamento. (Páx. 11.)

Seguidamente, o presidente informa dun accidente na autopista AP-9 no cal resultaron feridos os deputados Gonzalo Trenor López (P) e Roberto Rodríguez Martínez (P), aos que lles desexa unha pronta recuperación. Igualmente, en consecuencia do accidente, varios deputados e deputadas vanse incorporar á sesión plenaria con atraso.

Polo tanto, o presidente comunica unha alteración da orde do día acordada cos portavoces dos grupos parlamentarios, que consiste, en primeiro lugar, na toma de posesión da nova deputada, para seguir coa votación da proposta de secretario ou secretaria da Mesa do Parlamento e, despois, co debate da comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública e das mocións. (Páx. 11.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Nazaret Cendán Gayoso. (Punto preliminar da orde do día.)

En cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o presidente solicita a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada, María Nazaret Cendán Gayoso, que substitúe a Ethel María Vázquez Mourelle (P). (Páx. 11.)

A deputada María Nazaret Cendán Gayoso presta xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 11.)

Elección de secretaria ou secretario da Cámara. (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente prégalle á vicesecretaria que efectúe, por orde alfabética, o chamamento das deputadas e dos deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 11.) A seguir, a vicesecretaria efectúa o correspondente chamamento dos membros do Goberno e, finalmente, dos membros da Mesa, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 11.)

Votación: Julio García Comesaña, votos a favor, 36; votos en branco, 27. (Páx. 12.)

En consecuencia, queda proclamado secretario da Mesa do Parlamento Julio García Comesaña. (Páx. 12.)



Comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 23.), Patricia Iglesias Rey (S) (Páx. 24.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 27.) e José Alberto Pazos Couñago (P). (Páx. 30.)

Réplica do Goberno: conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado). (Páx. 34.)

O presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 37.) Nesta rolda interveñen as deputadas Patricia Iglesias Rey (S) (Páx. 37.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 39.), o deputado José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 41.) e o conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado). (Páx. 43.)

Alteración da orde do día

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da moción: Rosana Pérez Fernández (BNG). (Páx. 46.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Miguel Fidalgo Iglesias (P). (Páx. 48.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Carlos López Font (S). (Páx. 50.)

A deputada Rosana Pérez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 52.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da moción: María Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 54.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: María Elena Espinosa Mangana (S). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 58.), María Encarnación Amigo Díaz (P). (Páx. 58.)



A deputada María Montserrat Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 60.)

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 65.), Montserrat Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 67.) e Ángel Rodríguez Conde (P). (Páx. 69.)

Nova intervención da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 71.)

O presidente comunica que, na sesión da tarde, se debaterán tres proposicións non de lei e o Proxecto de lei do clima de Galicia. (Páx. 73.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e un minutos da tarde.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 73.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Lara Méndez López (S). (Páx. 74.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Óscar Insua Lema (BNG). (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 79.) e Paula Prado del Río (P). (Páx. 82.)

A deputada Lara Méndez López (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 84.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Miguel Ángel Viso Diéguez (P). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Lara Méndez López (S) (Páx. 90.) e Secundino Fernández Fernández (BNG). (Páx. 92.)



Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Armando Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 95.)

O deputado Miguel Ángel Viso Diéguez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 97.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE–Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica a autoemenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 102.), *Lara Méndez López (S)* (Páx. 104.) e *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)*. (Páx. 106.)

Nova intervención do deputado Secundino Fernández Fernández (BNG). (Páx. 108.)

Alteración da orde do día

Texto lexislativo

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 109.)

Presentación do Ditame: *presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Carmen María Pomar tojo)*. (Páx. 110.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 111.), *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 111.), *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 115.) e *Moisés Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 119.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 122.), *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 124.) e *Moisés Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 125.)

Intervención do Goberno: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 127.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e nove minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e dez minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifica a inasistencia —e hai tamén delegación de voto— Alexandra Fernández Gómez, que xustifica a súa inasistencia e delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3 e 84.4 do Regulamento da Cámara.

Debo comunicarlles que a incidencia —como xa moitos de vostedes saben— dun accidente na autopista provocou que hai unha serie de feridos, entre os cales están dous deputados deste Parlamento, como son don Gonzalo Trenor e Roberto Rodríguez. E hai tamén moitos deputados e deputadas que, como consecuencia disto, teñen un atraso á hora de poder chegar aquí a esta sesión plenaria. Entón, o primeiro é desexarlles unha pronta recuperación aos afectados, a todos os afectados neste accidente.

Logo, isto lévanos a unha alteración, xa pactada e falada entre os portavoces, que consistiría en que en primeiro lugar imos darlle a toma de posesión á nova deputada, logo votariamos, tal como estaba na orde do día, a proposta de secretario ou secretaria da Mesa do Parlamento, logo procederíamos á comparecencia do conselleiro e, posteriormente, substanciaríanse as mocións, co cal queda no aire o que é o texto lexislativo.

Entón, se lles parece, comezamos co primeiro punto.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Nazaret Cendán Gayoso

O PRESIDENTE: Todo isto facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara, polo cal procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía á nova deputada. Segundo o procedemento, a fórmula é contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular. Dona María Nazaret Cendán Gayoso, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

MARÍA NAZARET CENDÁN GAYOSO: Xuro.

O PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestado o xuramento, adquire vostede a condición plena de deputada. Benvida ao Parlamento. *(Aplausos.)*

Elección de secretaria ou secretario da Cámara

O PRESIDENTE: O punto segundo, tal como comentamos, é a elección de secretario ou secretaria da Cámara. Procedemos a esta elección. Prégolle á señora vicesecretaria que efectúe



o chamamento correspondente para que as deputadas e os deputados depositen na urna a papeleta de cor amarela. Lémbrolles que se escribirá só un nome na papeleta e que resultará elixido ou elixida o deputado ou a deputada que acade maior número de votos. *(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Claro, vostede é a que ten que... Entón, que baixe unha vicepresidenta... *(A vicepresidenta, María Elena Candia López: Tamén temos que ir votar nosoutros.) (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Pausa.)

Xa se repartiron as papeletas. Polo tanto, prégolle á vicesecretaria que proceda ao chamamento das deputadas e deputados para que depositen o seu voto. Cando queira.

(A vicesecretaria, Patricia Iglesias Rey, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Todos os deputados e deputadas votaron.

Procedemos ao recuento.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte. Votos emitidos, 63. Votos a favor de don Julio García Comesaña, 36; votos en branco, 27. Polo tanto, con este resultado queda proclamado secretario da Mesa do Parlamento don Julio García Comesaña.

En hora boa. Prégolle que ocupe o asento.

(Aplausos prolongados.)

Entón agora, tal e como comentabamos, pasamos a substanciar a comparecencia.

Comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 14 de xaneiro de 2026

O PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.



Antes de nada, quero desexarlles, aos dous deputados que tiveron un accidente, que non teñan ningunha lesión de importancia, o que motivou esta mudanza na orde do día deste pleno. Que teñan unha pronta recuperación Gonzalo e Roberto.

Comparezo hoxe por petición propia ante o Pleno do Parlamento galego para expor a oposición do Goberno galego en relación coa proposta presentada polo Executivo central para un novo sistema de financiamento autonómico.

Señorías, o primeiro que me gustaría salientar é que o Goberno central repite, case un ano despois, o mesmo esquema que coa proposta da absorción de débeda autonómica por parte da Administración xeral do Estado. Nun primeiro momento, negocia de xeito bilateral unha proposta con Esquerra Republicana, un socio de goberno, para, posteriormente, tentar transparentar este acordo no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, pedindo sen máis a adhesión do resto das comunidades autónomas. Un proceder partidista e opaco que sacrifica a igualdade de todos os españois cun único obxectivo: que Pedro Sánchez compre tempo para seguir na Moncloa. E, para acadalo, o Goberno central non dubida en tentar alterar de xeito substantivo a práctica totalidade de todos os elementos do sistema, sen acordalo antes coas comunidades autónomas: os tributos cedidos e a porcentaxe de cesión, a capacidade tributaria, o cálculo da poboación axustada, a estrutura dos fondos e as regras da nivelación.

¿Por que o Goberno central fai isto? Moi sinxelo: porque, ao igual que sucedeu coa proposta de asunción de débeda das comunidades autónomas por parte do Estado, non está a buscar mellorar o financiamento das comunidades nin mellorar o benestar dos cidadáns, senón o interese persoal do seu presidente para garantir o apoio de Esquerra Republicana nas súas votacións. Pero faino a un alto prezo, porque atendendo primeiro os intereses financeiros dunha única comunidade autónoma, para logo repartir entre as demais o resto, o que quede, racha a igualdade e, por tanto, a solidariedade entre territorios, solidariedade que consagra —como saben— a Constitución Española.

Señorías, cada vez que debatemos este asunto tan importante para o financiamento do estado do benestar temos que lembrar que os impostos os paga a cidadanía, non os territorios, e tamén son as persoas as que teñen dereito a acceder a servizos públicos en condicións homoxéneas. As comunidades autónomas somos tan Estado como o Goberno central e temos obrigas e dereitos establecidos polas leis para acceder ao financiamento axeitado das nosas competencias, de acordo con tres principios legais fundamentais: suficiencia, autonomía e solidariedade. Prestar, en igualdade de condicións, a educación, a sanidade e os servizos sociais é un dereito irrenunciable, e só cun modelo equitativo teremos garantía de que isto se poida facer sen asimetrías discriminantes.

E a estratexia partidista do señor Sánchez de pechar de xeito bilateral cun só territorio o que é de todos aboca —como así se confirmou— a que o Goberno central se vise obrigado a presentar un modelo que xa non podía ser equitativo. E fíxoo con absoluto desprezo a todas as comunidades autónomas, que tivemos que asistir ao bochorno de que o líder inhabilitado de Esquerra Republicana presentase, primeiro, un acordo feito á súa medida, para, un día despois, a vicepresidenta primeira e ministra de Facenda facer o papelón de



confirmar o xa avanzado polo dirixente independentista nunha rolda de prensa e, para logo, nunha terceira derivada, explicar exactamente o mesmo no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Todo o que se podía facer mal fíxose peor. En vez de convocar as comunidades autónomas a unha reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira para pechar nun grupo de traballo un sistema de financiamento con todas as comunidades autónomas e cunha proposta cohesionada e coordinada, primeiro páctase un modelo, nin sequera coa Generalitat de Cataluña, senón co líder dun partido que non está no Goberno de Cataluña, e logo lévase este modelo cociñado ao Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira.

¿Por que se presenta agora neste intre unha reforma do sistema de financiamento, cando o señor Sánchez leva sete anos gobernando, cando se ten atrasado de xeito reiterado e cando dende o ano 2017 o Goberno xa contaba cun informe da comisión de expertos para a súa revisión? A resposta é evidente: porque non lle queda máis remedio ao presidente do Goberno que escenificar unha revisión á medida dos seus socios para non perder o seu apoio, o apoio de Esquerra Republicana, tras tres anos de prorrogas orzamentarias —aínda que, polas posicións manifestadas por cada grupo parlamentario, hoxe en día non teña moitas posibilidades de ser aprobada no Congreso—.

E, curiosamente, formula esta proposta en medio de tres procesos electorais —Aragón, Castela e León e Andalucía—, a través dunha ministra que pretende ser xuíz e parte, pois en poucos meses será candidata socialista en Andalucía, o cal resulta, polo menos, dunha ética cuestionable. De feito, non pode ser unha sorpresa que, tanto na proposta da asunción de débeda por parte do Estado como da revisión do modelo de financiamento autonómico, Cataluña e Andalucía sexan as autonomías destinatarias de máis recursos.

Esta é a primeira vez que algún goberno se atreve a tanto. Por unha banda, a vender a igualdade entre españois para comprar tempo na Moncloa e, por outra, a que unha ministra de Facenda tome decisións no seu cargo para favorecer a súa candidatura electoral. (*Aplausos.*) Como digo, é algo inaudito, sen precedentes na historia do Estado das autonomías e que rompe os equilibrios do deseño do financiamento das comunidades autónomas que desexa a Constitución e a LOFCA. E, claro, estes procedementos estaban así por algo: porque unha negociación bilateral previa condiciona o resultado final deste financiamento.

Por tanto, a ninguén pode estrañarlle que tamén sexa a primeira vez que todas as comunidades autónomas, independentemente da cor política —todas, insisto—, rexeitamos en bloque esta proposta de modificación do sistema de financiamento autonómico —todas, agás unha, evidentemente—. É inaudito que o Goberno presentase unha reforma de costas ás comunidades autónomas e que se pretenda aprobar co rexeitamento expreso de todas elas no Consello de Política Fiscal e Financeira agás de unha, como dicía. A bilateralidade non é o camiño axeitado; non é a primeira vez que o dicimos. Así llo deixamos claro todos os conselleiros de Facenda á ministra na última reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira, convocada sen interese ningún de chegar a ningún acordo, sen achegar datos novos —nin un só o número— e logo de anunciar días antes a reforma en rolda de prensa. Si, señorías, no Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira aos representantes das comunidades au-



tónomas, aos lexítimos representantes, aos conselleiros de Facenda, non se lle achegou nin un número, ningún dato adicional aos manifestados na rolda de prensa do venres previo.

A bilateralidade non foi o camiño axeitado na proposta da exención de débeda das comunidades autónomas por parte do Estado, e tampouco na revisión do sistema de financiamento autonómico. E, por tanto, señorías, esta postura unánime en contra non é a consigna dun partido, como pretende facer ver á ministra; é o resultado previsible dunha proposta —reitero— feita á medida dun socio de goberno, e que loxicamente supón un agravio para todas as demais comunidades autónomas de réxime xeral, que se deixan á parte como un segundo prato.

Porque o que de todos tense que repartir entre todos con criterios de equidade, liberando recursos e blindando a solidariedade interterritorial para que calquera español, con independencia do seu lugar de residencia, poida acceder a uns servizos públicos en igualdade de condicións. Fronte a isto, e por primeira vez na historia da nosa democracia, o Goberno central substitúe a solidariedade pola ordinalidade. E isto, ¿que supón cando estamos a falar do financiamento autonómico? Que as comunidades autónomas reciban recursos en proporción á súa capacidade tributaria, á súa capacidade para recadar impostos, por primeira vez —insisto— na historia do sistema de financiamento. E isto, ¿que implica? Isto implica que as comunidades autónomas máis ricas deberán seguir tendo máis recursos per cápita que as menos ricas, independentemente das súas necesidades, algo que xerará máis desigualdade entre as comunidades que precisan máis financiamento, como é o caso de Galicia. É un argumento tan progresista que a ministra Montero non foi quen de explicalo e o despachou cun discurso contraditorio no que tivo que recoñecer que a proposta do Goberno non recolle o principio de ordinalidade explicitamente, pero que vai cara á ordinalidade, e que este principio beneficia Cataluña e non beneficia o resto das comunidades autónomas —quen queira entendelo, que entenda—. Tratou de tapalo coa promesa de máis recursos para todas as comunidades autónomas, o cal, por certo, non é ningunha novidade, pois garantiuse en cada un dos novos sistemas de financiamento autonómico aprobados ata a data de hoxe.

Este é o resultado lóxico cando un goberno ten como socios uns partidos soberanistas aos que non lles importan o máis mínimo —máis ben ao contrario— os mandatos constitucionais e as regras de financiamento das comunidades autónomas de réxime xeral, que fixan os principios de igualdade e solidariedade e que determinan que o financiamento das comunidades autónomas se debe deseñar no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, como ten acreditada a xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Señorías, esta proposta muda por completo o espírito do sistema de financiamento autonómico, pois, por primeira vez, non se basea nas necesidades de gasto das comunidades autónomas, senón que o modelo pivota sobre a capacidade tributaria, como acabo de sinalar. Isto racha o recollido por todos os sistemas de financiamento autonómico aprobados ata a data, que, con maior ou menor acerto, sempre garantiron a solidariedade interterritorial que establece a Constitución. Pola contra, a proposta do Goberno central baséase na capacidade fiscal, en liña co principio de ordinalidade recollido no Estatuto catalán. Este deseño feito a priori provoca un problema de desigualdade á hora de repartir os cartos adicionais, penalizando especialmente Galicia.



Señorías, todo o dito ata o de agora sería máis que suficiente para que calquera grupo parlamentario galego rexeitase rotundamente esta proposta. Pero o agravio coa nosa comunidade autónoma é aínda maior, pois a formulación do Goberno de España é mala para o conxunto das comunidades autónomas, pero é pésima para Galicia. En primeiro lugar, porque o criterio de poboación axustada —como acabamos de ver— pasa a un segundo nivel e non se atenden —senón todo o contrario— os principais factores que incrementan o custo de prestación de servizos esenciais na nosa comunidade autónoma. Se en algo existe consenso en Galicia é que a revisión debe deseñarse con base nas necesidades de gasto e ponderar mellor a dispersión e o avellentamento, porque —insisto— son dos factores que máis encarecen a prestación dos servizos públicos na nosa comunidade autónoma. A revisión pactada entre Sánchez e Junqueras fai todo o contrario: rebaixa a ponderación tanto da dispersión como do avellentamento e, por tanto, é moi prexudicial para a nosa comunidade autónoma. Vexamos isto con algúns datos:

Máis do 50 por cento das entidades singulares de poboación do Estado —como saben— concéntranse en Galicia, mentres que a súa superficie representa apenas un 5,8 por cento do territorio —50 por cento de entidades singulares; 5,8 por cento do territorio—. Esta dispersión obriga a dispor dun maior número de infraestruturas e servizos de proximidade: centros de saúde de atención primaria, gardarías, escolas de educación primaria, centros de día etcétera. E tamén exige a prestación de servizos en escalas inferiores aos limiares medios da eficiencia, o cal incrementa os custos unitarios debido ao reducido tamaño das instalacións e da poboación atendida. Algúns exemplos do que implica isto poden ser que Galicia, para poder prestar o servizo de atención primaria á súa poboación, necesita contar case co triplo de centros de saúde que o resto das comunidades autónomas de réxime común: 147 centros de saúde por cada millón de habitantes, fronte aos 57 de media da media nacional; ou que en Galicia precisamos 712 médicos de familia por cada millón de habitantes para dar cobertura a toda a poboación, mentres que no resto das comunidades autónomas chega con 637 médicos de familia por millón de habitantes; ou que en Galicia o 43,2 por cento dos centros educativos teñen menos de cen alumnos, cifra moi inferior á media das comunidades autónomas nas que a *ratio* baixa máis de 10 puntos ata o 32 por cento.

Ademais, as nenas e nenos galegos utilizan o transporte escolar máis que o resto das comunidades autónomas, e, así, o gasto en transporte escolar de Galicia representa o 18,4 por cento do total. Tendo algo máis do 5 por cento da superficie das comunidades autónomas, o gasto en transporte escolar representa máis do 18 por cento do gasto total, cifra que se multiplica ao dobre, alomenos, nas provincias do interior, en Lugo e Ourense.

Outro sobrecusto que presenta Galicia na prestación de servizos públicos da súa competencia respecto das outras comunidades autónomas é que a súa poboación —como é sabido— está moito máis avellentada. Mentres no resto das comunidades autónomas de réxime común a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total representa o 20 por cento, en Galicia a dita *ratio* elévase ao 26,9 por cento, case sete puntos máis. Este maior envellecemento relativo da poboación provoca un evidente sobrecusto, sobre todo en todos aqueles servizos relacionados coa sanidade e a dependencia, competencias exclusivas da comunidade autónoma —como saben—. Vexamos aquí tamén algúns exemplos dos maiores custos que xera este avellentamento:



O gasto en farmacia dos maiores de 65 anos supón un custo 6,2 veces superior ao xerado polos menores de 65 anos, e o gasto dos maiores de 75 anos supón un gasto 7,4 veces superior a dos menores de 65 anos. O gasto en atención hospitalaria dos maiores de 65 anos é case o triplo —2,8 veces máis— do dos menores de 65 anos, e tamén ten impacto á hora de frecuentar a sanidade primaria. Así, as consultas de atención primaria en Galicia teñen unha frecuencia media de 9,6 consultas por persoa, mentres que no resto das comunidades autónomas de réxime común é de 7,9 consultas por persoa. Se Galicia tivese a mesma *ratio* que o resto das comunidades autónomas, o número de consultas diminuíría en 4,4 millóns de consultas ao ano, máis dun 17 por cento do total.

Señorías, con estes exemplos, Galicia en ningún caso podería aceptar un sistema de financiamento autonómico que, en lugar de ponderar mellor a dispersión e o avellentamento, rebaixen o seu peso, como sucede coa formulación presentada polo Goberno central, pois, no caso da dispersión, a proposta do Ministerio de Facenda rebaixa nun dezaseis por cento o seu peso, e, no caso do avellentamento, un dezaioito por cento. O Goberno de España reduce o peso das dúas variables que implican un maior factor de custo na prestación dos servizos públicos en Galicia, xusto o contrario do que precisa a nosa comunidade autónoma e do que demandamos con reiteración tanto nas comparecencias do Goberno no Consello de Política Fiscal e Financeira como neste propio Parlamento, neste caso por todos os grupos parlamentarios.

En segundo lugar, para acadar os números previamente acordados —os números que se presentaron a semana pasada—, o Goberno central retorce as variables e crea dous novos fondos discrecionais —marca da casa da ministra Montero— que tamén prexudican especialmente Galicia. Así, sácase da manga un fondo vencellado ao cambio climático, no que dúas terceiras partes dos recursos previstos van ás comunidades mediterráneas, como se aquí non tivéssemos problemas de cambio climático —e hoxe é un bo día para exemplificar isto—, e inclúe outro fondo sobre o IVE das pemes do que curiosamente Cataluña leva o oitenta por cento do total, e Galicia, cero euros. O resultado para Galicia non pode ser máis desalentador: dos 3.500 millóns de euros destes dous fondos absolutamente discrecionais que crea a ministra, Galicia recibe tan só 40 millóns de euros, pouco máis do un por cento. É unha tomadura de pelo, como diría eu mesmo ou calquera dos membros deste Parlamento. *(Aplausos.)*

En terceiro lugar, é unha proposta que non achega suficientes recursos para Galicia, xa que os anunciados 587 millóns de euros que se prevén para a nosa comunidade autónoma supoñen tan só o 2,8 por cento dos ingresos adicionais totais —20.975 millóns de euros—, cando Galicia supón o 6 por cento da poboación das comunidades de réxime común ou o 6,5 por cento da poboación axustada destas comunidades de réxime común. Por tanto, a conclusión é que achega menos da metade de recursos do que nos correspondería no propio escenario formulado polo Goberno central, que —como dicía antes— non nos gusta nada. E cun engadido, pois estes 587 millóns de euros non serían na súa totalidade adicionais —novo *trampantojo* da ministra—, xa que algúns xa proveñen impostos que están hoxe nos orzamentos que aprobamos este ano, financiando a sanidade, a educación e as políticas sociais. Estoume a referir aos impostos de patrimonio, de depósito de residuos e vertedoiros, de incineración de residuos —o IDIRES—, o imposto sobre o xogo online e o imposto sobre depósitos bancarios; uns impostos que suman, en total, 182 millóns de euros na nosa co-



munidade autónoma, polo que, descontada esta contía, que non é adicional, que xa está hoxe nos orzamentos da Comunidade Autónoma financiando as políticas de gasto autonómicas, o incremento real para o ano 2027 non serían nin sequera eses 587 millóns de euros, senón que apenas acadaría os 400 millóns de euros.

Señorías, para facernos unha idea da insuficiencia de recursos desa proposta, eses 400 millóns de euros calculados, non para este ano, senón para o ano 2027, serían unha contía inferior ao custo da aplicación dos acordos retributivos acordados polo Goberno central a finais do mes de decembro para os anos 2025, 2026 e 2027, que son —como saben— normativa básica e que debemos aplicar. Pois apenas chegan eses 400 millóns de euros para pagar simplemente este incremento da masa salarial. ¿Con que imos financiar o aumento da prestación dos servizos da dependencia ou os sobrecostos que supón a sanidade pública galega?

Outro claro exemplo de que Galicia non pode aceptar esta formulación do Goberno central é o cuarto punto que vou sinalar. Tampouco é unha proposta xusta, en definitiva, para a nosa comunidade autónoma, posto que pasaría de estar nunha posición algo mellor que a media actualmente en termos de financiamento por habitante axustado a estar á cola do financiamento por habitante axustado de todas as comunidades autónomas. E isto tamén é unha novidade do sistema: nunca na historia do Estado das autonomías Galicia tivo un financiamento por habitante inferior á media das comunidades autónomas. Co actual modelo, Galicia está no índice 103 ou 104, sobre unha media de 100, lixeiramente por enriba desa media —é de feito a comunidade autónoma que está máis próxima á media—, e, con esta proposta, pasaría ás últimas posicións, nun 96 ou 97 por cento.

E a estas catro cuestións que penalizan especialmente a Galicia —primeiro, o menor peso na ponderación da dispersión e o avellentamento; segundo, a creación de dous fondos discrecionais dos que Galicia apenas recibe o un por cento; terceiro, recursos insuficientes e menos dos que se din, e cuarto, pasar de estar cun financiamento levemente superior á media por habitante axustado a estar nas últimas posicións— hai que engadir que esta previsión se está a facer nun bo movemento recadatorio —en cifras récord, como diría a ministra—, co risco certo de que, cando mude o ciclo e estes recursos, estes ingresos, se moderen, estes apenas 400 millóns de euros para o ano 2027 que anuncia a ministra mudarán nunha contía negativa para financiar os servizos públicos fundamentais, porque este financiamento non se achega con ningunha fonte adicional de financiamento, senón simplemente cos maiores recursos que trae o ciclo económico —como tamén dixo a ministra—.

A conclusión é que Galicia, coa proposta do Goberno central, pasaría a estar peor financiada que nunca. Insisto: pasaría por primeira vez na historia das comunidades autónomas a estar na cola do financiamento por habitante axustado. E isto é así porque con esta proposta gañan as comunidades máis ricas e perden todas as demais, especialmente Galicia. ¿Por que? Porque é un modelo que se basea na capacidade tributaria; é un primeiro paso para un cupo. Deste xeito, situaríanse por enriba da media os territorios con maior potencia recadatoria: Cataluña, Madrid e Baleares, o que implicaría que estivésemos ante un primeiro paso para un sistema de financiamento para repartir exclusivamente por ingresos —como dicía antes, o máis próximo ao que se chama un cupo—.



E non só o dicimos no Goberno galego; estas apreciacións son algo xeneralizado. Por citar algunhas das avaliacións que xa se coñecen no día de hoxe, o Foro Económico advirte de que a proposta de reforma do sistema de financiamento autonómico deixa mal, tirando a moi mal a comunidade, e eleva a 900 millóns de euros o que se deberían incrementar os recursos para Galicia, porque os galegos gañan moito menos que a media. Estamos a falar da opinión do director deste organismo, Santiago Lago, que foi o representante de Galicia na comisión de expertos que participou nos traballos para esta revisión do sistema de financiamento.

Por outra banda, o director de Fedea, un dos maiores expertos en financiamento autonómico, Ángel de la Fuente, que tamén compareceu na comisión sobre financiamento que se organizou nesta casa, advirte de que a reforma do Goberno está ideada para contentar Cataluña e tamén indica que os fondos novos son fondos de dubidosa xustificación e que reintroducen a arbitrariedade no modelo. Sobre o fondo climático sinala: «É máis un brindado ao sol que unha ferramenta útil para loitar contra o cambio climático e as súas consecuencias», e sobre o fondo IVE pemes, di: «É unha imaxinativa escusa que busca o Goberno para dar a Cataluña unha xugosa previa de financiamento á conta do IVE das pemes societarias». Tamén amosa a súa preocupación polo risco de trocear o sistema de xestión tributaria, porque entende que se cada comunidade comeza a recadar e a ingresar os cartos, como mínimo, isto faría moito máis difícil o control e a loita contra a fraude e perderíanse as economías de escala da Axencia Tributaria. Trátase de opinións autorizadas, pois son persoas que coñecen moi ben o funcionamento do sistema de financiamento autonómico.

Señorías, perante esta situación todos temos que retratarnos. No Goberno galego témolo claro: rexeitamento absoluto dunha proposta que supón un agravio para a nosa comunidade autónoma e que non garante un financiamento suficiente para prestar os servizos públicos da nosa competencia. ¿Cal é a posición dos grupos da oposición? Os socialistas galegos —igual que fan sempre—, nun primeiro intre, non dubidaron en poñerse do lado do señor Sánchez antes que defender Galicia —desgraciadamente xa estamos acostumados—. Pero, claro, co paso dos días e unha vez que todos puidemos analizar os datos con máis calma, ao PSdeG non lle quedou máis remedio que emendarse a si mesmo. E agora xa falan de que se poden mellorar as contías ata case o dobre. ¡Sexamos serios! Os cartos son os que son e, se todas as comunidades autónomas puidesen dobrar a proposta anunciada, non daría para todas, señor Besteiro.

Señor Besteiro, é un modelo no que Galicia ten unha capacidade de mellora mínima, precisamente porque está totalmente condicionado polas exixencias de Esquerra Republicana. Como dicía antes, primeiro fixouse a contía por Esquerra, e logo, a partir de aí, hai un xogo de suma cero e tócanlle os restos ao resto das comunidades autónomas. Ademais, a propia arquitectura do modelo —cos fondos discrecionais que acabo de sinalar— fai moi difícil estes cambios, por non dicir case imposibles. Por tanto, non se trata de xogar a ver quen di unha cifra ou outra, senón de retirar unha proposta que naceu para garantir só unha cifra e de deseñar unha nova proposta que sexa válida para todas as comunidades autónomas.

En canto ao grupo do Bloque Nacionalista Galego, seguen apostando por unha fórmula, por un modelo radicalmente distinto —o modelo do cupo— que aínda implicaría menos recursos, tal e como quedou acreditado polos expertos que acudiron tamén a este Parlamento. Neste senso, de novo o señor Lago, na súa avaliación da reforma do Goberno, alertou de que



un sistema de cupo sería particularmente pernicioso para a nosa comunidade autónoma. Ao respecto, quero lembrar que os cálculos dos expertos sinalan que, de xeneralizarse o modelo do cupo en España, Galicia non só non gañaría recursos, senón que podería perder ata 2.000 millóns de euros ao ano.

Ante este escenario, o Goberno galego fixo o que tiña que facer. Acudimos ao Consello de Política Fiscal e Financeira expoñer a opinión de Galicia en relación co financiamento autonómico, e fixémoslo defendendo a posición de país pactada neste mesmo Parlamento, defendendo os intereses dos galegos e das galegas. Trasladamos á vicepresidenta e ministra de Facenda neste foro que esta proposta é inaceptable para a nosa comunidade autónoma porque prexudica a evolución futura dos recursos que precisamos para prestar en igualdade de condicións os servizos públicos da nosa sanidade, (*Aplausos.*) da nosa educación e das nosas políticas sociais.

Pedimos que se retire esta formulación prexudicial para Galicia, e que, a continuación, deseguido, se presente outra proposta na que todas as comunidades autónomas —non só os supostos representantes dunha; ¡teñamos a capacidade de negociación entre todas!— sexamos quen de ter un financiamento equitativo e na que calquera cidadán poida recibir servizos públicos de calidade con independencia da comunidade onde resida. E, para que isto sexa posible, non se pode chegar a aprobar o pacto de Sánchez e o señor Junqueras, que racha a igualdade e a solidariedade e que —insisto— prexudica en especial a nosa comunidade autónoma. Por iso reitero que é preciso que o Goberno central rectifique, que retire unha proposta que conta co rexeitamento total das comunidades autónomas, que son as que teñen que garantir a prestación dos servizos públicos fundamentais e non fundamentais —como vimos este mesmo verán—, e que na nova formulación se aborde de verdade o cómputo do gasto real de cada territorio —canto nos custa a cada comunidade autónoma prestar estes servizos diferenciais—, porque algunhas temos custos diferenciais, e só así garantiremos un sistema de financiamento equitativo e solidario, negociando no foro multilateral que corresponde, no Consello de Política Fiscal e Financeira.

Ademais, hai que ter en conta que, con esta formulación, o pouco que tiña falado o Ministerio de Facenda coas comunidades autónomas —aínda que fose por fascículos— non se cumpre. Nada do formulado nin coas figuras tributarias, nin coa poboación axustada, nin cos fondos incluídos nesta proposta se corresponde cos traballos previos para abordar a revisión do modelo. Seguramente porque nestes traballos previos a comunidade que agora impón esta proposta nin sequera participou; non se dignaba a falar en termos de igualdade, cando gobernaban os soberanistas, co resto das comunidades autónomas.

E por suposto que si que nos podemos poñer de acordo as comunidades autónomas, por suposto que todas teremos que ceder. Temos o exemplo propio da Declaración de Santiago. No ano 2021, oito comunidades autónomas —Galicia, Asturias, Aragón, A Rioxa, Cantabria, Castela e León, Estremadura e Castela-A Mancha—, con diferentes partidos gobernando en cada territorio, fomos quen de, con xenerosidade e altura de miras, pactar uns mínimos comúns en favor dun ben común superior. É xusto o contrario do que está a facer o Goberno central, que pacta de xeito bilateral cun único partido socio de goberno, que se arroga as funcións do goberno —inaudito tamén— dunha comunidade autónoma, Cataluña, para de-



fender a súa idea de sistema de financiamento, sacrificando o ben común do resto das comunidades autónomas.

O Goberno galego vai defender sempre os intereses da nosa comunidade, pero sendo conscientes de que, se todos cedemos un pouco e buscamos un acordo sensato, podemos chegar a un grande acordo no que ningunha comunidade autónoma estea plenamente satisfeita pero no que —esta vez si— todas sairíamos gañando. Neste momento, pasa xusto o contrario: hai unha comunidade autónoma satisfeita e o resto está en desacordo con esta proposta. Por tanto, dende o Goberno galego, avogamos por volver ao espírito da Declaración de Santiago e fixar uns mínimos comúns para ter un mellor sistema de financiamento autonómico para todas as comunidades autónomas. Dicímolo sempre: Galicia non quere ser máis ca ninguén pero tampouco acepta ser menos ca ninguén. E, no camiño de fixar estes mínimos comúns, está tamén a recente Declaración de Zaragoza, que coincide co que pide a Xunta de Galicia: rexeitar a proposta bilateral actual e defender un modelo que cubra os servizos públicos, acordado de xeito multilateral no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira. Esa alternativa propón un sistema deseñado con base nas necesidades de gasto, algo moi importante para Galicia, tendo en conta a dispersión e o avellentamento, os dous factores que máis encarecen na nosa comunidade autónoma a prestación dos servizos públicos e que a proposta do Goberno central rebaixa —como xa expliquei—.

E, ¿cal é a situación agora? O que está claro é que Galicia e o resto das comunidades autónomas precisan un novo sistema de financiamento autonómico con máis recursos e que naza dun principio fundamental e irrenunciable, tendo presente que o que é de todos os españois se ten que repartir entre todos os españois, mudando a bilateralidade por multilateralidade, mudando a ordinalidade por solidariedade e mudando a chantaxe por negociación. *(Aplausos.)*

Dende a Xunta de Galicia somos conscientes de que o actual sistema non foi capaz de adaptarse aos cambios económicos, demográficos e sociais dos últimos quince anos nin de absorber o impacto da crise financeira e pandémica, que provocaron un incremento estrutural do custo dos servizos públicos fundamentais. De xeito especial, o custo da sanidade pública, ao que Galicia dedica máis recursos que nunca —practicamente a metade do todo o orzamento autonómico—, ten que contar cunha especial atención no futuro modelo. Por iso, a peor solución sería que esta urxencia de maiores recursos se resolvese en función dos intereses do grupo soberanista que está a condicionar esta proposta de financiamento, en detrimento do que precisamos o resto das comunidades autónomas e, singularmente, Galicia, que —reitero— sae especialmente prexudicada coa proposta do Goberno socialista.

Ante este escenario, pido a unión de todos os grupos parlamentarios para traballar xuntos por que esta formulación non saia adiante, porque a súa aprobación levaría a incrementar os desequilibrios entre as comunidades autónomas en lugar de corrixilos. A única receita válida para evitar unha España asimétrica de dúas velocidades será pactar entre todos un modelo tras unha avaliación rigorosa e transparente e con simulacións comparables sobre o custo real da prestación dos servizos en cada territorio.

Galicia tampouco está disposta a que, polas ansias de avanzar cara á independencia fiscal que reclaman as forzas soberanistas, se nos empuxe as demais comunidades a unha suba



de impostos que asfixie máis a cidadanía e as empresas. Por iso, a Xunta defenderá a autonomía fiscal das comunidades autónomas, e se o Goberno central pretende repoñer o imposto de sucesións, subir o IRPF ou incrementar o imposto de transmisións patrimoniais, rexeitarémolo con rotundidade.

En Galicia temos un modelo fiscal propio, responsable, solidario e competitivo, froito de anos de traballo rigoroso e de esforzo colectivo. O novo modelo debe premiar a boa xestión e non o despilfarro, pois a responsabilidade fiscal e a xestión eficiente do gasto son piares inseparables dun sistema de financiamento xusto e sostible no tempo.

O camiño que tomou o Goberno socialista ameaza a cohesión e a solidariedade e racha a igualdade que protexe a Constitución Española. Fronte a esta deriva, a revisión do sistema debe proporcionar suficiencia, estabilidade, equidade, corresponsabilidade, igualdade e seguridade xurídica. Ao contrario que Pedro Sánchez, o Goberno galego aposta polo traballo de todas as comunidades autónomas —iso si— en pé de igualdade e con cooperación. Para que isto sexa posible, o Goberno central ten que rectificar, escoitar a opinión de todas as comunidades autónomas e responder todas as súas demandas; non só as dun territorio, porque no Consello de Política Fiscal e Financeira quedou claro que todas as comunidades autónomas queremos traballar xuntas para construír un mellor Estado das autonomías e prestar mellores servizos a todos os cidadáns de cada comunidade autónoma. Como en todo o que fai o señor Sánchez, está usando un asunto vital para as comunidades autónomas, para todos os cidadáns, de xeito partidista e como unha ferramenta política en beneficio propio.

Señorías, vou rematando. O Goberno galego mantén a coherencia nun asunto vital para o financiamento da nosa comunidade autónoma e, polo tanto, para o financiamento das nosas políticas de gasto. A posición do Goberno galego, reiterada hoxe, é a mesma de sempre; non mudamos, porque os factores que implican un maior gasto para garantir os nosos servizos públicos tampouco o fixeron, tampouco mudaron. Galicia precisa un sistema que atenda de verdade os custos da prestación de servizos na nosa comunidade, que obxectivamente son máis custosos, sobre todo pola dispersión —como xa documentei abundantemente—, única en España, pois concentramos a metade dos núcleos de poboación de todo o Estado, e tamén polo avellentamento, cunha taxa de poboación maior de 65 anos sensiblemente superior á media. O actual modelo non achega suficientes recursos a Galicia, porque, sobre todo, o efecto da dispersión non está suficientemente ponderado; redúcese.

Dito isto, o obxectivo común ten que ser contar cun mapa de servizos e cuantificar ben o custo en cada territorio, e que o resultado permita que calquera cidadán, con independencia de onde resida, reciba un financiamento equivalente, porque —como teño dito moitas veces— hai que financiar persoas; non territorios. Iso si, somos conscientes de que hai que buscar alianzas e favorecer consensos, porque non queremos un financiamento á carta para ningún territorio. Neste escenario, desde o Goberno galego, mantémonos nunha folla de ruta clara da que non nos afastamos e que é a que maioritariamente defenden os expertos que pasaron pola comisión creada para o efecto por este Parlamento. E facémolo convencidos de que este é o camiño, porque non queremos que haxa gañadores e perdedores, senón un financiamento —insisto— equivalente que cubra a prestación de servizos en cada territorio, coas súas características, de xeito estable e suficiente.



Señorías, entenderán agora porque na miña comparecencia de marzo do ano pasado reclamaba desde Galicia un cambio de rumbo do Goberno central para priorizar o importante e inverter a orde de asuntos a tratar. Primeiro, a revisión do sistema de financiamento autonómico, máis recursos para financiar as políticas públicas de Galicia; e, despois, unha posible solución para as comunidades autónomas máis endebedadas como elemento de peche para que todas se poidan financiar nos mercados. Dez meses despois, demóstrase que Galicia tiña razón, porque estas dúas decisións do Goberno central, motivadas polo interese partidista e para contentar os seus socios soberanistas, prexudicaron en especial a nosa comunidade autónoma. O resultado numérico é moi revelador: os galegos aumentan a súa débeda global, grazas a esta proposta de asunción de débeda, en 600 millóns de euros; pola contra, aos cataláns rebáixanlles a súa débeda global en 3.300 millóns de euros. E agora vén a segunda fase: logo de entregar a nosa solvencia financeira en forma de menos endebedamento, agora lámínanos o financiamento. En Galicia, pasamos a recibir 305 millóns de euros menos que a media, e Cataluña, por exemplo, pasa a recibir 1.561 millóns de euros máis de financiamento autonómico sobre a media. En total, 4.861 millóns de euros de saldo positivo para Cataluña e 905 millóns de euros de saldo negativo para Galicia. E logo temos que oír que se tratan todas as comunidades autónomas por igual. *(Aplausos.)*

¿Ven como si que era importante a orde dos factores?, ¿ven como era importante, primeiro, negociar o mellor sistema de financiamento para a comunidade autónoma galega e, logo, pechar unha mellor solvencia para todas as comunidades autónomas máis endebedadas? ¿Como pode haber algún dirixente galego que apoie este agravio? Por iso, o único camiño aceptable para Galicia é que o Goberno central retire esta proposta de financiamento, especialmente prexudicial para a nosa comunidade por todo o dito.

Lamentablemente, os precedentes non nos fan ser optimistas, pois ao actual Goberno central tan só lle interesa un acordo cos seus socios e non chegar a un consenso con todas as comunidades autónomas para defender os intereses dos cidadáns, algo imprescindible para garantir un modelo duradeiro. Se non se retira esta proposta, agardamos que non acade os apoios suficientes para saír adiante nas Cortes Xerais, porque precisará a modificación dunha lei orgánica e dunha lei. Un sistema de financiamento apoiado por tan só unha comunidade fronte ao rexeitamento de todas as restantes nacería morto e, irremediabilmente, estaría abocado ao fracaso. E as comunidades autónomas, polo xeral, e Galicia, en particular, precisan con urxencia un novo sistema de financiamento equitativo, estable e suficiente para que calquera cidadán, viva onde viva, reciba uns servizos públicos de calidade.

Pido de novo aos grupos parlamentarios desta Cámara que renoven o apoio á Xunta para defender a posición de país pactada para evitar un novo agravio do Goberno central á nosa terra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa rolda dos grupos. *(Pausa.)*

Infórmame o voceiro do Grupo Parlamentario Mixto que renuncia á súa intervención.



E pasamos entón á voceira do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, o que desexamos é a pronta recuperación dos nosos compañeiros do Partido Popular con todo o noso sincero agarimo.

Señor conselleiro, hoxe comparece nesta Cámara para dar conta da última reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira, na que o Goberno de España presentou unha proposta de novo sistema de financiamento para todas as comunidades autónomas de réxime común. Polo menos, nese consello non lle deu plantón á ministra, aínda que, dende o Grupo Socialista, pensamos que realmente se converteu vostede nun convidado de pedra para o país. E convén dicilo dende o inicio —porque sabe ben que non me vai calar—: non estamos ante unha reunión calquera, señor Corgos; estamos ante a primeira proposta real de reforma do sistema en máis de trece anos; trece anos dun modelo caducado, trece anos nos que o PP gobernou España e non fixo absolutamente nada. *(Aplausos.)*

O primeiro feito: hoxe, por primeira vez en moito tempo, hai algo moi concreto enriba da mesa, unha proposta formal, máis de 21.000 millóns de euros postos enriba da mesa; con cifras, con números, con metodoloxía, con métrica —que tanto lle gusta— e con impacto para Galicia. E iso xa marca unha diferenza substancial, señor conselleiro, porque, mentres o Goberno de España presenta unha proposta —que pode ser negociada, pode ser mellorada—, a Xunta de Galicia segue sen presentar ningunha proposta. Non hai un documento propio con cifras —que coñezamos—, non hai un modelo galego, non hai posición coñecida e nin sequera hai as conclusións da Comisión de estudo do sistema de financiamento autonómico que se constituíu aquí neste hemiciclo. ¿Onde están esas conclusións, señor Corgos? Todo o que lle relato, señor conselleiro, é unha anomalía política moi, moi grave.

Vostedes gobernan dende hai dezasete anos na Xunta de Galicia, e realmente ogallá non fose así, pero nós somos tremendamente respectuosos co xogo democrático; non como ese galego en Madrid, que non foi presidente porque non quixo e que deu a orde hoxe de votar no Congreso dos Deputados en contra do escudo social: en contra de revalorizar as pensións para os galegos e as galegas, tamén en contra do bono da gratuidade dos transporte e en contra dos desahucios nas vivendas ás persoas máis vulnerables.

Pero si, o país vai ben, porque hoxe cumprimos a cifra récord: estamos por debaixo do dez por cento da taxa de desemprego por primeira vez dende o ano 2008, señor Corgos. *(Aplausos.)* España vai ben, *(Aplausos.)* e a Galicia vaille ben o Goberno socialista que preside Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

E despois está o que fai vostede, que realmente é un seguidismo vergoñento das ordes de Génova 13. Eu digo: «Silencio e obediencia debida», esa é a frase do Goberno galego. ¿Por que? Porque non sabemos a proposta que ten o Goberno galego. Vén aquí dar conta do que dixo a ministra no Consello de Política Fiscal, pero respecto a Galicia, ¿que propuxo? Señor



Corgos, ¿que propuxo? Eu pregúntolle, e poderame contestar na seguinte quenda de intervención. ¿Defendeu con argumentos a proposta?, ¿defendeu rexeitala con números e como métrica —que tanto lle gusta—?, ¿defendeu melloralala?, ¿defendeu reforzar o peso da dispersión e o avellentamento na poboación axustada?, ¿defendeu tamén con cifras máis recursos para Galicia? ¿Onde está o Excel, señor conselleiro? Ou, señor conselleiro, ¿limitouse a dicir «non» coa frase de que é un modelo precociñado para Cataluña? Curiosamente é a mesma frase que repetiron os seus homólogos, conselleiros e conselleiras das comunidades autónomas gobernadas polas do Partido Popular. ¡Iso si que son ordes da calle Génova que resultan ben, señor Corgos!, ¡«modelo precociñado»!.

O que lle pasou dígollo eu: volveu poñerse o gorro de asesor económico do PP, señor Corgos, en vez do gorro de conselleiro de Facenda de todos os galegos e galegas, con independencia de que os votasen ou non. Por iso, a sensación que queda é algo moi grave: Galicia quedou sen voz no Consello de Política Fiscal e Financeira e o Goberno galego, sen proposta. E iso é moi grave —como lle digo—.

Logo está a incoherencia histórica, porque cando o PP goberna o Goberno de España —iso si— pactaban. ¡Cinismo, saquemos a careta de hipocrisía! Negociouse o sistema da reforma do financiamento en 2001, cando gobernaba Aznar —¿recorda, señor Corgos? Aznar falaba catalán na intimidade—. Aznar pactou con Pujol o Pacto do Majestic; pactou cos vascos e os cataláns, e non pasou nada, España non se rompeu, o Estado non se afundiou. Pero, agora, cando o PP non goberna e cando quen presenta unha proposta é o Goberno socialista, negociar convértese en traizón para o país. Iso é incoherencia e iso é oportunismo político de libro.

Pero imos ser serios. ¿Que propón o Goberno de España, nesta proposta enriba da mesa con números e cifras, señor Corgos? Pois mire —voullo dicir—, máis cartos: 21 millóns de euros máis para o conxunto das comunidades autónomas de réxime común. ¡Ningunha, ningunha comunidade autónoma perde recursos respecto ao sistema actual! É un sistema solidario e equitativo entre territorios. Redúcense á metade as diferenzas de financiamento por habitante entre territorios, refórzase o autogoberno fiscal das comunidades autónomas aumentando a cesión dos impostos: o IRPF, do 50 ao 55 por cento; do IVE pasamos ao 56,5 por cento na recadación. E non hai concerto económico, señor Corgos espero que xa estea descartado, como dicía nas súas comparecencias hai dous meses, que falaba. E, ¿onde está a ordinalidade, señor Corgos, na proposta do Goberno de España? Porque eu non a vin, señor Corgos; non sei se viu vostede algo diferente. Proponse, incluso —sábeo ben— desvincular as entregas á conta a Galicia se se acolle ao sistema de caixa compartida. ¿Que van facer? Se se acollen, Galicia poderá recibir os ingresos de IRPF de maneira simultánea e non esperar tres anos á liquidación dos anticipos á conta. ¿Que vai facer?, ¿vai aceptalo, señor Corgos?

Hai un sistema común, multilateral e negociable no que se atenden as singularidades propias da Comunidade Autónoma. ¡Claro que hai que negociar! Galicia ten singularidades diferentes de Cataluña, de Valencia, de Madrid, de Andalucía..., somos diferentes. ¡Hai que gobernar e sentar cara a cara!, o señor Rueda, ten que sentar cara a cara negociar as singularidades propias do noso país. ¿Que supón para Galicia esta proposta? Pois 586 millóns de euros máis respecto ao sistema vixente e unha poboación axustada un 7,6 por cento superior á real, o



que equivale a 205.000 habitantes máis para os efectos de financiamento. Galicia é unha das comunidades autónomas máis beneficiadas pola variable da dispersión e é unha das que máis recursos recibe pola solidariedade interterritorial —dotada de máis de 3.000 millóns de euros—, pois somos precisamente unha comunidade autónoma que non temos capacidade tributaria e que estamos por debaixo de habitante axustado.

E lembremos algo importante, señor Corgos. Hai dous meses o presidente da Rueda e vostede mesmo —está aí a hemeroteca— falaban de que Galicia necesitaba 500 millóns de euros máis para o financiamento. Hoxe, hai 587 millóns postos enriba da mesa, e din que non, din que non. (*Aplausos.*) ¿Quen é o que non ten credibilidade, señor Corgos, como afirmaba na prensa escrita a toda páxina neste fin de semana? Dígollo eu: quen non ten credibilidade é vostede.

Hai marxe de mellora, si, pero hai que negociar. Hai que negociar, e os socialistas de Galicia dicímolo claro, con coherencia, con valentía dende o minuto un nesta lexislatura. O modelo é mellor que o actual, pero non é perfecto, e, precisamente por iso, hai que negociar, pero o presidente non lle é Besteiro. ¡Ogallá fose Besteiro, señor Corgos!, seguramente outro galo cantaría para os intereses de Galicia. Pero o noso voceiro xa dixo que pode haber marxe real para mellorar a posición de Galicia, reforzando o avellentamento, especialmente na poboación maior de 85 anos; reforzando máis a dispersión territorial, tendo en conta o custo real dos servizos, e aproveitando o Fondo de Compensación Interterritorial, señor Corgos, porque evidentemente, vai favorecer Galicia que diminúan as diferenzas entre as provincias do Eixo Atlántico de Lugo e de Ourense. ¡Cero euros!, cero euros para a provincia de Lugo no último Fondo de Compensación Interterritorial fiscalizado polo Consello, cero euros por parte da Xunta. Con negociación seria, Galicia pode chegar a mellorar o seu financiamento, e para iso hai que negociar, hai que practicar política da boa; non política raquítica, que é o que vostedes practican, porque baixan a cabeza e obedecen as siglas do partido.

Outra grande incoherencia: a quitación da débeda. Ninguén entende por que non aceptan a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros. É a casilla de saída para negociar o sistema de financiamento: boa para a estabilidade financeira, boa para reducir os xuros que se pagan por ela. Pero din «non», din «non» outra vez por defender as consignas de Génova 13.

Outra incoherencia: o *dumping* fiscal. Mentres rexeita máis recursos do Estado, a Xunta práctica ese *dumping* fiscal, de agasallos fiscais, porque unha das bóvedas —e vostede o dixo— do novo sistema de financiamento é precisamente dotar as comunidades autónomas de máis capacidade fiscal, que vostede rexeita. Actúan, señor conselleiro, pedindo máis a papá Estado, mentres aquí actúan como nenos caprichosos e non son capaces de situarse de igual a igual, como nacionalidade galega histórica que somos, e negociar co Goberno de España, señor Corgos. Iso é o que lles pasa. Iso si, hai case oitocentos millóns de euros deixados de ingresar nas arcas públicas nos orzamentos de 2026. Eses cartos non irán para a sanidade, para a educación, para as políticas sociais, e non se pode pedir máis financiamento mentres debilitan os ingresos propios, señor Corgos.

Nós, evidentemente, queremos máis autogoberno fiscal e máis capacidade nos tributos cedidos do Estado, porque somos —como lle dicía— unha nacionalidade histórica e porque é



bo para Galicia. ¿Que están esperando, señor Corgos? ¿A proposta do PP das comunidades autónomas é que Feijóo chegue a ser presidente con Vox, que nega as autonomías neste país, señor Corgos?, ¿é o que están esperando? Por outra banda, sabe ben que o BNG se autoexclúe desta negociación porque defende o cupo, defende o concerto, que —como vostede dixo— é nefasto economicamente para Galicia e, ademais, é insolidario. E nós, as socialistas, defendemos a solidariedade nun Estado federal moi descentralizado, nun Estado que sexa nación de nacións, señor Corgos.

Por tanto—e xa remato—, hoxe tiña unha oportunidade de defender Galicia con datos e negociar mellor ese financiamento que se propón do Goberno de España, que é a primeira proposta seria, con números postos enriba da mesa. E vostedes din «non». Señor conselleiro, vostede fracasou. E dígolle máis: a negativa a negociar o financiamento non sae de San Cae-tano; sae de Génova 13, e consuma a traizón de Rueda a Galicia, polo que terá seguramente que pedir perdón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Antes de máis, quero sumar tamén, no nome do grupo do BNG, os nosos máis sinceros de-sexos de mellora dos nosos compañeiros e de que todo vaia en orde.

Señor conselleiro, antes de máis, quero agradecerlle tamén a súa comparecencia. Todo o que se fale dun tema tan importante sempre dicimos, desde o BNG, que é pouco.

O certo é que hai que dicilo con todas as letras: a proposta do Estado para a reforma do sistema de financiamento é inaceptable. Dixémolo alto e claro desde o minuto un con claridade; con bastante máis claridade —hai que dicir— que vostedes, aínda que hoxe intentasen facer un pouco de propósito de emenda. É unha proposta inaceptable, porque é unha proposta centralista, inconsistente e inxusta que empeora algo que xa era malo, aumentando a discriminación de Galiza. Non sei eu de que igualdade fala quen defende que se racha coa igualdade; non había igualdade antes. É unha proposta, ademais, que —insistimos desde o BNG— hai que rexeitar por inxusta, por unha cuestión de xustiza e de dignidade. Este país só pode dicir «non», polo que —como fixemos dende o minuto un— apelamos á responsabilidade de todo o arco parlamentario para poñer os intereses dos galegos e das galegas por diante dos intereses das súa siglas.

Os próximos meses van ser decisivos, e vostedes —uns e outros— teñen que decidir: ¿van estar do lado de Génova e de Ferraz ou van estar do lado dos galegos e das galegas? Eu asegúrolle que o BNG vai estar onde sempre estivo, coas mans libres para defender os intereses de Galiza e reclamar que teñamos a chave dos nosos cartos. Imos defender con unllas e dentes un trato xusto. Galiza merece máis e o BNG non vai fallar aos galegos e ás galegas nesta cuestión. (*Aplausos.*)



O modelo de financiamento, señor Corgos, sabe vostede que non é unha abstracción; é un tema de máxima relevancia e absolutamente determinante para o futuro do noso país. Non é a primeira vez que o advertimos, e, ademais, desde o BNG, levamos moito tempo facéndoo; o mesmo que vostedes, que gobernan, levan sendo parte do problema e non da solución. Por iso, señor Corgos, aínda que agradecemos a súa comparecencia, teño que dicirlle que saímos dela decepcionadas, porque, en corenta minutos de rolda de prensa que tivo vostede aquí, fixo de cronista oficial do Goberno de Sánchez, pero pouco máis. Iso está moi ben para un pódcast, pero este Parlamento esperaba algo máis do Goberno. Esperaba que vostede anunciase aquí, polo menos, algunha vía de traballo, ou —teño que dicirlle— unha rectificación da estratexia do Partido Popular, porque, dende logo, se investisen a mesma enerxía que invisten en facer de oposición do BNG en traer a este Parlamento, por fin, unha proposta que se coñeza da Xunta e unha alternativa, mellor nos iría. *(Aplausos.)*

E nesta batalla xa llo temos dito: nós somos un aliado, porque se algo demostrou a forza do BNG en Madrid é a utilidade para os galegos e as galegas. Grazas a nós, ten vostede enriba da mesa unha proposta histórica de quitación da débeda que aínda non deu argumentos racionais para rexeitar; unha quitación sen precedentes para un goberno que triplicou a débeda deste país. Nós xa fixemos o seu traballo; non sei se quere que tamén nesta cuestión lle faga o BNG o seu traballo, pero están demostrando que aquí vostedes son parte do problema do financiamento. Din «non» á quitación da débeda, e agora non traen unha alternativa para o financiamento, ¡porque están vostedes coas mans atadas! É que se este debate demostra algo é que o Partido Popular de Galiza ten as mans atadas pola submisión a Génova e as mans atadas pola súa incapacidade política.

Lamentablemente non é de hoxe nin este debate nin a súa incapacidade. Hai que recordar que no ano 2009 asinaron unha proposta que xa era mala e, desde o ano 2014, pese a que gobernaban os seus en Madrid, non lles acordou pedir unha reforma do sistema de financiamento nin unha mellora. Primeiro, co señor M. Rajoy, e despois chegou o señor Sánchez á Moncloa e nin sequera iso serviu para que vostedes defendesen Galiza, porque seguen presos do seu centralismo e das ordes de Génova.

Mentres, dedícanse a criticar a proposta do BNG. Pero é que, miren, a xente coñece cal é a proposta ambiciosa do BNG. Trouxemos hai seis meses unha proposta de lei para reformar o Estatuto e avanzar no autogoberno fiscal e financeiro. E, mentres, ¿vostedes que fan? Queixarse simplemente e non traer unha alternativa. Ou si, o que fan é dicir «si» a unha comisión de estudo neste Parlamento para despois bloqueala anos e anos e que estea no día de hoxe sen conclusións. En fin, igual xa que a clásica comisión de investigación da fraude das caixas galegas.

En todo caso, señor Corgos, moito máis non fixeron, ademais de dicir que non a debater neste Parlamento. Pero o peor non é o que fan neste Parlamento, que xa lle chega; o peor é o que fan fóra ou o que deixan de facer fóra, porque se negaron vostedes a negociar de ti a ti, a negociar bilateralmente. E hoxe vemos os resultados de que o señor Feijóo non lles deixase negociar bilateralmente, de que vostedes decidisen non exercer de goberno autónomo e defender os intereses do noso país. A realidade é que aquí quen negociou gañou e quen non negociou perde, señor Corgos. E, dende logo, vemos que, unha vez máis, o Estado discrimina Galiza.



Iso xa é habitual, xa é habitual. Nós negamos a maior con iso de que se racha a igualdade; igualdade xa non había. ¿É unha proposta que empeora o que había? Si, pero igualdade non había respecto deste país, senón unha discriminación histórica na que o Partido Popular foi historicamente axente fundamental. Iso —como digo— non é unha novidade.

O que é unha novidade é o papelón do Goberno nestes últimos anos, porque nunca antes na historia deste país houbo un Goberno da Xunta, nin sequera do Partido Popular, tan absolutamente submisos ás súas siglas a nivel do Estado, que non alza a voz nin o máis mínimo. Eu, desde logo, confiaba en que, constatado que son vostedes parte do problema porque deixaron neste debate unha Galiza absolutamente subsidiaria, polo menos, trouxesen unha mínima rectificación. Non confiaba demasiado despois de ver hai escasos días unha nova foto da vergoña na declaración de Zaragoza, da que vostede veu presumir. *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa unha fotografía.)* Aquí, o señor Rueda asinando, unha vez máis, a súa pleitesía aos intereses electoralistas do señor Feijóo. *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un documento.)* Declaración de Zaragoza, supoño que vostede a coñece, oito páxinas. ¿Cantas mencións a Galiza?, ¿cantas alternativas para Galiza nesta declaración de Zaragoza? Cero, señor Corgos, cero, unha vez máis. *(Aplausos.)* ¿Por que? Porque, cando se trata de escoller entre o Partido Popular ou entre Galiza, o señor Rueda sempre escolle o Partido Popular. Non está aquí Galiza nin se espera.

Mire, nós pensamos que urxe reaccionar de forma unánime a esta proposta absolutamente inxusta, si. Pero é que para iso é imprescindible que vostedes cambien algo da súa estratexia, porque foron incapaces de defender os nosos intereses. O Goberno central empeora con esta proposta un modelo que xa era malo. En primeiro lugar, porque afondan no centralismo e na falacia, nesa gran falacia que une sempre historicamente a PP e PSOE, que é a da Galiza pobre. Non supón nin un só avance en materia de autogoberno, nin en capacidade de xestión nin de decisión, e hai que dicir que os incrementos do IRPF e do IVE son absolutamente anecdóticos e non compensan nin por asomo o espolio fiscal que sofre o noso país ano tras ano por parte do Estado. Só un dato: segundo os últimos datos da liquidación do sistema no ano 2022, recadou en Galiza 15.385 millóns de euros, e só recibimos pouco máis de 10.000, unha diferenza de máis de 5.300 millóns de euros. Aínda tendo en conta as escasas competencias e servizos que nos presta o Estado, señor Corgos, sería insuficiente, dende logo, o que se transfire. Non é Galiza quen vive do Estado; é o Estado o que fai caixa con Galiza. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, nós rexeitamos esta proposta porque empeora criterios que estaban xa insuficientemente ponderados para Galiza, como o avellentamento ou a dispersión, e non introduce outros novos. Podía vostede hoxe facer algunha proposta respecto dalgún destes tres aspectos, pero nin sequera iso fixo porque vostede concorda co fondo da cuestión, que é un modelo de repartición de migallas; ese é o problema que hai nesta cuestión.

Non se resolve o infrafinanciamento no conxunto, porque o aumento global —como xa dixemos— é absolutamente mínimo. Galiza recibiría só o 2,8 por cento dese incremento global fronte a cantidades moi superiores por parte doutras comunidades; en total, menos de 600 millóns de euros, cando o propio Consello de Contas estima en 1.500 millóns de euros anuais o déficit de financiamento, xa sen ter en conta o déficit acumulado. ¿Cal é o problema, señor



Corgos? Que, claro, vostedes teñen unha hemeroteca e un historial. Teñen unha hemeroteca na que uns meses estiveron saíndo a dicir que nos facían falta 500 millóns de euros e outros meses elevaron un pouquiño a cifra. Pero, claro, o problema é que, se temos un goberno que vai negociar xa tres veces menos do que lle di o seu Consello de Contas que é o déficit de financiamento dos servizos públicos deste país é que, evidentemente, quen ten a tixola polo mango o que fai é discriminar, unha vez máis, porque non ten diante un goberno que lle diga as cousas ás claras.

En terceiro lugar, temos que dicir tamén que rexeitamos esta proposta porque empeora un sistema que xa era malo porque xa era discrecional, e agora afóndase nesa discrecionalidade. Esta discrecionalidade non é nova nin allea a este sistema, e o propio resumo dos expertos sobre o anterior sistema recollía que un dos problemas era efectivamente esa discrecionalidade e esa falta de transparencia. Pero non só se afonda no statu quo, senón que se introducen novas discriminacións. Singularmente, é escandaloso e inxustificable ese fondo climático, xa non porque de partida atribúe menos bolsa de cartos que aquela para a que pode competir Galiza, senón porque nin sequera introduce criterios científicos e obxectivos, senón que se limita a perpetuar a discriminación da poboación axustada.

Polo tanto, estas cuestións que eu resumín lévannos a unha conclusión moi clara: compartimos unha parte importante da crítica, compartimos a necesidade de opoñerse a este sistema, mais é evidente que, para iso, é necesario un cambio de estratexia do Goberno da Xunta, señor Corgos, porque vostedes son e foron parte evidente do problema. Depende de vostedes non seguilo sendo no futuro, porque o que demostra todo este debate é o seu fracaso —o fracaso da Xunta— e que o centralismo é o peor inimigo deste país e dos intereses do noso país. Polo tanto, para que Galiza non siga perdendo, non abonda queixarse; é urxente un cambio de estratexia. Teñen que escoller vostedes de que lado van estar: se do lado das súas siglas partidistas a nivel do Estado e do lado da estratexia centralista do Partido Popular, ou se van estar por unha vez na historia do lado de Galiza.

Se cambian de posición, nós estaremos aí demandando unha negociación bilateral, demandando medidas xustas para Galiza e demandando avanzar nunha liña que garanta que no futuro este país teña a chave dos seus cartos. Nós pensamos que Galiza merece máis. Se están de acordo, demóstrano e cambien de estratexia, negocien por este país e sexan dignos de ser nomeados como o Goberno de Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Se me permiten, antes de entrar en materia, eu creo que aos galegos lles gustará saber que —polo menos, dende que eu son deputado, pero creo que dende sempre— neste Parlamento, cada vez que hai un problema persoal, se antepón o interese das persoas a calquera outra consideración e, hoxe que o temos e o sufrimos, quero agradecer sinceramente a xenerosidade da oposición para alterar a orde deste día, para poder



atender primeiro os nosos compañeiros por encima de calquera outra consideración. E, como ese é o modo de actuar dos galegos, estou seguro de que lles gustará saber que neste Parlamento os seus representantes actúan como o farían eles mesmos, así que, moitas grazas, sinceramente. (*Aplausos.*)

E quero agradecerlle tamén ao conselleiro que fixese todo o posible por acompañar a súa axenda ás necesidades deste Parlamento, así como quero agradecer tamén a súa comparecencia para dar conta do acontecido no Consello de Política Fiscal e Financeira e para analizar a fraude democrática que o Goberno Sánchez deu en chamar proposta de financiamento autonómico.

É unha proposta que non é froito do diálogo coas comunidades autónomas, que non atende as necesidades das comunidades autónomas, que non atende as necesidades dos cidadáns e que conta co rexeitamento unánime de todas as comunidades autónomas agás de tres: das dúas que non participan deste sistema de financiamento, País Vasco e Navarra, e da única comunidade autónoma de réxime común que se nega a participar no Consello de Política Fiscal e Financeira porque prefire chantaxear o Goberno nunha mesa bilateral.

A proposta que coñecemos nestes días é froito da debilidade socialista e da chantaxe independentista e non ten máis obxectivo que solucionar as urxencias duns e doutros á custa de desatender as prioridades e necesidades de todos os demais. Sánchez busca prolongar, á desesperada, a súa estada na Moncloa e, de paso, tentar consolidar o Goberno da Generalitat. Esquerriña aspira a recuperar terreo no independentismo afondando no falso relato vitimista dunha Cataluña mal financiada e empobrecida pola maldade da pérfida España. E, baixo esas falsas premisas, elabórase unha proposta de financiamento autonómico triplemente vergoñenta: vergoñenta na súa concepción, vergoñenta no seu alumeamento e vergoñenta nas súas consecuencias. E a isto engadiríase unha cuarta vergoña, que foi escoitar algúns dos argumentos que hoxe escoitei aquí.

É vergoñenta na súa concepción porque cómpre recordar que esta proposta nace non para resolver os problemas de financiamento autonómicos, senón para investir *president* da Generalitat a Salvador Illa. E por iso se desbotou o diálogo coas comunidades autónomas e por iso as bases do modelo se establecen nun pacto de investidura entre o Partido Socialista de Cataluña e Esquerriña Republicana no que se incluían condicións inasumibles para os demais territorios. Este pacto, a pesar de conter afirmacións aberrantes, foi avalado por Pedro Sánchez e os seus palmeiros, coas contadas excepcións dalgún barón socialista, como os señores Page e Lambán.

A primeira desas barbaridades era —cito literalmente— «impulsar un sistema de financiamento singular que avance cara a plena soberanía fiscal, baseado na relación bilateral do Estado e na recadación, xestión e liquidación de todos os impostos». Todo isto sobre a base dunha afirmación completamente falaz: «Cataluña sofre un infrafinanciamento sostido no tempo que supera o que correspondería a un modelo de solidariedade entre territorios». Señorías, ¿que dato obxectivo avalaba esa afirmación? ¡Ningún! ¿Que técnico alleo ao propio independentismo defende esa suposta discriminación? ¡Ningún! Pero, con todo, esa falsa afirmación serve de base para rachar cos principios de multilateralidade e de solidariedade, serve para sacar a Cataluña do Consello de Política Fiscal e Financeira e serve para que, ade-



mais, os únicos que non aceptan sentar na mesa común impoñan os seus criterios a todos os demais. E vostedes, señorías, tragan. Porque moito se ten falado de que Cataluña vai seguir aportando á solidariedade dos territorios, pero apenas se falou da contía aportada, que pasaría dos actuais 2.266 millóns a apenas 810, e aínda menos, das condicións nas que se pretende exercer esa suposta solidariedade. Naquel pacto recollíanse dúas:

A Generalitat debe contribuír para a solidariedade coas demais comunidades sempre que leven a cabo un esforzo fiscal similar. ¿Debemos aceptar que a política fiscal de Galicia a decida Cataluña?, ¿debemos aceptar que a Generalitat limite o noso autogoberno? Por exemplo, Galicia ten un dos mellores tratamentos para as rendas baixas de todo o país. ¿Deberíamos subir os impostos aos galegos con rendas máis baixas para equipararnos con Cataluña e ser merecedores así da súa solidariedade? Os nacionalistas e os socialistas deben pensar que si, porque non dixeron nin unha soa palabra disto.

A segunda condición é que a solidariedade debía estar limitada polo principio da ordinalidade. E non sería un problema, ¿eh?, se non fose por como se entende o principio da ordinalidade, que tradicionalmente o que establecía era que os impostos podían servir para redistribuír a riqueza solidariamente, pero non para alterar o status quo. E ata aí podíamos coincidir: non pode ser que, despois de pagar impostos, os ricos se volvan pobres e os pobres se volvan ricos, iso é algo razoable. Pero o pacto da vergoña aclara que non se refiren a iso cando falan de ordinalidade, senón a que as contribucións das comunidades autónomas por habitante deban ter a mesma orde que na escala na que se reciben; é dicir, quen máis aporta máis recibe. E iso, señorías, non é ordinalidade. Iso chámase insolidariedade, racha co modelo de cohesión territorial e supón establecer unha España de dúas velocidades. Nós non estamos dispostos a aceptar esta inxustiza. Talvez vostedes si, pero Galicia nin se rende, nin se humilla, nin se resigna, señorías.

Non menos vergoñento foi o alumeamento deste enxendro, pechado ás costas das comunidades autónomas nun despacho entre Pedro Sánchez e un señor que nin preside nin pode presidir ningunha comunidade autónoma porque está inhabilitado por unha sentenza que o condenou por corrupción. Pero, a pesar disto, o señor Sánchez prefire priorizar un pacto cun delincuente condenado que cos lexítimos representantes (*Aplausos.*) das comunidades autónomas.

Polo tanto, señorías, non caían vostedes na tentación de pedir responsabilidades aos presidentes autonómicos, porque nin sequera tiveron a posibilidade de ser escoitados. ¿En que foro?, ¿onde puideron negociar? ¿Na conferencia de presidentes na que o señor Sánchez lles prometeu que habería un acordo entre todas as comunidades?, ¿ou nos consellos de política fiscal e financeira nos que recorrentemente se pediu que se abordase o tema do financiamento e recorrentemente o Goberno se negou a facelo? A proposta que se nos presentou non responde a un acordo entre autonomías, senón a un pacto entre partidos que atende exclusivamente os intereses deses partidos; neste momento: aprobar os orzamentos do señor Illa e prorrogar a estada do señor Sánchez na Moncloa. E, se falamos de partidos, xa sabemos todos que o señor Sánchez co PP non quere negociar absolutamente nada, nin unha coma. Logo, a pregunta que se teñen que facer os galegos é: ¿que fixeron en relación con este tema os partidos que presumen de trato privilexiado con este presidente? Decía a señora Presas: «O que negociou, gañou». Con nós néganse a negociar; con vostedes si que negociaron, co



Partido Socialista galego supoño que algo negociarían... Ante a proposta que se trasladou, a resposta á pregunta que fixeron pois é evidente: ¡absolutamente nada! (*Murmurios.*)

Pero mire, se existe algo realmente vergoñento en todo este vodevil, son as nefastas consecuencias que carrega para o conxunto de España en xeral e para Galicia de forma moi particular, xa que a proposta do señor Sánchez nos coloca no vagón de cola do financiamento autonómico. Acaba de explicalo con total nitidez o conselleiro, e a súa análise, por certo, é compartida pola totalidade de expertos que se teñen pronunciado, incluso, aínda que coa boca pequena, por vostedes mesmos, que —iso si— amosaron maior interese en culpabilizar a Rueda que en defender Galicia.

E, nesa obsesión por priorizar o ataque ao Goberno de Alfonso Rueda antes que a defensa de Galicia, xorden disparates como os que escoitamos nestes días. Mire, o BNG —seguindo fielmente os mandatos da UPG— fixo unha proposta absolutamente coherente coa actuación tradicional do nacionalismo galego. Ante unha proposta do Goberno de España que nos sitúa ao bordo do abismo, a señora Pontón e os seus compañeiros o que nos propoñen é saltar ao vacío. Son vostedes a Thelma e Louise do nacionalismo patrio. Se o señor Sánchez realiza unha oferta que, segundo os expertos, nos privaría de 500 millóns ao ano, o BNG invítanos a que reclamemos un concerto económico que, segundo eses mesmos expertos, nos privaría de ata 2.000 millóns de euros ao ano. Porque a prioridade do BNG non é o benestar de Galicia; é a independencia de Galicia. E, para alcanzar ese obxectivo que a maioría dos galegos —por certo— non comparten, non importa sacrificar os intereses de todos en beneficio da ideoloxía duns poucos. Señorías, preguntolle: ¿de que serve ter as chaves da caixa se non hai cartos no seu interior?, ¿cal é a utilidade de ser o dono dun banco quebrado?, ¿para que queremos os galegos ter a propiedade da neveira se resulta que non podemos poñer alimentos dentro dela? Eu gustaríame que alguén explicase isto, porque ata agora o nacionalismo non foi capaz de facelo, (*Aplausos.*) e simplemente confunde independencia con democracia. E non, señorías; a democracia non depende de que as súas ansias independentistas se fagan realidade. España xa é unha democracia, e Galicia xa é unha democracia, e os galegos xa somos donos do noso futuro. O que queremos non son caixas baleiras; o que queremos son cartos —os que nos corresponden— para poder converter as nosas aspiracións en realidade. Iso é o que queremos.

E, se a postura dos nacionalistas é ridícula, pois non queda atrás a do Partido Socialista. Señor Besteiro, ¿como é posible que considere positiva unha proposta que, segundo os seus propios cálculos, debe ser corrixida en máis de trescentos millóns de euros? ¡Anuais, eh! ¿Como é posible que considere positiva unha proposta que achega a Galicia a metade do financiamento que nos correspondería por poboación axustada? ¿Como é posible que considere positiva unha proposta descualificada polo presidente Barbón, polo presidente Page e polo presidente Touriño? ¿Estes tamén obedecen ordes de Génova? (*Murmurios.*) ¿Como é posible que considere beneficiosa unha proposta cualificada como prexudicial para Galicia polo Foro Económico de Galicia, do que forman parte o presidente González Laxe, o señor Leiceaga ou o señor Lago? ¿Como pode dicir que o importante da proposta son os criterios, cando perden peso a dispersión, o envellecemento..., que eran os que reclamabamos unanimemente neste Parlamento? ¿Está vostede de acordo con que a poboación de menos de 24 anos pondere un 20,5 por cento e os maiores de 65 un 7 por cento? ¿Vostede avala ese disparate? ¿Vostede comparte que a dispersión se pondere un 0,5 por cento?



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Remato.

Pide vostede unha negociación bilateral. Nunha negociación bilateral, ¿vanse modificar os criterios que afectan todas as comunidades? Miren, señorías, calquera que avale este atropelo está inhabilitado para representar os galegos. E se vostedes, señores do PSOE, conservan un mínimo sentido de decoro, deberían tomar hoxe unha decisión: ou abandonan o seu discurso ou abandonan esta Cámara.

Por agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do conselleiro de Facenda e Administración pública.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Vou tentar un pouco responder ás apreciacións dos voceiros dos diferentes grupos. Comezando pola señora Iglesias, que, vendo que dedicou gran parte da súa intervención a falar do que se votou hoxe no Congreso dos Deputados, do escudo social e de Vox e non falou nada de ningún elemento substantivo da proposta, mostra ben ás claras cal é a súa opinión sobre o sistema de financiamento, malia que non llo deixasen dicir.

Si que me gustaría comentar —e isto vale para as dúas voceiras— iso de que agora criticamos que se presente unha proposta completa do sistema de financiamento e que durante trece anos non se presentase ningunha proposta de modificación. Gústame sinalar que todas as reformas do sistema de financiamento —e vostedes sábeno ben— sempre se fixeron con recursos adicionais e, para que haxa recursos adicionais, ten que haber recadación adicional. E, como ben saben, este país no ano 2008 comezou unha crise financeira que afectou especialmente os ingresos públicos e da que non se recuperou en termos de ingresos fiscais sobre o PIB ata o ano 2017. Curiosamente, no ano 2017 —antes incluso de que se recuperase esa recadación— é cando se conforman os grupos de traballo para avaliar o funcionamento do sistema de financiamento e revisalo, no que participou Galicia —e aí están as súas propostas—. Con estes grupos de traballo logo pásase a conformar un grupo de expertos. Ese grupo de expertos e os grupos de traballo do que dicía que o Goberno soberanista de Cataluña —ese que agora condiciona o modelo— non quixo participar en termos de igualdade coas restantes comunidades autónomas. Por tanto, cando non se podía facer unha proposta porque non había recursos —e isto reconeceuno así a semana pasada tamén a propia ministra— non se podería formular unha proposta. Agora, que si que hai recursos —aínda que non nos explicaron ben de onde saen eses 21.000 millóns—, é cando se pode formular esa proposta. Todos estamos dispostos a falar desa proposta en termos de igualdade con base nos documentos e na información coa que fomos traballando neses grupos de traballo no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira; en termos de igualdade.



Non é certo, señora Iglesias, falla á verdade cando vostede di que temos números, cifras e métrica. Non temos; o único número que temos é 589 millóns de euros máis, o único número que temos da proposta do novo sistema de financiamento. Non hai nin un número máis, nin métrica, nin táboas nin ningunha información adicional. Por tanto, por favor, teñamos un debate serio e digamos a verdade das cousas. Porque o único que temos é o *PowerPoint* da rolda de prensa da señora ministra, que nin sequera fixo unha fotocopia para entregárnola no pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira. Esa é a verdade. (*Aplausos.*)

Falan tamén de que se bota de menos a proposta da Xunta de Galicia. ¡Pero se xa a saben! ¡Se tivemos un grupo de traballo no Parlamento sobre o financiamento autonómico e alí entregamos todos os documentos coas propostas da Comunidade Autónoma galega sobre os diferentes elementos substantivos do sistema de financiamento autonómico e de cada compoñente! Vostede estaba, señora Presas, estaba a señora Pontón, estaba o señor Leiceaga; non estaba a señora Iglesias porque daquela non estaba aquí. Pero saben todos cales foron os documentos por escrito —porque os teñen— da proposta do Goberno autonómico sobre recadación normativa, sobre poboación axustada, sobre igualdade por habitante axustado —que era a proposta da Comunidade Autónoma para que non se discriminase ninguén—, sobre simplificación do sistema, sobre maior capacidade tributaria... Saben cales son todas as propostas da Comunidade de Galicia. Tamén sobre adiantar o pago das entregas á conta do sistema de financiamento, que xa o propuña Galicia hai tempo e eu mesmo enviei unha proposta para que fose tramitada no Congreso dos Deputados e non a quixo aprobar o Goberno socialista. E agora véñennos vender que é unha gran bondade do novo sistema de financiamento, que se van adiantar as entregas á conta. Pero, ¿de que están falando?

Falaba logo dalgunha expresión que utilicei eu. Bueno, utilicei a de «un modelo precociñado». Un «sistema precociñado» é unha expresión que utilizaron todas as comunidades autónomas, señora Iglesias, todas. A miña compañeira de Asturias foi a primeira que a utilizou, que estaba ao meu carón no pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira. Por tanto, ¿por que a utilizarían todas? Porque era un sentimento xeral. É un modelo completamente diferente a todo o que se falara ata o de agora nos grupos de traballo e que veu determinado por unhas negociacións ás costas das comunidades autónomas. (*Aplausos.*)

Claro que ningunha comunidade autónoma perde recursos; é que nunca se fixo ningunha modificación do sistema de financiamento autonómico sen achegar máis recursos. O problema é a asimetría na asignación de recursos. É que Galicia pasa de estar sobre a media en financiamento proveniente do Estado a estar á cola, de última; non pasou nunca na historia das comunidades autónomas, con esta proposta do sistema de financiamento que maltrata a nosa comunidade autónoma porque minusvalora os factores de custo que afectan a prestación dos servizos públicos autonómicos da nosa comunidade autónoma, minora o valor da dispersión e do avellentamento, malia que intenten retorcer os números e indicar que ten máis valor. Claro que ten máis valor, jé que no sistema actual Galicia é a segunda que ten máis poboación axustada en relación á poboación! E o que fan vostedes con esta nova proposta é baixar ese peso, aínda que sexa maior que a poboación normal. Por tanto, claro que a maltratan; é que están deteriorando a posición da Comunidade Autónoma, vindo dicir que non precisamos tantos cartos.



E si que é un sistema ordinal, díxoo a ministra. É ordinal para Cataluña. Cataluña é a comunidade número tres en recadación de recursos tributarios e é a comunidade número tres en asignación de recursos para gastar, malia que non precise eses recursos. Por certo, non é ordinal para Galicia, que é a décima comunidade autónoma recadando e a duodécima comunidade autónoma en capacidade de gasto cos recursos asignados. Para Galicia si que non é ordinal este recurso. *(Aplausos.)*

Finalmente, sobre os 500 millóns de euros, quero indicar o que dicía antes. Non é certo e, aínda por riba, a única cifra que dan é falsa. Non é certo que o sistema achegue 500 millóns de euros adicionais de financiamento, porque 185 millóns de euros xa os temos agora nos tributos propios totalmente cedidos á comunidade autónoma —que lles sinalei antes—: patrimonio, xogo online, o Idires e o imposto sobre depósitos bancarios. Por tanto, se xa contamos con eles non son recursos adicionais para financiar a comunidade autónoma; apenas chega a 400 millóns. E eses 500 millóns dos que falabamos cando faciamos unha estimación do que precisaba Galicia estaban referidos ás normas de funcionamento do sistema de financiamento autonómico respecto da última liquidación, de cando falamos destes 500 millóns, que era o ano 2012. Evidentemente, se agora se modifican esas normas, claro que haberá que revisar o que lle corresponde á nosa comunidade autónoma, e son bastantes máis deses 500 millóns de euros para situarnos nunha situación equitativa —sen ser máis que ningún, pero tampouco menos— co resto das comunidades autónomas.

Que diga que temos que negociar o sistema —vostede e a señora Presas— é sintomático de que non saben ben como funciona o sistema. Porque este sistema baséase nun conxunto de repartición por comunidades autónomas de bolsas de xogo a cero. É dicir, que se eu teño que duplicar o meu peso, a alguén terei que retirarlles eses recursos; se quero ponderar axeitadamente o avellentamento... *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Claro, pois entón, sabendo como funciona o sistema, sabe de sobra que é unha trampa e que non se vai poder negociar porque temos as cartas marcadas polas ordes de Esquerra Republicana de Cataluña, señora Presas. Entón, non mande Galicia a negociar coas mans atadas ou coas cartas marcadas. Non temos texto legal, non temos a letra pequena, non temos nin un só cadro e sabemos que estamos nun xogo de suma cero, ¿que imos ir negociar alí? Imos ir alí facer o parvo, é o que imos facer. *(Aplausos.)*

E o máis importante é que o modelo estruturalmente está deseñado para prexudicar a Galicia, porque é un modelo que pivota sobre os ingresos —como o cupo, señora Presas—; é o primeiro paso para ter un cupo soberanista. E se este é unha desgraza para Galicia, imaxínense onde terminariamos se se perfeccionase este cupo; se, en vez de estar nestas porcentaxes raquíticas de cesión, chegásenos ao cen por cento de cesión e a pagar os ingresos ao Estado. Voulle facer ben as contas dos ingresos tributarios, porque sempre se esquecen delas. Sempre se esquecen do custo dos servizos que presta a Administración xeral do Estado en Galicia. Efectivamente, no ano 2022, en Galicia tivemos uns ingresos tributarios de 13.361 millóns de euros, e a liquidación do sistema de financiamento autonómico nese ano 2022 foi de 9.349 millóns de euros; total, 13.000 menos 9.000 quedan —segundo vostede— 4.000 millóns de euros que nos está furtando o Estado asoballador español a todos os galegos. Pero resulta que se esquece de que con estes recursos tamén hai que financiar as facendas públicas locais en Galicia, que absorben 1.220 millóns de euros. ¿Ou deixamos os concellos sen fi-



nanciamento, señora Presas? Entón, eses 1.220 millóns tamén deberán saír dos impostos que pagan os galegos, ¿non si? Vale, pois restamos entón 1.220 e xa non nos quedan 4.000, quédanos algo así como 2.800 millóns; e haberá que restar destes 2.800 millóns os 617 millóns de recursos finalistas que financia a Administración xeral do Estado a Galicia polos pagos da dependencia, polos pagos á vivenda e polas políticas de emprego. E se restamos os gastos dos servizos que presta a Administración xeral do Estado en Galicia —que tamén custan—, e aí están os gastos en defensa, o gastos en infraestruturas, os gastos en xustiza, os gastos en seguridade e o resto dos gastos, entre os que están a participación no xuros da débeda pública nacional, eses que vostedes queren aumentar endosándolle 600 millóns de euros adicionais a Galicia, co cal teríamos que pagar 20 millóns adicionais de xuros á nosa participan do Estado... Entón, o que pasa é que ese saldo é moi deficitario para a nosa comunidade autónoma; moi deficitario en case 4.000 millóns de euros, señora Presas. E iso sen ter en conta as pensións, que tamén son deficitarias. Por tanto, non fagamos demagogia con isto, hai que meter todos os ingresos e todos os gastos tamén; non vale meter só unha parte dos gastos. Por tanto, non sei a onde nos quere levar con esa proposta de financiamento con base nun cupo, porque todo o mundo sabe que un modelo que pivote sobre os ingresos a unha comunidade autónoma de renda por debaixo da media —e, polo tanto, de capacidade recadatoria por debaixo da media— prexudícaa, porque non vai contribuír a financiar totalmente as súas necesidades de gasto.

Dicía vostede tamén que non achegamos ningún argumento racional para rexeitar a quitación da débeda. ¿Como que non? Si que o argumentamos e o indicamos. Os galegos son cargados con 600 millóns de euros adicionais, porque a débeda do Tesouro de España debe repartirse alicuotamente entre todos os nacionais. Por tanto, correspóndenos unha maior parte, porque nós achegamos a esa bolsa común 4.000 millóns pero recibimos 4.600 millóns do resto das comunidades autónomas. Entón é un negocio funesto para a nosa comunidade autónoma e aquí veo coas contas que acabo de facer co seu cupo: que nos tocaría asumir 20 millóns de euros máis en termos de custos de xuros que irían engrosar ese cupo teórico galego.

Como dicía antes, non podemos ir negociar cun modelo que estruturalmente está deseñado para prexudicar a Galicia e que non podemos negociar coas cartas marcadas. O que hai que facer é devolver este modelo. E iso é para o que pedimos o apoio dos grupos; para, evidenciando que este modelo é funesto para a nosa comunidade autónoma, instar o Goberno a que o modifique e a que se remita a elaborar un de acordo con todas as comunidades autónomas e que atenda as necesidades de todas de xeito igualitario.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, ¿de que falou vostede?, ¿falou de Galicia? Eu penso que tampouco falou de Galicia, non falou dunha proposta, señor conselleiro. Nos sete últimos anos —nos que



temos un goberno de España, como dicía, con Pedro Sánchez — a Galicia foille ben, pois recibiu máis dun corenta por cento de entregas á conta. No ano 2026, houbo unha cifra récord, como saberá: máis dun seis por cento máis que en 2025.

E non é verdade o que di do tema dos expertos do Foro Económico. Santiago Lago, Leiceaga ou González Laxe din que é o primeiro paso, posto enriba da mesa, que é unha proposta real para negociar —ten luces e sombras, como dixemos nós—; para negociar para mellorar. Iso é a política, señor Corgos. Xa sei que se sente moi ben nos Excel, nas cifras, pero hai que facer política, hai que negociar para acordar. Niso consiste tamén ser señor conselleiro de Facenda de todos os galegos e as galegas, señor Corgos.

E dígolle máis: Galicia segue sen proposta propia. Respecto desta proposta, falou de que xa propuxemos... Reactive, ou reactiven, dende a bancada Popular, a Comisión de estudos e eses informes de expertos e formulemos xuntos —os grupos parlamentarios— unhas conclusións para reclamar ao Goberno de España un sistema de financiamento. O que pasa é que non queren acordar, señor Corgos, non queren acordar porque as ordes veñen de Génova 13 e dese Feijóo que está ansioso por chegar ao Goberno de España con voz e que, como lles dicía, nega as autonomías e nega a nacionalidade histórica do noso país, señor Corgos. Esa é a realidade.

Na Declaración de Zaragoza, que foi Rueda o primeiriño en sentarse a asinar —alí, de primeiro—, ¿hai algo atribuído a Galicia? ¿Hai algún número, señor Corgos, para Galicia? O que hai na Declaración de Zaragoza para Galicia é vergoña. Iso é o que hai, jiso é o que hai, señor Corgos!

E voulle dicir algo claro: nós sabemos que teñen que negociar. Son vostedes os que están na Xunta de Galicia. Polo menos, non sei, fagan o que dicía vostede: imos facer o parvo. Pois ide, ide facer o parvo, pero negocien; ¡negocien! E dígolle máis: no PSdeG temos claro cal é a nosa posición, porque somos a esquerda que pode —e sábeo ben—, con coherencia e con rigor. Galicia necesita máis financiamento, é evidente. Rexeitan 586 millóns de euros sen atender as nosas singularidades: avellentamento, dispersión, criterios reais do custo dos servizos públicos... O modelo do Goberno de España é unha base para mellorar o actual, é o punto de partida, e hai marxe de mellora se se negocia con intelixencia, señor Corgos, e pensando por e para Galicia.

Hai que aceptar a quitación da débeda. ¿Que argumento absurdo é o da mutualización? ¿É o exemplo? Poña un exemplo. Entón, co tema dos fondos, da mutualización ou das operacións de crédito da Unión Europea dos 27 Estados, ¿perdemos os galegos? ¿Perdemos os galegos con esa mutualización dos fondos que recibimos do Goberno de España, e cos préstamos tamén da Unión Europea que se reciben en Galicia? ¡É o seu mesmo argumento, señor Corgos! ¡Pero que absurdo é! ¿Dáse conta? Bueno, non se dá conta.

E despois cambiaba, pivotaba o tema da bóveda do novo sistema de financiamento. ¡Claro!, máis capacidade fiscal. Como lle dicía, somos nacionalidade histórica. ¿E vostedes que fan coa capacidade de ingresos que teñen nos tributos cedidos polo Estado? Agasallos fiscais, señor Corgos, cerca de 800 millóns de euros nos orzamentos de 2026. E sabe ben tamén que o BNG se autoexclúe, como dicía, porque defenden o concerto económico, que é insolidario,



pero nós, os socialistas, somos solidarios co resto dos territorios e das comunidades autónomas e vemos que é nefasto en termos económicos para Galicia. Dígolle máis, nós defendemos a socialdemocracia. Falamos de servizos públicos: de sanidade, de educación, de dependencia pública, de vivenda pública, de igualdade territorial entre o urbano e rural... Son 586 millóns de euros e pagariamos a táboa da equivalencia, do que lles importa aos galegos, do día a día, das cousas do comer. Poderíanse construír trinta centros educativos, centros de saúde e contratar cen profesores para apoio a nenos con necesidades educativas especiais, que se recortan ano tras ano. Señor conselleiro, poderían rematar a autovía da Costa da Morte, esa que levan prometendo dezasete anos, ou dúascentas vivendas públicas. ¿Van rexeitar 587 millóns de euros ou van sentar a negociar, aínda que sexa para facer o parvo, como vostede dicía?

A negativa a negociar o financiamento, señor Corgos, non sae de San Caetano, xa llo digo, sae de Génova 13, do seguidismo vergoñento que practica o señor Rueda e vostede como conselleiro, e vaille saír cara esa negativa. E como dicía o señor Pazos, seguramente esa negativa a sentar a negociar cara a cara co Goberno de España... Como dicía, somos nación, nacionalidade histórica, á mesma altura que o País Vasco e Cataluña, recoñecida na Constitución. Negocien de cara a cara co Goberno de España, ¿ou crense menos, señor Corgos? Como dicía o señor Pazos, se non fai iso o señor Rueda cando sexa convocado a esa reunión bilateral —que se vai convocar a todas as comunidades autónomas—, seguramente quedará inhabilitado para ser presidente da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Señor Corgos, uns marcaranlles as cartas, pero outros átanlles as mans, por iso vostede ten que centrar a súa segunda quenda de intervención en criticar o BNG, en lugar de facer as súas propostas. Para trampa, a súa: remitirse á documentación e aos posicionamentos que tiña a Xunta na defunta Comisión do Sistema de Financiamento. Mire, para comezar, recordará vostede coma min que o groso desa comisión se centrou, ademais de en facer oposición ao BNG, en falar da proposta de reforma respecto da poboación axustada que había no seu momento. ¿Onde quedou iso? A cuestión é que vostede non fai propostas concretas hoxe porque ten as mans atadas, (*Aplausos.*) por iso hoxe non estamos debatendo ou posicionándonos respecto de se é positiva ou negativa a proposta que ten a Xunta canto á porcentaxe de peso que ten que ter o avellentamento. Iso é así, e sabe perfectamente vostede por que é: porque este sistema de migallas vai de que hai unha tarta que hai que repartir entre todo o mundo. Entón, se vostedes fan unha proposta para que Galiza teña máis peso, efectivamente, alguén ten que perder, entre eles comunidades do Partido Popular que teñen máis peso político dentro do Partido Popular do que ten Galiza, e por iso vostedes non poden ter máis ambición, porque teñen as mans atadas polo seu dobre centralismo: centralismo respecto da súa posición no Estado e centralismo respecto da súa posición interna no Partido



Popular. É así de simple, e por iso a súa estratexia é atacar a nosa proposta tamén cun grao de demagogia que, en fin... ¡Logo, para que nos acuse a nós!

Vén aquí dicirnos que, efectivamente, habería que contar o custo das actuacións no Estado. Evidentemente, eu xa o dixen na miña intervención e xa o dixemos por activa e por pasiva cando trouxemos esta proposta do BNG desagregada. Agora ben, non veñan vostedes con discursos demagóxicos facéndolle crer a este país que Galiza tería que pagar o triplo ou o cuádruplo do que paga Euskadi polo cupo, por exemplo; ou non faga, por exemplo, a trampa de que nos ingresos haberá que abrir debates neste país, como se, indo ao modelo da auto-rresponsabilidade fiscal, tería que ter Galiza competencia e soberanía nos impostos de ámbito estatal, como no de sociedades, digo eu. ¿Ou que imos facer?, ¿asumir todos os gastos e non negociar os ingresos? Se vai negociar o Partido Popular, igual si; se a negociación depende dun futuro goberno liderado polo BNG, xa lle digo que non.

Igual tamén hai que abrir outros debates sobre como se fan balanzas fiscais tramposas ou sobre como non se ten en conta, por exemplo, todo o beneficio que estiveron xerando traballadores e traballadoras galegos e galegas ao longo de todo o Estado, que despois da xubilación veñen a este país e compútanos a nós como gasto sanitario etcétera.

Mais a cuestión de fondo é que uns e outros se centran na proposta do BNG para tapar o seu centralismo e a súa incapacidade, e nós seguiremos insistindo nesa vía. A nosa liña de acción é unha, que é que Galicia ten que ir cara a máis autogoberno e máis autorresponsabilidade fiscal, porque non hai motivos para pensar que nos vai ir mellor se decide papá Estado que se fai co que se recade en Galiza que se o decidimos nós mesmas. Temos ambición, si, pero temos feitas tamén moitas propostas concretas para mellorar o que xa hai. E fágolle un símil: neste pleno, no Parlamento galego, vanse debater unhas iniciativas do BNG respecto ao canon eólico. Non é o noso modelo; o modelo do BNG é o de participación pública e directa no sistema enerxético, como demostramos no seu día desde o Goberno. Agora ben, aínda co modelo actual, hai marxe de mellora para beneficiar a xente por riba das eléctricas. Polo tanto, aí estará o BNG, pese á demagogia das forzas estatais, defendendo propostas no curto prazo tamén que melloren a situación de Galicia. Son vostedes que non queren ir por esa vía. ¿Por que non estamos debatendo, por exemplo, cal é a porcentaxe que deberíamos recibir de IRPF? Debatamos sobre iso, pero para vostedes é moito máis cómodo ir a unha esquina e dicir que aquí todo iría peor se dependese do BNG. Mais a historia recente demostra que onde está o BNG con capacidade de negociación hai avances en positivo para Galiza. E si, a oferta dunha quitación que inclúa tamén o noso país é algo positivo para este país, aínda que vostedes non o queiran recoñecer.

A cuestión, señor Corgos, é aproveitar esas oportunidades, en lugar de defender as súas siglas, porque demostraron hoxe aquí —falando máis de Cataluña que de Galiza, e ese é o seu mellor espello— que realmente son un goberno sen iniciativa; un goberno cuxa única postura é dicir si ao que ordena o señor Feijóo desde o ámbito do Estado e baseándose simplemente en facer de oposición da oposición.

Xa o que me cumpría por escoitar nesta Cámara é: ¿onde puideron negociar? ¡Oia! señor Pazos, son un goberno, plántense e negocien. Tiveron consellos de política fiscal e financeira dos que



se levantaron, tiveron a oportunidade —supoño que o señor Rueda a tivo— de levantar o teléfono e de pedirlle reunións ao señor Sánchez. Plántense vostedes e negocien por este país.

En conclusión —porque remata o tempo—, concordamos con que a proposta do Goberno do Estado, efectivamente, é inaceptable, sen ningún tipo de paliativo, e non pode ser aceptada por este país nin pode ir adiante. Estaremos do lado de quen defenda que non pode ser así. Agora ben, se este país quere ter credibilidade, se este país non quere seguir perdendo nos debates do sistema de financiamento, é necesario que vostedes poñan algo da súa man, señor Corgos, e que cambien de estratexia, que defendan este país cunha negociación bilateral, que defendan este país con propostas concretas para avanzar. Evidentemente, que Galiza avance vai implicar que outros perdan, pero nós seguiremos insistindo en que primeiro temos que compensar o desinvestimento das últimas décadas, en que temos que compensar os anos de déficit deste sistema de financiamento e en temos que camiñar para ter máis capacidade de decisión sobre os recursos que temos e que emiten os galegos e galegas, porque somos un país que merece e pode ser maior de idade.

Polo tanto, o BNG vai estar á altura, vai negociar e vai defender este país sen ataduras de ninguén. ¿Que van facer uns e outros, que se deben aos seus xefes en Madrid? Pois o tempo porá a cada un no seu sitio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías, é imposible falar en serio con vostedes. Dígolles a verdade, é imposible. Miren, eu quero que saiban todos os galegos, por se non o coñecen, cal foi o profundo estudo e a documentación facilitada polo Goberno de España para dicirnos como nos imos financiar o conxunto de españois nos vindeiros anos. É isto, quero que o miren ben. (*O deputado José Alberto Pazos Couñago mostra uns documentos.*) Con base nestes dez folios, temos que adiviñar a xustiza da proposta, a seriedade e o rigor con que se analiza, e veñen aquí aínda sacar peito do traballo realizado. (*Aplausos.*) Eu non sei como non lles cae a cara de vergoña.

Mire, señora Presas, creo que non entendeu vostede ultimamente o que está pasando neste país. O conselleiro levantouse, entre outras cousas —ou negouse a sentarse nun consello de política fiscal e financeira—, porque o Goberno se negaba a incluír na orde do día os temas que solicitaban as comunidades autónomas, entre eles abordar entre todos o novo modelo de financiamento. ¿Ou non escoitou vostede isto? Pero vostedes prefiren a falacia: «O Estado fai caixa con Galicia». Nós queremos un modelo baseado en datos, non en falacias: a capacidade recadatoria de Galicia do oitenta por cento e a necesidade de gasto do 110. Non o digo eu, dío o Foro Económico de Galicia, que para vostede tamén era unha fonte de referencia. ¿Como resolve vostede ese GAP, esa diferenza do trinta por cento? Vostede resólveo con ideoloxía, con demagogia, con mentira; nós o que reclamamos é xustiza social e solidariedade.



Mire, preguntan pola proposta de Galicia. Enviamos un experto designado por este Parlamento a participar nos traballos técnicos, e ía consensuado o experto e ían consensuadas as bases que tiña que defender. Claro que se avanzou no modelo de financiamento durante o Goberno de Mariano Rajoy, e houbo un acordo técnico que o señor Sánchez primeiro meteu nun caixón e que despois tirou ao cubo do lixo. ¿E por que? Porque nese acordo a única que non participou foi Cataluña. Por iso agora se acepta a chantaxe de quen se negou a negociar e imponse o criterio por enriba do acordo das catorce comunidades autónomas que si fixemos o noso traballo.

Mire, señora Iglesias, vostede fala do tamaño da tarta para non falar da repartición da tarta. Os ingresos do Estado de calquera administración flutúan. Haberá momentos de maior recadación e haberá momentos de menor recadación. Iso é lóxico, e por iso é fundamental que establezamos como se van repartir eses ingresos en épocas de vacas fracas e en épocas de abundancia, para que haxa unha repartición xusta. Por iso é unha chorrada —vaime permitir que llo diga— que nos recorde aquí que pediamos 500 millóns. ¡Claro!, pediamos 510 millóns cando nos dicían que se ían repartir 14.000. ¡Agora vanse repartir 21.000 millóns! ¿Que quere?, ¿que quedemos exactamente cos mesmos? E cos mesmos non, porque xa lle dixo o conselleiro que nin sequera son 587, que son 400 millóns de euros. Duplícase a cantidade que se aporta, a Galicia minóraselle a cantidade que recibe, e a vostede parécelle ben e di que vaíamos negociar. ¡É unha cousa asombrosa, dígollo de verdade!

Non teño moito tempo para falarlle de cousas que mencionou aquí, como o *dumping* fiscal. Señoría, a repartición do financiamento faise con base na recadación normativa, con base na recadación que cada comunidade ten para recadar —si, si, aquí tamén—. E a autonomía consiste en que despois cada comunidade autónoma, autonomamente —valla a redundancia—, decida cal é a súa política fiscal. Vostedes o que queren é impoñela, je nin sequera desde o Estado! ¡Queren que nola impoña a Generalitat de Cataluña! ¡É unha cousa asombrosa! Mire, a realidade é que, unha vez máis, un goberno socialista pretende disfrazar de acordo o que non é máis que unha chantaxe; e a realidade, unha vez máis, é que o BNG e o PSdeG empatizan máis co chantaxista que co chantaxeador. A Xunta de Galicia leva anos pedindo unha negociación multilateral para construír un modelo de financiamento consensuado, e iso que ofreceu o señor Sánchez é unha proposta pechada, innegociable e nefasta.

Mire, ¿cal é a marxe de negociación que se nos deu ás comunidades autónomas? Pois eu creo que está resumida nun aforismo que coñecemos todos: susto ou morte; ou aceptas a repartición inxusta dos 21.000 millóns de euros adicionais ou renuncias a recibir nin un só euro deses 21.000 millóns. ¡Que oferta tan xenerosa!, ¡que cabal! ¡Oia!, se non lle gusta a vostede o novo modelo de financiamento, simplemente non participe del e quede co que ten. ¡É marabilloso!

Mire, se a súa señoría considera que isto é unha fórmula aceptable de negociación, talvez poidamos aplicala en Galicia. Acabamos de pechar un acordo coa Fegamp para mellorar o financiamento do SAF. O BNG non está de acordo, montou un lío con todo isto. Pregunto: señorías, ¿podemos facer que sexa de adscrición voluntaria? Se non lles gusta, queden vostedes co financiamento que teñen agora. ¿Parécelles unha proposta razoable? ¡Home!, polo que escoitei eu aquí, hai a quen si, aínda que moito temo que se facemos esa proposta estarían vostedes convocando «manifas» antes de que acabase este pleno. (*Murmurios.*)



Pero podemos facer o mesmo co financiamento local, que temos que abordar en breve. Supoño que compartirán que traslademos o acordo de financiamento aos concellos galegos con esas mesmas premisas que vostedes defenden para abordar o financiamento autonómico. ¿Debemos aplicar o principio de ordinalidade aos concellos galegos? ¿Vostedes cren que aqueles concellos que pagan máis per cápita teñen que recibir maior financiamento per cápita ou, cando menos, o mesmo? ¿Consideran que os concellos que máis aportan por cidadán deben recibir máis por cidadán? ¿Consideran que debemos ponderar en maior medida o número de rapaces en idade escolar que vive en cada concello ou o número de maiores que habitan eses concellos? ¿Debemos negociar ese acordo cos representantes da Fegamp ou talvez deberíamos facelo só con aqueles que nos garantan a permanencia no Goberno? E supoño que aprobarán vostedes que se algún concello non comparte a proposta que presenta a Xunta, sempre pode renunciar ao novo modelo e manter o seu financiamento actual, ou, se o prefire, seguir os consellos da señora Pontón e do señor Besteiro e tentar negociar bilateralmente coa Xunta de Galicia. ¿Vostede cre que nunha negociación bilateral cos concellos galegos, cun goberno presidido por Alfonso Rueda, van obter vostedes mellores prestacións que cun modelo consensuado entre todos? Eu creo que non, e supoño que vostedes tampouco...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...o que pasa é que vostedes veñen aquí debater coas cartas marcadas, porque saben que, afortunadamente para os concellos e para os galegos, en Galicia si distinguimos perfectamente o acordo da extorsión, e a gran vantaxe que teñen os galegos é que temos un presidente que nin acepta nin practica a chantaxe. ¡Oxalá pronto poidamos dicir o mesmo do presidente de España! (*Aplausos.*) Desgraciadamente, hoxe, non.

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Quero facer dous comentarios ás intervencións anteriores.

Simplemente, a señora Iglesias volta tirar de slogan e argumentario, e non me resisto a comentar algo sobre dúas frases que dixo: «Somos a esquerda que pode». Pois, se podían, ben puideron dicirlle ao señor Sánchez que fixese un sistema de financiamento e que pensase un pouquiño máis en Galicia. E di que os socialistas son solidarios. Pois iso, a solidariedade ben entendida empeza sempre por un mesmo, ¿non? (*Risos.*) (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E o segundo é que volta retorcer as cifras, facendo de voceira da ministra, cos 580 millóns. Non son 580, señora Iglesias, son 400 millóns adicionais. Os outro 180 xa están no orzamento, financiando a sanidade. ¿Que facemos?, ¿quitámoslos de aí para metelos noutro sitio? Son 400 millóns adicionais no ano 2027. Se os deflactásemos a este ano aínda serían menos, e, como xa dixen, non chegan nin para pagar o incremento da masa salarial que acordou o propio Goberno central en exercicio das súas competencias. Por tanto, non sei de que recursos adicionais está a falar.



Críticame tamén a señora Presas que contrapoña a súa proposta, como principal grupo da oposición, coa nosa ¡Pois que vou facer, se non, se estamos aquí!, ¿non, señora Presas?, ¿poñer en valor a miña proposta e dicir que cousas vexo que non son tan boas da súa? É do único que me limitei a falar. Non sei de que demagogia fala. Eu en todo momento empreguei cifras obxectivas, recadación, custos e asignación de custos das balanzas fiscais, que tanto lles gustan aos seus colegas cataláns. Por tanto, non sei que demagogia empreguei. Si que é certo que se se lles aplicase o cupo vasco a todas as comunidades autónomas non daría para financiar os servizos públicos que desenvolve a Administración xeral do Estado; é certo, pero tamén é certo que os servizos públicos non se pagan con *corticoles*, páganse con euros e, entón, habería que facer unha nova repartición. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

En segundo lugar, fala da Comisión de Financiamento do Parlamento. ¡Se eu non falei da postura do Goberno de Galicia, da posición de financiamento do Parlamento...! Eu falei dos documentos que achegamos a esa comisión, que se presentaron no Consello de Política Fiscal e Financeira perante o ministro de Facenda de turno, que reflectían a posición de Galicia. Non falei da nosa postura nesa comisión. Falei de documentación oficial, de propostas oficiais do Goberno de Galicia para o novo sistema de financiamento autonómico, que están postas por escrito e que vostedes teñen. Polo tanto, saben de sobra cal era a postura e as propostas concretas que fixo a Comunidade Autónoma de Galicia.

Di que temos as mans atadas para quitar recursos doutras cousas... Non, non. Temos as mans atadas para quitar recursos da cifra que acordou Esquerra Republicana co señor Sánchez; para iso si que temos as mans atadas e sabemos que non se van mover nin un milímetro desa cifra, porque, se non, non hai acordo que valla. (*Murmurios.*)

Estamos, por tanto, sen dúbida, ante un dos asuntos máis importantes para Galicia, o financiamento dos nosos servizos básicos —da nosa sanidade, da educación e das nosas políticas sociais—, e eu penso que é importante que teñamos unha valoración exacta do que acontece aquí e tamén que defendamos unha posición unida da Comunidade Autónoma de Galicia para defender o que é seu. E precisamente por iso non podemos dar un paso atrás na defensa das variables obxectivas que provocan que a prestación destes servizos na nosa comunidade autónoma teña un maior custo, como son a dispersión e o avellentamento. Porque si, a dispersión e o avellentamento valóranse no sistema, pero valóranse incluso menos que no sistema vixente, en vez de valorarse máis, como pedía a Comunidade Autónoma galega. É algo no que todos estamos de acordo e, por tanto, o simple feito de que a proposta do Goberno central reduza ese peso destes dous factores xa é dabondo para rexeitala. Galicia non pode pasar de estar cun financiamento lixeiramente por enriba da media a situarse nas últimas posicións. E a Galicia non lle convén unha formulación que muda por completo os fundamentos do sistema de financiamento autonómico e que por primeira vez minora a discriminación positiva para os territorios con máis necesidades, senón que favorece a quen ten maior capacidade tributaria. Isto fai saltar polos aires un principio irrenunciabile: a igualdade no acceso aos servizos públicos, do que é garante a solidariedade interterritorial que perpetúa a Constitución Española, o que provoca que sexa unha mala proposta para o conxunto das comunidades autónomas, pero en especial que sexa unha mala proposta para Galicia.

É o momento de plantarse e de dicirlle claramente ao Goberno central que non todo vale e que os recursos de todas estas comunidades autónomas se reparten entre todos e non primeiro



cunha comunidade autónoma e logo que o que quede tras esa negociación bilateral se reparte cos demais. É un asunto que tamén transcende as cores políticas, porque mesmo comunidades gobernadas polos socialistas rexeitan esta proposta e fano porque atenta contra a igualdade e a solidariedade recoñecidas pola Constitución Española —non me cansarei de dicilo—.

Os socialistas galegos deberían facer máis caso ao señor Pérez Touriño —ao expresidente Touriño—, que tamén amosou a súa preocupación polos efectos que tería para Galicia esta proposta, e deixar de antepoñer os intereses de Pedro Sánchez aos de Galicia.

E o Bloque Nacionalista Galego debería pensar que se todo o mundo menos eles concorda en que o sistema de cupo sería aínda unha peor opción para Galicia igual os equivocados son eles. Neste intre —e polas razóns que expliquei— a única saída razoable é que o Goberno de España retire unha proposta que conta co rexeitamento unánime de todas as comunidades autónomas menos unha, e que a continuación se sente con todos á vez no foro que corresponde, que é o Consello de Política Fiscal e Financeira, para seren capaces de pactar todos un financiamento equitativo que colabore a que calquera cidadán poida recibir servizos públicos de calidade con independencia da comunidade onde resida. Insisto unha vez máis: Galicia non quere ser máis ca ninguén, pero tampouco aceptará ser menos ca ninguén.

Remato xa apelando de novo á unión de todos os grupos parlamentarios para sumar forzas e reforzar a posición de país pactada neste Parlamento, para que o novo sistema de financiamento autonómico atenda de verdade os custos de prestación dos servizos da nosa comunidade, que obxectivamente son maiores, sobre todo pola dispersión poboacional, única en España, e o avellentamento da poboación, que nos demandan todos os galegos e galegas e que é o primeiro que seguirá a defender con firmeza o Goberno galego.

Moitas grazas e máis nada. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Continuamos agora coa alteración da orde do día. Pasamos ao punto cuarto. Isto correspóndese co de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Miguel Fidalgo Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.



Deben modificarse exclusivamente os puntos 3 e 5 do texto da parte resolutiva, que quedarán redactados como segue:

«3. Garantir partidas orzamentarias suficientes destinadas a colaborar no financiamento das labores de vixilancia que levan a cabo as confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector pesqueiro, co obxectivo de salvagardar o medio mariño e as súas especies.

(...)

5. Instar ao Goberno do Estado a establecer canles de diálogo e de colaboración permanente coas autoridades pesqueiras portuguesas para contribuír a solucionar o problema do tráfico de produtos do mar ilegais e minimizar os prexuízos e as consecuencias que del se derivan.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

No último pleno, antes do Nadal, interpelamos aquí a conselleira do Mar sobre as medidas que se están a levar a cabo para loitar contra a procedencia ilegal dos produtos do mar; a procedencia ilegal, é dicir, a que provén do furtivismo, unha actividade que se dá nas nosas augas, pero que tamén se dá nas augas de países lindeiros, o que nos afecta dun xeito importante en Galiza precisamente pola proximidade con Portugal.

Nesa interpelación de decembro a conselleira, seguindo ao pé da letra o manual discursivo do Partido Popular, dixo, resumindo, dúas cousas: primeiro, enxalzou o traballo do Servizo de Gardacostas de Galiza sen que nós previamente o criticásemos... É o de sempre, *excusatio non petita, accusatio manifesta*. O que si é certo é que o que nós poñiamos en cuestión naquel momento era —e segue sendo no día de hoxe— a xestión política dese servizo, do Servizo de Gardacostas, e, sobre todo, subliñabamos que para que a loita contra o furtivismo sexa máis eficaz consideramos que as partidas orzamentarias que se lle adican deben incrementarse. E, claro, eloxiar, como fixo a conselleira, o traballo do Servizo de Gardacostas de Galiza sen atisbo ningún da mínima autocritica levou tamén á conselleira a dar o paso conseguinte nese manual do Partido Popular, que é —¿como non?— criticar o labor doutros corpos, neste caso pertencentes ao Estado, e criticar tamén o propio Goberno do Estado para dicir —e leo textualmente— «que non realiza as actuacións coa dilixencia precisa», referíndose á coordinación con Portugal. Isto é, dísenos aos demais —e críticasenos sempre dun xeito que non se corresponde co que nós dicimos— que non temos respecto polo traballo dos funcionarios da Xunta, que aproveitamos sempre para criticalos etcétera, pero, ao mesmo tempo, os representantes da Xunta de Galiza e do Partido Popular non teñen rubor ningún en criticar abertamente o labor doutras administracións e doutros funcionarios desas outras administracións. En fin, esa é a coherencia do Partido Popular, que fai augas por todos os lados con calquera tema do que falemos. E aquí permítanme unha paréntese —unha pequena paréntese—. Podemos falar do que está a pasar agora mesmo e do que acaba de pasar co Regulamento de control da pesca,



e aí é onde se ve a verdadeira coherencia do Partido Popular. Non só promoven ese regulamento en Europa, non só o impulsan, senón que, evidentemente, o apoian, votan a favor del e logo póñense diante da pancarta para criticar ese regulamento que eles impulsaron, promoveron, redactaron e votaron. ¡É a coherencia do Partido Popular! (Aplausos.)

En segundo lugar, a conselleira naquela súa intervención pediu prudencia, si, «pediu moita prudencia...» —e tamén leo textual— «...con certas afirmacións» —referíase a afirmacións que fixeramos nós— porque, dependendo de que cousas se digan —e volvo ler textual— «...penalizan sobremaneira o sector». Neste caso, tampouco hai nada novo. Como fan sempre, culpan a oposición e a todo aquel que non concorde con eles —neste caso co Partido Popular— dos males do sector. Agora si, quen ten a responsabilidade —é dicir, a Consellería do Mar, a conselleira do Mar— fai e di que todo vai de marabilla.

Ben, señorías, a nosa interpelación produciuse aquí o 17 de decembro —jo 17 de decembro!—, e fíxense que noticias se producía o 19 de decembro, só dous días despois da nosa interpelación: «*Interceptan tres coches cargados con 1,4 toneladas de almejas ilegales en Portugal y con destino a Galicia*». (A deputada Rosana Pérez Fernández mostra un documento.) Esta noticia prodúcese dous días despois da nosa interpelación. E como esta noticia —esta non é a única, evidentemente— hai moitas outras de antes e de despois da nosa interpelación. Esa foi precisamente unha das razóns polas que nós interpelamos a conselleira. Non sabemos se a conselleira, no día de hoxe, despois de ver esta noticia ou outras como esta, opina que tamén penalizan sobremaneira o sector, non o sabemos. Ao mellor, o que pretende a propia conselleira e o que pretende o Partido Popular é amordazar aínda máis —aínda máis— os medios de comunicación, igual que tentan amordazar a oposición neste Parlamento, cousa que queda en evidencia e non dan conseguido, por máis que o intenten.

Pois ben, señorías, o caso é que a brutal crise marisqueira que se vén producindo dende hai anos no noso país incrementou a entrada de marisco foráneo, incrementou a entrada do marisco legal, pero tamén do marisco ilegal; e o peor é que ese marisco foráneo —legal e ilegal— véndese aquí como produto galego. ¿Hai algo que poida facer máis dano o sector marisqueiro galego? É dicir, ¿introdúcese legal ou ilegalmente produto de fóra e véndese aquí como galego? Nós diríamos que non. E mentres, os medios e os recursos da propia consellería seguen a ser os mesmos basicamente de sempre. O caso é que a crise do marisqueo, que ten responsábeis directos con nomes e apelidos, que están na Xunta de Galiza e que están no Partido Popular, supón que as rías producen cada vez menos e supón que cada vez hai menos mariscadoras e mariscadores traballando nelas. Pero supón tamén que o consumo non diminúe; ao contrario, o consumo de marisco aumenta, e para cubrir este consumo —que vai en aumento—, as lonxas, pero tamén por fóra das lonxas, venden cada vez máis marisco de fóra.

Polo tanto, nós, señorías, seguimos pedindo, igual que pediamos no mes de decembro, as medidas que xa lle adiantabamos á conselleira, porque nós pensamos que estas medidas que pedimos están absolutamente fundadas nos datos, nalgúns que lle acabo de dar e noutros moitos que poderíamos citar.

Polo tanto —e para ir rematando—, nós cremos que hai aquí, na nosa moción —a pesar de que consta de oito puntos—, tres bloques, tres grandes bloques, do que cremos que hai que



facer a respecto deste tema: primeiro, incrementar os medios, os medios humanos e, desde logo, os recursos orzamentarios, precisamente para que esa eficacia sexa aínda maior dentro do Servizo de Gardacostas; segundo, instar o Goberno do Estado a que intensifique os controis e os medios precisamente contra a importación ilegal de produtos do mar, pero non só instar o Estado a que o faga, senón a que dende a propia Xunta de Galiza se establezan canles de diálogo permanente coas autoridades portuguesas, por sermos países lindeiros, e, polo tanto, incúmbenos directamente; e no terceiro bloque incluíamos todo o que ten a ver coa etiquetaxe e coas medidas de concienciación cidadá para evitar que os consumidores e consumidoras adquiren produtos ilegais. É fundamental, baixo o noso punto de vista, intensificar os controis nas prazas de abastos, nos locais de depuración —nos que xa publicamente se puxo moitas veces de manifesto que houbo problemas— e tamén nos de hostalería ou en calquera outro lugar que se considere, precisamente, para ir reducindo a entrada...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidente— e a distribución e venda dos produtos do mar de procedencia ilegal.

Basicamente eses son os tres bloques da proposta que facemos, baseados —como digo— nos datos e na realidade, que entendemos que poden ser apoiados polos tres grupos da Cámara.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Quero comezar condenando o pacto «guarro» para presidir a Deputación de Lugo entre a pinza do PSOE e BNG e o señor José Tomé, denunciado por acoso sexual. Este pacto guarro e este soldo guarro poñen de manifesto o cinismo, a mentira e a hipocrísia como forma de facer política do Partido Socialista e do BNG. ¡Que pronto se lles esqueceu o feminismo, señores do PSOE e do BNG! Falaba vostede, señora Pérez, de coherencia. Pois aí está a súa coherencia política; aí está, no pacto guarro da Deputación de Lugo. *(Aplausos.)*

Señora Pérez, vostede na interpelación que deu pé a esta moción quixo falar dos TAC e cotas. E eu hoxe quero reivindicar o traballo da conselleira do Mar porque estivo en Bruxelas defendendo a frota galega, acompañando o sector, levando datos, informes e propostas concretas ante o ministro socialista Planas; dun goberno que se sostén, por certo, grazas ao apoio do BNG. Vostedes, pola contra, non estaban, non estaban nin co sector nin defendendo os intereses de Galicia; e quen non dá a cara cando toca despois non pode vir aquí dar leccións de nada, señora Pérez. Eu fágolle unha pregunta: ¿xa lle pediron explicacións ao seu ministro por defender o Mediterráneo e non defender a frota galega? ¿Xa llas pediu vostede?



¿Xa lles pediu tamén a eurodeputada do seu partido? ¿E sobre o arquivo da causa polo vertido dos *pellets*? Parece que non lles gustou o que dixo a xuíz. ¿Cando van dar desculpas por iso? ¿Cando van pedirllas desculpas aos galegos? Porque coas súas mentiras e os seus bulos intentaron apañar uns votíños en campaña electoral, pero os galegos e o tempo volvéronos poñer no seu sitio. Unha vez máis, quedou acreditado que a Xunta actuou dun xeito impecable para arranxar o problema, mentres Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego quedaron retratados polo dano que lle intentaron facer a Galicia. Así é. (*Aplausos.*)

E entrando no fondo da cuestión do furtivismo, cómpre dicilo con toda claridade, e sábeno perfectamente. A Xunta de Galicia non só actúa, senón que lidera en España á contra contra a pesca ilegal, e faino con feitos, con medios, con persoal e con resultados; resultados que desmontan o relato catastrofista que vostedes pretenden instalar. O Servizo de Gardacostas de Galicia é un servizo pioneiro, único no Estado —júnico!—; non existe en ningunha outra comunidade autónoma un corpo propio de inspección integral dos produtos do mar como o noso. Deberían sacar peito. Traballa 24 horas ao día, os 365 días do ano e leva máis de trinta anos salvando vidas. No orzamento do ano 2026, a Xunta destina 18,5 millóns de euros a este servizo: medios navais, terrestres, aéreos, 2 helicópteros, 144 axentes, 23 veterinarios e 22 prazas máis en proceso de cobertura —iso é compromiso real—. E, ademais, a Xunta apoia directamente as confrarías: 5 millóns de euros anuais para financiar a vixilancia, que permiten contar hoxe con 163 vixilantes colaborando co Servizo de Gardacostas. Iso é apoiar o sector e non facer pancartas nin discursos baleiros. Desde o 2009 está en marcha un plan integral de loita contra a pesca ilegal, integral, anual e estruturado; cobre toda a cadea: extracción, transporte e comercialización. Hai cero improvisación, señora Pérez, cero improvisación, porque os datos están aí: só entre xaneiro e outubro de 2025 se realizaron 8.400 inspeccións, detectáronse 2.300 infraccións e comisáronse máis de 23.600 quilos de produto ilegal. Estes son feitos, e os feitos falan, señora Pérez.

No ámbito da salubridade, o que lle pediríamos é responsabilidade. O Intecmar mantén coordinación permanente con organismos estatais e portugueses, como o Laboratorio Oficial de Biotoxinas, que analiza mostras de forma continua; en 2024, menos do catro por cento presentaron incidencias; e no ano 2025, baixamos ao tres por cento. O que non lles imos permitir é que veñan aquí falar mal do sector, introducir dúbidas ou meterlle, coma sempre, o medo no corpo á xente polo que come. (*Aplausos.*) Dicir que nas festas de Nadal hai máis marisco nas casas que no mar —como dixo a señora Pontón— ou que chegan produtos perigosos ás mesas dos galegos —como dixo vostede, señora Pérez— é unha irresponsabilidade e prexudica —sábeo— gravemente o sector. É unha irresponsabilidade, señora Pérez, porque —como ben sabe— en Galicia temos o mellor peixe e o mellor marisco do mundo, por iso falamos de «Galicia Calidade».

Por certo —permítanme a broma—, cando falaban no Nadal dun señor de barbas gabeando por unha parede cun saco ao lombo, ¿non se referirían ao señor Beiras —como tamén dicían que hai pouco sería recibido a paus en calquera casa galega—? Por iso preguntaba. (*Aplausos.*)

Señorías, falemos agora de competencias, porque aquí tamén hai moita confusión interesada. Cómpre ser rigorosos, sexamos serios. A loita contra as organizacións criminais corresponde á Policía Xudicial e á Policía Nacional, non a unha policía administrativa



autonómica. A Xunta colabora, coordina e facilita medios, pero non pode nin debe asumir competencias que son do Estado. Vostede sábeo, señora Pérez, sabe que a propia conselleira do Mar, Marta Villaverde, se reuniu con mandos da Policía Nacional para reforzar a coordinación cos gardacostas da Xunta. Porque, no que respecta á entrada de produto ilegal doutros países —especialmente de Portugal, que a hai, convén lembralo con claridade—, a competencia é do Goberno central; así é, do Goberno que vostedes sosteñen en Madrid. Por iso, non temos ningún problema en votar a favor desta iniciativa sempre que acepten a nosa emenda, xa que dos oito puntos que piden na súa moción só lles pedimos unha lixeira modificación nos puntos 3 e 5.

E vou rematando porque tamén na concienciación social imos por diante. Campañas da Xunta como «Do mar vívese, non sexas pirata» ou «Á praia vés gozar e non saquear» son exemplos dun compromiso sostido coa defensa do sector e do medio mariño. Estes son feitos, non son palabras; son campañas da Xunta.

Señora Pérez, poden dicir o que queiran, pero a realidade é unha soa. Galicia ten hoxe o sistema de control e inspección máis potente de España grazas á Xunta de Galicia, o que falta é que o Goberno central cumpra coas súas obrigas. O Goberno central ten que controlar o que vén de fóra: sanidade exterior, SOIVRE... ¿Saben o que son?, ¿saben ao que se dedican, señora Pérez?

E termino xa. As súas críticas son totalmente inxustificadas. Eu pediríalles menos demagogia, menos posturo e máis valentía política. Exixan explicacións ao seu ministro amigo, defendan Galicia onde corresponde e deixen de poñer en cuestión a quen si está a facer o seu traballo. Galicia agradecerállelo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

¡Que pouco lles importa ao PP e ao señor Fidalgo a pesca! (*Risos.*) Absolutamente nada; para empezar a falar da Deputación de Lugo. Hoxe non toca Venezuela, ¿verdade, señor Fidalgo? (*Risos.*) Non, hoxe non toca Venezuela. ¿Por que será? Era bo que falase vostede das vergoñasas mocións de censura que o PP presenta nos concellos de Galicia. (*Aplausos.*) Esas si que son «guarras», (*Aplausos.*) si, señor Fidalgo; si que son guarras as mocións de censura que presentan vostedes.

Viña falar de medidas sobre o furtivismo. Consideramos que estamos ante un problema que non é novo, pero que segue crescendo ante a pasividade do Goberno da Xunta: o furtivismo e a entrada masiva de produto foráneo que afunde o noso sector pesqueiro e marisqueiro. Fa-



lamos de miles de familias que viven do mar, de mariscadores e mariscadoras, de pescadores, de percebeiros e profesionais que cumpren a lei, respectan as vedas e apostan pola calidade. E mentres eles fan sacrificios, a Xunta mira cara a outro lado, non por falta de denuncias, non por falta de avisos, senón por falta de decisión política. O furtivismo non é unha anécdota, é un problema de orde pública, é unha actividade organizada que esquilma os nosos bancos marisqueiros, un saqueo sistemático dos nosos recursos, unha agresión ao medio ambiente que destrúe o equilibrio ambiental e xera unha competencia desleal brutal; é unha condena directa a quen vive honestamente do mar.

Falta vixilancia, faltan medios humanos e materiais e, sobre todo, falta vontade política. Non se está actuando coa contundencia necesaria; os propios profesionais denuncian cada día. Cada quilo de marisco furtivo que entra no mercado e cada caixa de produto foráneo —mala etiquetaxe— ten un responsable político, e ese responsable está sentado no Goberno da Xunta.

O sector marisqueiro vén arrastrando unha crise importante desde hai varios anos e precisa que se protexa ante as prácticas de furtivismo. O mar galego non necesita propaganda continua do PP e do Goberno galego, o que necesita é protección, valentía e compromiso. Pero o problema non acaba aí. A este espolio súmase a entrada de produto foráneo moitas veces sen o control suficiente, que se vende coma se fose galego, afundindo os prezos e enganando os consumidores, arruinando o pequeno produtor galego. Isto non é competencia, isto é unha trampa; é produto que non cumpre os mesmos estándares sanitarios, sociais nin ambientais que se lles exigen aos nosos traballadores do mar. ¿De que serve presumir tanto de marca Galicia se logo non se protexe o noso sector pesqueiro e marisqueiro e se permite que se mesture marisco galego co produto de fóra sen rastrexabilidade clara e sen transparencia? Tanto falar de «sentidiño» para, logo, actuar desa maneira. (*Aplausos.*) ¿De que serve exixir esforzos ao sector, se despois se permite que outros xoguen con regras distintas? Iso non é defender Galicia, iso é abandonar os traballadores do mar. Ou se protexe o sector pesqueiro e marisqueiro ou se está elixindo beneficiar intermediarios e grandes comercializadores á conta dos traballadores do mar.

Desde o Grupo Socialista, exiximos que o Goberno galego asuma as súas competencias —iso que nunca fai— e adopte medidas claras e urxentes: evidentemente, reforzo inmediato da vixilancia contra o furtivismo, con máis persoal, e máis recursos; controis reais e efectivos sobre a orixe do produto pesqueiro e marisqueiro que entra en Galicia; rastrexabilidade clara e etiquetaxe transparente para que o consumidor saiba o que compra sen trampas nin letras pequenas; sancións exemplares tamén para quen roube recursos públicos ou engane o consumidor; campañas de concienciación sobre seguridade alimentaria e contra o furtivismo, pensadas para o público xeral, para o sector e tamén en centros educativos; apoio decidido ao sector, escoitando, como non se fai, as confrarías e os profesionais do mar; e priorización dos produtos locais nas compras públicas —escolas, hospitais, residencias...—, como unha forma de fortalecer o tecido produtivo galego fronte a produtos importados. Defender o mar galego non é unha consigna desas que tanto lle gustan ao PP, é unha obriga, e é tamén defender emprego, territorio, sustentabilidade e xustiza social.

A Xunta aínda está en tempo de actuar, pero cada día que pasa sen facelo é un día máis en contra da nosa xente do mar. Galicia non pode permitirse perder o que a fai única, e o Partido



Socialista non vai deixar de alzar a voz ata que se protexa o sector pesqueiro e marisqueiro como merecen.

Votaremos a favor desta moción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Falaba eu na miña primeira intervención da coherencia do Partido Popular, e, por se non fose pouco todo o que coñecemos sobre a súa falta de coherencia, acabamos de ver algún exemplo máis. Falaba o señor Fidalgo de guarradas ou guarrerías —ou porcalladas, en galego; non sei exactamente de que falaba—, e referíase ao pacto da Deputación de Lugo. Claro, é supercoherente, porque eles falan de guarradas ou de porcalladas cando se refiren a un pacto político absolutamente lexítimo, pero parécelles xenial aplaudir un presunto acosador sexual que ostentaba, ata hai moi pouco tempo, a máxima responsabilidade na Consellería do Mar. *(Aplausos.)*

E falaba o señor Fidalgo —coa coherencia habitual que caracteriza o Partido Popular— de que, en concreto, o BNG seica quixo facer unha campaña á conta dos *pellets* que se dispersaron polas praias galegas sen que o Goberno galego fixese absolutamente nada. E fíxese se son coherentes que critican ou din que nós queríamos apañar un puñado de votos. ¿Que querían apañar os do Partido Popular? ¿Que querían apañar, señor Fidalgo? Porque vou lembrarllles o que pedían vostedes: 1 avión, 11 barcos, 2 helicópteros e 1 submarino para atender os *pellets* do Toconao. *(Aplausos.)* ¡É increíble! ¡Coherencia a tope!, ¡coherencia a tope!

E di o señor Fidalgo —agora xa entrando no serio, porque vostede tivo tempo de falar de todo menos do que eu lle falei, que foi a súa incoherencia absoluta sobre o Regulamento de control— que non hai outro servizo igual en todo o Estado español que o Servizo de Gardacostas galego. A ver se o entende, señor Fidalgo. É que non hai outra costa igual en todo o Estado español que a costa galega. Por iso ten que haber un servizo de gardacostas acorde con esa costa, que non o hai, porque lle faltan recursos humanos e orzamentarios. Díxenllo na nosa primeira intervención e é un dos puntos da nosa moción.

Volve dicir —e iso eu antecipeino na primeira intervención— que o BNG fala mal do sector. E eu vólvolle preguntar, señor Fidalgo: ¿que hai peor, para o sector marisqueiro neste caso, que desatender precisamente a debacle que se vén producindo, dende hai anos, nas rías galegas, sen que a Xunta de Galiza e a Consellería do Mar movan un dedo? ¿Que hai peor? Xa pode dicir a oposición o que queira, pero non hai nada peor que a inacción, o desleixo e a desidia do Partido Popular a respecto do sector marisqueiro. *(Aplausos.)*

E, por último, di o señor Fidalgo —a ver se coa, ¿verdade, señor Fidalgo?— que, dos oito puntos que nos presentan na moción, lle facemos aquí unha emendiña de dous puntos nada máis, unha



lixreira emendiña. ¡Oia, si!, lixeira, digamos, en volume, pero imos ao contido. Miren, emendan vostedes o punto 3. No punto 3 nós dicimos: «Acrecentar os orzamentos destinados a colaborar e a coparticipar co financiamento dos labores de vixilancia que levan a cabo as confrarías». Nós dicimos «acrecetar»; é dicir, teñen que subir ese orzamento. E di o señor Fidalgo na súa emenda: «...garantir partidas orzamentarias suficientes...», bla, bla, bla, bla, bla... Eu quero facer unha pequenísima parente: resulta que nas confrarías deste país, señor Fidalgo, hai 163 gardapescas en total. ¿Sabe vostede cantas confrarías hai neste país? ¿Si?, ¿cantas? 63...

O PRESIDENTE: Remate.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿A cantos gardapescas nos tocan? A 2.5, señor Fidalgo, e el non quere acrecentar os recursos orzamentarios para que as confrarías se doten de máis gardapescas ás confrarías. ¡Isto si que é facerlle dano ao sector, e moito dano!

É o último punto...,

O PRESIDENTE: Si.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...señor presidente, da emenda do PP, na cal nós lles dicimos: «Establecer canles de diálogo con Portugal desde o Goberno galego», eles din —evidentemente, (Risos.) ¿que van dicir?—: «Instar o Estado». Pois mire, señor Fidalgo, non lle coa. Non lles aceptamos as emendas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 1 do texto da parte resolutiva polo seguinte contido:

«1. Facer publica calquera información, relativa ao novo contrato de servizos asinado entre o Sergas e o Hospital Ribeira-Povisa, que non figure na resolución de adxudicación do expediente NB-SER4-25-002, cuxo título correspóndese con: “Contratación de servizos de asistencia sanitaria especializada na área sanitaria de Vigo, por procedemento negociado sen publicidade, suxeito a regulación harmonizada. Tramitación anticipada de gasto.»



Emenda de modificación.

Débese substituír o punto 2 do texto da parte resolutiva polo seguinte contido:

<<2. Presentar ante esta Cámara:

a) Os dous últimos informes de control, seguimento e avaliación do cumprimento dos controis de calidade asistencial e seguridade do Hospital Ribera-Povisa.

b) A información referente ao número de camas e persoal destinado á atención sanitaria pública do Hospital Ribera-Povisa. No caso de persoal desagregado por servizos.>>)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

No pasado pleno, preguntabámoslle ao conselleiro de Sanidade se o Partido Popular ía deixar de ser cómplice, se ía deixar de ser comercial de Povisa para facilitarlle o negocio, e se, polo tanto, ía iniciar de inmediato unha investigación, unha auditoría, para determinar as prácticas do grupo Ribera Salud que saíron á luz co caso Torrejón, cos audios nos que o CEO de Ribera Salud deixaba claro que había que aumentar as listas de espera, rexeitar doentes e evitar procedementos menos rendibles para xerar catro ou cinco millóns de euros de beneficios.

E preguntabámosllo porque a pregunta podía ser: ¿isto de Torrejón é un caso illado?, (*Murmurios.*) ¿foi o caso dunha quentada dun directivo ao que se lle ocorreu propor estas prácticas ilícitas para xustificarse diante dos seus xefes? E a pregunta ten boa contestación: non é un caso illado, en absoluto; responde a un modelo. É a práctica habitual para o Partido Popular en Galiza, na súa máxima expresión no comportamento con Povisa. Este episodio non é un incidente illado, unha mazá podre no negocio nobre coa saúde, senón unha demostración palpable do risco de entregarlles os servizos públicos a empresas privadas co obxectivo esencial de gañar cartos, porque as empresas privadas que se dedican ao negocio da saúde teñen un único obxectivo, e é gañar cartos. Ningunha empresa privada é unha irmanciña da caridade que ten un obxectivo altruísta de atender ben a poboación, senón que o seu único obxectivo é gañar cartos. (*Murmurios.*)

Pois ben, por moi obsceno que pareza isto que estou a dicir, isto que saltou aos medios de comunicación co caso Torrejón, ao BNG non nos sorprendeu. Teño que dicir que non nos sorprendeu, porque tiñamos xa as alarmas acendidas en Galiza dende hai moitos anos. Porque este mesmo grupo, o Grupo Ribera Salud, que ten encomendada a xestión do Hospital de Torrejón en Madrid, é o mesmo que está á fronte do hospital Povisa, o mesmo hospital privado con que o Sergas, a Xunta de Galiza, ten un contrato millonario —o último, asinado hai menos dun ano— por un importe de arredor de cen millóns de euros, porque ao contrato en si hai que asignarlle toda unha serie de cuestións, como son a eliminación das listas de espera e toda unha serie de probas e demais que o Sergas tamén lle encomenda a Povisa fóra



dese contrato para atender 110.000 persoas da Área Sanitaria de Vigo. Temos as alarmas acendidas desde hai moito tempo e temos pedido neste Parlamento todo tipo de información para saber cal é o contido do contrato e como se gastan eses máis de cen millóns de euros dos orzamentos e, polo tanto, dos galegos e das galegas. Temos mostrado aquí a nosa preocupación por que o Partido Popular non queira facer público como se invisten eses cartos, e se van a atender a poboación ou van maioritariamente á conta de resultados da empresa.

Povisa ten un volume de negocio de arredor de 122 millóns de euros. Se, dese volume de negocio de 122 millóns de euros, 100 corresponden ao que recibe de cartos públicos, ¿estamos falando de que máis do oitenta por cento desta empresa subvenciónase con cartos dos galegos e das galegas! Polo tanto, o normal sería que un goberno ao servizo dos galegos e das galegas fose escrupuloso con como se xestionan eses cartos, con vixiar que eses cartos van para a atención sanitaria da veciñanza da Área Sanitaria de Vigo, que ten Povisa (*Aplausos.*) como prestadora do servizo.

Pedimos insistentemente neste Parlamento luz e taquígrafos. E, ¿cal foi a resposta do Partido Popular? Sempre a mesma: a negativa a facilitar información, opacidade total. Pedimos do contido dos contratos; volvemos pedirlle ao conselleiro no anterior pleno, non se hai un contrato e cal é o valor, senón o contido: cantos profesionais se lle exigen, cantos rateos, saber canto destinan á sanidade pública con respecto á privada, a totalidade dos recursos públicos destinados a Povisa pola poboación asignada, a información desagregada do gasto que destina a atender doentes públicos e privados, o número e distribución de camas de hospital destinadas á atención pública e privada, o persoal destinado a prestar esta asistencia, as *ratio*... ¡Negativa absoluta! ¿Por que un Goberno que non ten nada que ocultar se nega sistematicamente a facilitar esa información?, ¿por que se negan a que saibamos o contido do contrato?, ¿por que se negan a explicarnos cales son as exigencias que lle poñen á empresa?, ¿por que se negan a que saibamos o número de profesionais que lles exigen, o tipo de prestación?, ¿por que se negan a que saibamos se con eses cartos atenden só a pública —como ten que ser— ou tamén atenden a privada? ¿Por que se negan a todo isto? Esa é a gran pregunta.

E cando dixeran que o BNG, ao coñecer o caso Torrejón, pois non se sorprendeu, dígoos porque, á parte de estar pedindo esta información, no ano 2019, o BNG —eu mesma— trouxemos aquí a este Parlamento a denuncia de que existía unha comunicación da empresa Povisa —ano 2019, no que Ribera Salud se fixo cargo de Povisa— na que referenciaba como parte dos obxectivos que se marcaba... Poñía: «...para, conxuntamente coa dirección asistencial, tomar medidas en relación cos obxectivos que nos plantexamos a principios de ano. Un: reducir todas as situacións, consultas, probas e intervencións en doentes Sergas que non aporten ningún valor engadido. Dous: aproveitar esa liberación de recursos para mellorar cada vez máis tempo de resposta a doentes privados». (*A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un documento.*) ¡Isto tróuxoo aquí o BNG no ano 2019! ¿Sóanos, non? Sóanos os audios do CEO de Torrejón, que segue sendo o CEO de Povisa. E resulta que o conselleiro, diante de todo isto, de pedirlle unha investigación, de pedirlle unha auditoría, ¿que di? Ai, preocúpanos moito... Ao BNG só nos preocupa o que pasa en Madrid. ¡Non! No BNG sabemos que isto leva anos acontecendo en Galiza (*Aplausos.*) e queremos que se explique como se gastan os cartos dos galegos e das galegas. ¡Ano 2019, hai seis anos! ¡Neste Parlamento!



E, ¿a que non saben que fixo o PP diante da iniciativa do BNG? (A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un documento.) Insisto, isto que acabo de ler é collido literalmente da comunicación de Povisa. ¿Que fixo o Partido Popular no Parlamento diante desta iniciativa, traendo esta información?, ¿que fixo o Partido Popular? ¡Ah, sorpresa!, ¿a que si? ¿A que van estar moi sorprendidos se lles digo o que fixeron? ¡Votar en contra, (Aplausos.) votar en contra! Non queren que se saiba como desvían os cartos dos galegos e galegas. Non queren que se saiba como destinan ás empresas privadas os cartos que tiñan que ser para a atención sanitaria pública, que tiñan que ser para atender en condicións os galegos e as galegas. E evidentemente...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...co caso Torrejón, saltou á luz pública o que en Galicia xa sabiamos: como funciona a privatización da sanidade pública e que fan as empresas privadas da saúde para obter o máximo beneficio. Por iso traemos esta moción, que pide o que estou dicindo: coñecer o contrato, coñecer os detalles do contrato, facer unha auditoría para saber se as prácticas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...que Povisa está levando a cabo son as mesmas que en Torrejón.

Se o Partido Popular vota en contra desta iniciativa, estará demostrando que si son as mesmas e que queren ocultalo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Antes de entrar no fondo do debate da moción presentada polo BNG, quero facer referencia a uns datos aos que aludiu o señor conselleiro en relación coas listas de espera de Povisa no ano 2008, cando se refería á etapa do Goberno bipartito. O señor conselleiro, nun intento evidente de desprestixiar a xestión do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, falaba de máis días de espera para unha intervención cirúrxica e trataba de comparalos coa situación actual. Pois ben, busquei as listas oficiais daquela época e non fun quen de atopalas, pero si múltiples publicacións en medios de comunicación, todas elas coincidentes nos datos. E vou lelos textualmente: o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, o Chuvi, e a clínica Povisa sumaban 8.355 pacientes en lista de espera cirúrxica —5.286 no CHUVI e 3.069 en Povisa—. Esa era a realidade nese momento. Señorías do Partido Popular —por se queren



transmitirlllo ao señor conselleiro—, a realidade de xuño do pasado ano é que a lista de espera cirúrxica ascende a 11.402 persoas —8.991 no Chuvi e 2.411 en Povisa—, cando a po-boación sanitaria da Área de Vigo se mantén practicamente estable. Estes son os datos reais. E todo isto sen entrar a valorar que as tecnoloxías tamén impactan e algunhas veces teñen un impacto favorable nas cirurxías. Sinceramente, ao noso grupo dóelle que se manipulen as cifras e que non se asuma a realidade. E a realidade é que as listas de espera en cirurxía hoxe son moito maiores que cando gobernaba Emilio Pérez Touriño. (*Aplausos.*)

Outro dos aspectos que nos resultou especialmente desagradable foi escoitar os cálculos económicos dos pagos a Povisa por parte do conselleiro, como se estivésenos a falar dun regateo. Para o Grupo Socialista, os gastos en sanidade non son un custo; son un investimento. E o importante non é só que os recursos se axusten ás necesidades —algo que criticamos habitualmente porque consideramos que son insuficientes—, senón tamén que cumpran coa finalidade para a que foron orzados.

E iso lévanos directamente ao punto terceiro desta moción, cando se fala da unidade de supervisión e control creada para asegurar o cumprimento das obrigacións contractuais e garantir que a asistencia complementaria prestada en Povisa se ofrece coas mesmas garantías que no Servizo Galego de Saúde. Isto é o que asegura o señor conselleiro, e nós non temos por que dubidar, pero cremos que sería moi conveniente coñecer cales foron as actuacións realizadas por esa unidade e cales foron os resultados obtidos. E, se os datos non son transparentes, teñen que entender que a desconfianza emerxa, porque, señorías, neste mesmo pleno preguntámoslle ao conselleiro, aínda que nun ámbito xeral e non pensando exclusivamente en Ribera Povisa, pola obriga da Administración de garantir que todas as prestacións financiadas con recursos públicos cumpran con estándares de calidade e seguridade, e a súa resposta limitouse a xeneralidades e a escudarse en que Ribera Povisa Vigo non tiña nada que ver con Torrejón de Ardoz. Por iso, este punto da moción é tan relevante: para transmitirllles tranquilidade ás persoas que teñen este hospital como referencia e tamén para dar resposta ás preocupacións expresadas polo propio Consello Galego de Médicos.

O punto cuarto da moción non require moita explicación. Non é a primeira vez que o noso grupo a demanda, aínda que si é certo —tamén nos sorprende— que o BNG agora o faga nun contexto moito máis específico, dado que antes sempre pedía a compra de Povisa.

Con respecto aos puntos obxecto da emenda, gustaríame centrarme no punto segundo. É certo que o contido final resulta moi semellante ao do punto cuarto, pero non quixemos destruturar en exceso a moción presentada. Agora ben, aos apartados a) e b) deste punto, non lles vemos interese político. Na nosa opinión, teñen máis un carácter informativo propio do ámbito sindical. Ademais, no apartado b) solicítase información relativa a gastos e a persoal do ámbito privado, un terreo no que consideramos que este Parlamento non debería entrar, e moito menos con ese nivel de detalle. O ámbito c) é coincidente co punto primeiro, e a información máis relevante xa está recollida na resolución da contratación. Por iso, a nosa emenda vai na liña de ampliar aquela información que non figura na devandita resolución. Mantemos o contido do apartado d) porque consideramos esencial dispoñer de información fidedigna e contrastable.



Quixemos aclarar a nosa emenda para facilitar a súa interpretación e evitar confusións. Pero quero deixar moi claro no día de hoxe que para nós, para o noso grupo, o máis importante é que as aproximadamente cento catorce mil persoas que teñen asignadas Ribera Povisa contén cunha atención sanitaria de calidade e con garantías de seguridade, exactamente do mesmo xeito que o resto da poboación da Área Sanitaria de Vigo asignada ao Hospital Álvaro Cunqueiro, e, por suposto, que exista transparencia absoluta respecto ao contrato de servizos subscrito co Sergas.

Povisa tivo historicamente fama de boa atención sanitaria, pero no pasado día 23 deste mesmo mes coñeciamos un estudo no que os hospitais universitarios da Coruña, Lugo e Santiago aparecían entre os máis reputados de Galicia. O estudo é elaborado por Merco Salud e baséase en 11.000 enquisas que sitúan estes centros —e isto xa de ámbito nacional— nos postos 18, 40 e 58 da clasificación nacional. No ámbito privado, os centros mellor situados son o Hospital HM Rosaleda, no posto 27; o HM modelo, no 29, e Vitas Vigo, no 35. Ribera Povisa aparece no posto 46 e o Hospital Álvaro Cunqueiro, no posto 69.

Deixo estes datos para a reflexión, porque, cando falamos de sanidade, falamos de dereitos, de confianza e de responsabilidade pública.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidenta.

Señora Prado, señorías do BNG, imos ser claros, esta moción non nace da preocupación que vostedes poderían ter pola sanidade galega. Non, señorías, nace do oportunismo político. Vostedes non veñen falar de Povisa porque lles importe a asistencia sanitaria en Vigo; veñen porque é o tema de moda en Madrid —así o dixo tamén aquí— e queren montar aquí o mesmo barullo, aínda que a realidade galega non teña nada que ver. Isto ademais de que Povisa, evidentemente, é un clásico que vostedes teñen no seu ideario. (*Aplausos.*)

Hai menos dun ano, sobre unha moción similar que vostedes traían aquí, eu pedíalle un pouco de coherencia, señora Prado, cousa que xa vía difícil naqueles momentos e vexo que non estaba trabucada. Ao BNG a sanidade interésalle só como pancarta. Para xestionar, nin están nin se lles espera; para berrar, sempre. Aí é onde nos atopamos. (*Aplausos.*)

Falan vostedes de opacidade, de escurantismo e de sospeitas graves, pero omiten deliberadamente algo esencial: en Galicia hai contrato público, hai control, hai fiscalización e hai



un goberno que responde con datos; non con consignas ideolóxicas. Eu non lle vou dar moitos datos, porque o conselleiro foi moi claro no pasado pleno, pero, mire, imos aos feitos. Primeiro, a respecto do contrato con Povisa, mire, non hai ningún contrato oculto. Logo da tramitación do expediente de contratación, difundíuse a través do perfil do contratante a resolución de adxudicación do contrato, no que figuran os importes e as tarifas dos procesos e a actividade contratada, tal e como se deu a coñecer tamén publicamente. O que fixo o Goberno do PP foi cambiar o modelo, é certo. Pasouse dun concerto per cápita a un contrato de servizos, no que se paga exclusivamente pola actividade efectivamente realizada. E isto non é ideoloxía, señorías; isto chámase e é boa xestión, (*Aplausos.*) e, ademais, responde ás recomendacións do Consello de Contas: máis control, mais rigor e menos discrecionalidade —xusto o contrario do que vostedes pretenden facer crer—.

Segundo, os cartos. Falan de 97 millóns de euros anuais como se fose un escándalo, pero esquecen ou prefiren ocultar que no ano 2009, co Bipartito do Partido Socialista e do BNG, destinábanse 74,3 millóns a Povisa. Se actualizamos iso ao ano de hoxe, estamos falando de máis de 100 millóns ao ano. É dicir, co Bipartito, gastábase máis que agora. Esa é a realidade incómoda que non encaixa no seu relato. (*Aplausos.*)

Terceiro, a súa propia historia. No ano 2006, o Goberno bipartito asinou o acordo básico pola saúde da Área de Vigo, no que se defendía explicitamente «manter e potenciar os instrumentos de concertación e de cooperación público-privada». Literalmente. E, no ano 2008, aprobaron vostedes a Lei de saúde de Galicia, que fala sen complexos da complementariedade entre o sistema público e o sector privado. Daquela, valíalles. Cando gobernaban, a concertación era responsabilidade, pero agora chámana escándalo. O problema non é Povisa, señorías; o problema é a súa falta de coherencia.

Falamos de listas de espera. Mire, señora Espinosa, vostede non atopa os datos, pero a realidade está aí, e eu, se quere, pásollos. Mire, ao final do ano 2008, a lista de espera cirúrxica en Povisa era de 113 días, esta é a realidade. Hoxe sitúase en 53 días, 60 días menos. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¿As persoas? Si, hoxe esas persoas teñen de espera 60 días menos. Esta é a realidade, é o resultado do modelo actual: (*Aplausos.*) máis control, pago por actividade e supervisión constante. Os datos, señorías, desmontan o seu discurso.

Quinto, control e supervisión. Este contrato incorpora algo que vostedes non tiveron nin puxeron en marcha cando gobernaban: unha unidade de supervisión e control integrada por persoal público dende o primeiro día para garantir o cumprimento das obrigas contractuais e a calidade asistencial. Aquí non hai selva; aquí o que hai é control estrito, seguimento permanente e mecanismos para evitar calquera desviación. Pretender comparalo con outros casos alleos a Galicia é simplemente unha manipulación consciente. E, agora, permítame dicirlle algo con toda claridade, señora Prado: poñer en dúbida sen probas a atención que reciben miles de pacientes en Vigo e o traballo dos profesionais sanitarios é unha irresponsabilidade maiúscula, unha irresponsabilidade maiúscula. Vostedes, señorías, non están a fiscalizar un contrato; están a erosionar a confianza da cidadanía na súa sanidade pública.

Miren, falan de eliminar Povisa e de levalo todo a un hospital cen por cento público. Eu vou-lles facer unha pregunta moi sinxela: ¿por que non o fixeron vostedes cando gobernaban?,



¿saben por que? Porque, claro, gobernar non é berrar consignas nin vivir no «non» a todo; gobernar é tomar decisións que sexan viables, *(Aplausos.)* e vostedes non só non o fixeron, senón que o blindaron.

E, dito isto, tamén me alegro. Estaba buscando documentación e atopaba isto na prensa. *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.)* Miren, alégrome de que, por primeira vez para vostedes, o Cunqueiro sexa un hospital público. Co BNG na Xunta, Povisa será un hospital público como o Cunqueiro. *(Murmurios.)* ¡Caramba! *(Aplausos.)* Miren, e tamén encontrei un aquí do Partido Socialista. Miren, non teñen coherencia ningunha. *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.)* Os socialistas tamén pretendían absorber Povisa, pero... *Ilegó Abel y mandó parar.* Coherencia: «*Abel Caballero fuerza al Partido Socialista de Galicia a cambiar de postura para que no prometa absorber Povisa*». Hai hemeroteca para todos, señorías. *(Aplausos.)*

Miren, o Goberno do Partido Popular ten un modelo claro: sanidade pública, universal, de calidade, con control público e sen dogmatismos ideolóxicos, que é o que lles sobra a vostedes, eses dogmatismos ideolóxicos. Un modelo moderno, europeo e democrático, e non modelos importados nin nostalxias de sistemas que nada teñen que ver coa nosa sociedade. E a cidadanía así o ve. Mire, segundo o barómetro sanitario, Galicia é a segunda comunidade onde máis se confía na sanidade pública fronte á privada: un 85 por cento, moi por riba da media estatal. E non será casualidade que cada catro anos os galegos volvan escoller un goberno estable, serio e centrado na xestión.

Señora Prado, o problema do BNG non é Povisa nin é ese contrato; o problema do BNG é que non soporta a realidade cando non encaixa coa súa ideoloxía. Vostedes viven na sospeita permanente do insulto aos profesionais e da desconfianza cara a un sistema sanitario que funciona e que a cidadanía avala con feitos e cos seus votos. Non, aquí non hai nin opacidade nin corrupción; hai control público, supervisión, datos e resultados. Galicia non necesita ruído nin máis pancartas; necesita estabilidade, rigor e un goberno que crea na sanidade pública e que a coide con responsabilidade, como o Goberno que lidera Alfonso Rueda. E iso, señora Prado, non o fan vostedes.

E remato xa, porque teño que denunciar ese pacto da vergoña que nos tocou vivir aos e ás lucenses. Poder e cartos antes que os dereitos das mulleres: ese é o verdadeiro PSOE e o BNG. Mer-caron o seu feminismo por medio millón de euros. Pouco valem as mulleres para vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción, a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Agora procedería traer aquí a colación o grande Arsenio cando lle facían aquela pregunta: Arsenio, ¿que? —a pregunta total—. E eu dígolle á deputada do Partido Popular: deputada,



da transparencia e a información, ¿que?, (Aplausos.) ¿que? (Aplausos.) Non, non, o Partido Popular vén aquí, e resulta que nos di que vimos traer os temas de moda de Madrid. Home, veno dicir o Partido Popular, que o noventa por cento das iniciativas que trae aquí é para instar o Goberno de Madrid, que non teñen nada que ver coa realidade galega. ¡E eles veñen dicirnos aquí que nós vimos traer a realidade de Madrid! Díxenllo antes, o que pasa é que vostede igual non está atenta, señora deputada do Partido Popular. Este tema xa estaba de moda en Galicia no ano 2019 e antes, e o BNG xa o trouxo aquí. Igual eses millóns e millóns de euros que vostedes lles meten aos medios de comunicación deste país teñen que ver con que aquí non saltase, igual que acaba de saltar en Madrid. Igual ten que ver con iso, igual ten que ver co cordón férreo que vostedes teñen sobre moitos sectores. Pero iso non oculta a realidade.

Di vostede que o Goberno responde con datos. ¡Pois déanos os datos que estamos pedindo dende hai anos! ¿Cales son os datos que trae aquí o Goberno? Ocultación sistemática. E, mire, é unha lei que, efectivamente, fala de complementariedade da sanidade privada, complementariedade. Pero é que Povisa non é complementaria; é substitutiva da sanidade pública, ¡substitutiva! Esa é a gran diferenza. (Aplausos.)

Di o Partido Popular, que se nega a dar información, que se nega a que saibamos o contido real ao que se compromete Povisa a cambio de máis de cen millóns de euros, que gobernar é tomar decisións. Efectivamente, as decisións que tomou un goberno de coalición BNG-PSOE de construír en Vigo un hospital coa dimensión suficiente, coas camas suficientes, cos recursos suficientes para que a totalidade da poboación da Área Sanitaria de Vigo puidese ter a asistencia sanitaria nun hospital cen por cento público. ¿Que fixo o Partido Popular no ano 2009 en canto chegou ao goberno? Botar isto abaixo e construír un hospital no financiamento de cuxa construción estaban implicados —lémbrolles— Rato, De Guindos, Florentino Pérez, Pérez Varela, Agustín Fernández ou Telmo Martín; un hospital máis pequeno, con menos recursos, que non respondía ás necesidades da Área e, polo que, ademais, pagamos cincocentos millóns de euros máis e que estamos pagando ata o ano 2035. (Aplausos.) Iso foi o que fixo o Partido Popular: ¡tomar decisións! Efectivamente, tomar decisións en contra da sanidade pública para garantir que Povisa seguise sendo negocio para as empresas privadas. Esa foi a decisión que tomou o Partido Popular.

E a nós, dende logo, este mecanismo descuberto en Torrejón —e xa temos denunciado como se fai en Povisa— parécenos que é un mecanismo criminal. É un mecanismo criminal, si, porque é un hospital ao que se lle adxudica a atención sanitaria...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...de 110.000 doentes por máis de cen millóns de euros, e resulta que o Partido Popular non quere fiscalizar como se gastan eses cartos nin o máis grave: se a poboación desta Área, esas 110.000 persoas, están recibindo a atención sanitaria que precisan.

O que vai votar agora aquí o Partido Popular é en contra de saber que atención sanitaria está recibindo a veciñanza da Área Sanitaria de Vigo. ¿Por que? Porque o máximo obxectivo do



Partido Popular na Xunta de Galicia é facilitar o negocio ás empresas privadas, sexa a Altri, sexa a Ence ou sexa á sanidade privada; ese é o obxectivo do Partido Popular. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para a súa defensa, ten a palabra a voceira do Grupo Parlamentario Socialista.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e todas.

Como dicían os meus compañeiros, desexamos unha pronta recuperación aos compañeiros afectados polo accidente e a todos os que estiveron esta mañá afectados polo accidente na autovía.

Defendemos hoxe esta moción derivada da interpelación debatida no pasado pleno, que foi unha decepción máis. A resposta da conselleira do Medio Rural non só non aclaraba ningunha das cuestións formuladas nela, senón que confirmaba exactamente aquilo que o PSdeG denunciaba: a Xunta de Galicia non está a cumprir os prazos legais, non está a garantir a participación real e non está a asumir a gravidade do momento que vive Galicia en materia de incendios forestais. Na interpelación preguntabamos algo bastante concreto: se a normativa autonómica está adaptada ao marco legal estatal e, sobre todo, se se está a cumprir. E a resposta da conselleira foi unha sucesión de afirmacións autocompracentes, unha acumulación de referencias normativas sen concreción ningunha e unha mensaxe de fondo preocupante: cumprimos —di ela—, e pouco importa nin como nin cando.

Iso, señorías, non é gobernar, e menos gobernar con responsabilidade; é gobernar pois por inercia, por propaganda e sen rendición de contas a este Parlamento e —o que é peor— aos galegos e ás galegas. Porque cando se utiliza a idea de que o Plan é un documento vivo —xa o utilizaba o anterior director xeral— para xustificar que o Pladiga non se publique en prazo, o que se está facendo é relativizar unha obriga legal clara. E iso é especialmente grave cando falamos de incendios forestais, cando falamos de seguridade pública e cando falamos de protección do noso territorio.

O Real decreto lei 15/2022 modificaba a Lei de montes cun mandato inequívoco: os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción deben aprobarse e publicarse antes do 31 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación. Isto non acontecía nin no ano pasado nin neste propio 31 de outubro, para que teñamos o plan anual preventivo para este 2026. E este prazo



non é nin orientativo nin simbólico; é a condición necesaria para que a prevención se poida realizar dende o 1 de xaneiro do ano en curso, e non cando xa estamos ás portas da tempada de alto risco de incendios. Con todo —como digo—, un ano máis, Galicia incumpre. O Pladiga non está publicado, aínda non está publicado hoxe, e, o máis grave é que non só é un cumprimento, senón que se xustifica pola conselleira con escusas que non se sosteñen nin técnica, nin legalmente, nin politicamente. E este incumprimento non é un feito illado; forma parte dun patrón que segue a Consellería do Medio Rural e que segue a Xunta de Galicia. Chegan tarde á planificación e, despois, acontece o que todos sabemos, o que pasaba este verán pasado: miles de hectáreas arrasadas, aldeas aniquiladas.

Falamos tamén de planificación real do territorio, e aquí atopamos outra das grandes eivas. Os plans que deben aterrar a prevención no propio terreo non están actualizados nin están avaliados. Falamos dos plans de ordenación de recursos forestais. Agora, prometíase redactalos no ano 2026 —prometíao a conselleira no pasado pleno—, pero non sen antes mudar a normativa na Lei de acompañamento, ese caixón de xastre, cando di que a vai revisar [...] Pero, ben, non se poden realizar porque antes debería haber os plans de ordenación de recursos forestais reais para despois resumir eses. Tampouco os Pladif, os plans de prevención dos propios distritos forestais, que están sen actualizar dende a época do Bipartito. Moitos anos, ¿eh?. E sen estes instrumentos vivos, coordinados e revisados, todo o demais queda nun exercicio totalmente retórico. E, por iso, pedimos información detallada sobre as actuacións preventivas realizadas nos distritos. Pois, erre que erre, eu a pedila; e a conselleira, a negala. (Aplausos.)

A resposta —é verdade— é sempre a mesma: negarse a facilitar a información, votar en contra das iniciativas de transparencia e incumplir a obriga de resposta a este Parlamento —e reitero, aos galegos e ás galegas— E, se todo estivese feito e todo estivese ben, seguramente non tería problema en contestar. Cando a prevención se fai ben, explícase.

Outro exemplo evidente desta falta de transparencia é a dos efectivos. Ano tras ano, sexa quen sexa o presidente da Xunta de Galicia —era Feijóo, agora é Rueda—, repítese a mesma cifra: 7.000 efectivos. Poden ver o ano 2019, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024, 2025. Bueno, dou dous exemplos: (A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa un documento.) aquí, no ano 2025, fálase de que «Galicia actualiza o seu Plan contra os incendios» e de 7.000 profesionais. Pero, se imos ao ano 2019 —e aquí está Feijóo, que conta o Plan preventivo—: (A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa un documento.) 7.000 efectivos. Como dicía unha compañeira miña, imos xogar o 7.000 na lotería no PSdeG, porque sempre toca, sempre toca. (Aplausos.)

E isto a verdade é que non é broma, porque están mentindo á cidadanía galega. E, ¿que dicir da participación? A conselleira falou dela, pero a realidade é que non convoca o Consello Forestal. O último Consello Forestal que se convocou foi nada máis e nada menos que en abril do ano 2025. Aquí a conselleira vai lenta, ¡pero moi lenta, eh! Non é como Baltar, que vai a 250 quilómetros por hora; a conselleira do Medio Rural vai bastante máis lenta. (Murmurios.) Non existen mesas do lume, non se incorpora de maneira efectiva... Hai que dicir algo así para que fagan caso; se non, parece que non fai caso, señor Viso. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Se non digo algo así, non fai caso ningún! E todo isto acontece despois da



peor vaga de incendios da nosa historia. Tres oportunidades perdidas tiveron, señor Viso: a do 2017, a do 2022 e esta. E non cambian, non mudan, e estase xogando a seguridade pública, a seguridade dos veciños e veciñas de Galicia.

E tamén teño que falar de Ourense, porque alí nos xogamos todo todos os veráns. Agora hai ceses dos directores xerais de Planificación e Ordenación do Territorio, ceses do secretario xeral, ceses do director de Defensa do Monte. Pero, miren, señorías do PP, as voaduras, por moi controladas que sexan, teñen un efecto inevitable: provocan o derrubamento dunha estrutura. E a conselleira do Medio Rural algunha responsabilidade ten nesta situación, (*Aplausos.*) porque estas estruturas se derruban cando o seu mantemento xa non é posible, e iso é exactamente o que acontece cos piares da Consellería do Medio Rural. Houbo que botar esas vigas, ¿por que? Porque non eran capaces de soste nin sequera minimamente a dirección política do departamento. E isto non acontece por casualidade nin por unha reorganización administrativa máis; acontece porque a resposta da conselleira do Medio Rural ante a proba de esforzo que supuxeron os lumes do pasado agosto foi débil, foi insuficiente e claramente superada polos feitos.

E, entón, ¿que pedimos? Pedimos a convocatoria inmediata do Consello Forestal de Galicia, non como un xesto formal, senón como un espazo real para a análise, a avaliación e a participación. Tamén pedimos que se presente e se publique o Pladiga sen máis demora, que se presente no Parlamento de Galicia como ten que ser, como se facía anteriormente —con esta conselleira non se presentou no plenario, espero que esta vez se presente no plenario—. O terceiro punto: hai que garantir que nos exercicios posteriores se cumpra o prazo legal do 31 de outubro, que se publique o Plan preventivo para que comecen as obras preventivas o 1 de xaneiro. Tamén pedimos que se cree unha mesa do lume con espazos de participación activa, porque os incendios de sexta xeración non se xestionan só dende un despacho, obviamente; necesitamos a implicación de todo o territorio. O quinto punto: integrar o risco de incendios nos plans de ordenación de recursos forestais —a ver se no ano 2026 vai dunha vez, aínda que as cousas, como digo, van moi de despacio na Consellería do Medio Rural, ou non van directamente—. No sexto punto exíxese transparencia e información detallada no Parlamento —a ver se, desta, votan a favor desa transparencia—...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Remato.

O sétimo punto aborda a formación continua do persoal; o oitavo punto, o cumprimento do artigo 50, e o noveno pide algo tan elemental como cumprir —outra vez o pido— o Ditame do ano 2018.

A ver se, desta, votan a favor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.



ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Estes días leva chovido bastante, coas consecuencias tamén no tráfico e nos accidentes que se levan producido. Mandamos desde aquí un saúdo e moito ánimo aos dous compañeiros deputados que tiveron un accidente esta mañá e, ao mesmo tempo, quero lembrar a necesaria prudencia nas estradas.

Estabades dicindo que estes días leva chovido bastante, tamén leva nevado. Ten a súa cousa boa, non haberá seguramente problemas de seca. A auga entrará no seu nivel freático, e terá moitas vantaxes, pero, ao mesmo tempo, vai ter un inconveniente, que é que cando chegue a primavera—digamos—, a natureza, en todo o seu esplendor, fará que os campos, os camiños, as cunetas e os montes se enchan de vexetación, e, debido á mala planificación crónica que —como sempre dicimos— existe no monte galego, incrementará, chegado o momento, o risco de incendios, a necesidade de desbroces, e todo o problema que se repite cada verán en Galicia e, particularmente, tamén na provincia de Ourense, debido —como sabemos— ao crónico abandono do rural e todas as cuestións. Quero dicir que as cousas teñen tamén unhas consecuencias, e, esta chuvia vai ter unha consecuencia. O que non debería ser é que volvese pasar outra vez, no verán de 2026, o que pasou no verán de 2025 e noutros veráns. Ou sexa, algo haberá que aprender, algo haberá que facer diferente; haberá que escoitar as voces dos expertos, as voces das persoas que saben, para tomar as medidas, porque só faltaría —só faltaría— que se volvese repetir outra vez a desgraza —nas súas múltiples facetas— do verán de 2025.

E aquí gustárame chamar a atención acerca do abandono dese organismo consultivo, como é o Consello Forestal. O Consello Forestal, que —digamos— todas as entidades que o conforman, ou unha gran parte das entidades e das persoas que o conforman, veñen denunciando que nunca se lles fai demasiado caso, que se convoca poucas veces e que, cando se convoca, pois non se atenden demasiado as suxestións das diferentes entidades e dos diferentes organismos que o compoñen. Haberá que empezar a facer algo de caso a ese Consello Forestal de Galicia, que está aí. Foi creado mediante un decreto no ano 2004.

Eu comprobei a data de creación porque dixeron: a ver se é que se creou durante o Bipartito e, como se creou durante o Bipartito, ao mellor, pois os gobernos do Partido Popular non lle fan moito caso. ¡Pero non!, resulta que se creou durante un Goberno presidido por Manuel Fraga; ou sexa que a razón de non facer demasiado caso a ese órgano non é porque fose creado polo BNG ou polo PSOE.

Nese órgano, loxicamente, segundo está establecido na súa organización e no decreto da súa creación, teñen representación pois a maioría dos sectores afectados ou que teñen intereses no monte. Hai que ter en conta que o Consello Forestal non se ocupa soamente dos incendios, ocúpase do que é a xestión do monte; e a mala xestión do monte é a consecuencia —tal e como din os expertos— das graves consecuencias dos incendios. Xa temos falado múltiples veces da relación que existe entre a mala xestión do monte e a especial virulencia dos incendios nos últimos anos. Está representado o Goberno, están representadas as diferentes —practicamente todas— consellerías nese Consello Forestal.



Eu dicía nalgunha das miñas pasadas intervencións que os incendios levan afectado e afectan practicamente todas as consellerías, non soamente á Consellería de Medio Ambiente ou á Consellería do Medio Rural, senón que afecta tamén a Consellería de Sanidade porque hai consecuencias na saúde das persoas afectadas; afecta a Consellería de Facenda porque se teñen que analizar incentivos fiscais de determinado tipo para unha mellor xestión do monte; afecta —dicía que afectaba— ata a Consellería do Mar porque as cinzas e os arrastres acaban afectando o marisqueo...

Quere dicir que, efectivamente, na propia configuración do Consello Forestal, están representadas as consellerías; están representados os sectores industriais que procesan a madeira; están representadas as universidades; están representados, practicamente, todos os sindicatos agrarios, todas as entidades que teñen algo que dicir, as partes interesadas no monte, e ás que hai que escoitar e que unha gran parte deles veñen denunciando que non se lles fai demasiado caso. As universidades, que presentan estudos que resultan estériles porque non se lles fan demasiado caso; os sindicatos, que avogan por unha maior formación dos equipos de extinción ou de prevención, e aos cales tampouco se lles fai demasiado caso; os propios *clusters* da madeira e os propios sectores empresariais afectados polo monte, aos cales tampouco se lles fai demasiado caso; as propias comunidades de montes e os propios propietarios que teñen algo que dicir porque —como tamén se di moitas veces— unha altísima proporción do monte galego é de propiedade privada e os seus propietarios, loxicamente, o que pretenden é sacarlle o maior beneficio, e iso, ás veces, entra en contradición con aspectos doutro tipo, como aspectos ambientais. Pero hai que escoitalos tamén porque o Goberno non pode tampouco pisotear os dereitos dos propietarios. Quere dicir, que hai que escoitar a cada un no que teña que dicir.

Lévanse publicado estudos..., hai que sentarse a falar cos propietarios dos montes —ata os cazadores e ata a xestión de caza ou o colectivo de cazadores tamén está representado no Consello Forestal, e tamén ten algo que dicir—. Quere dicir, a min paréceme realmente increíble que, existindo un órgano que, ademais, foi creado seguindo as directrices xa das Nacións Unidas naquel encontro do Río de Xaneiro ou nos organismos pertinentes europeos... Temos un órgano creado que pode asesorar, que pode ser utilizado en convocatorias, canto máis frecuentes mellor, porque, dalgunha maneira, o Goberno ten que abordar o problema, pois é preciso convocalo, darlle forza, darlle visibilidade e, sobre todo, escoitalo. Esa é unha, entre moitísimas outras medidas que, seguramente, haberá que tomar para que non se volva repetir, loxicamente, o que pasou este ano 2025. Cómpre escoitar tamén eses colectivos para que interveñan —tal e como está xa previsto nos motivos da creación dese organismo— na creación das normativas que poidan levarse a cabo para unha mellor xestión do monte, que ten como consecuencia —ou que tería como consecuencia— a redución dos incendios e da virulencia especial dos incendios forestais —especialmente deses que se chaman de sexta xeración—.

E quero apuntar agora a importancia que estimamos que ten ese organismo, como é o Consello Forestal de Galicia, ao cal é preciso prestar atención, entre outras moitas cousas sobre as cales podíamos estar falando e sobre as que, seguramente, seguiremos falando; porque o tema dos incendios forestais desgraciadamente —oxalá non houbese que seguir falando deles porque xa acabasen sendo un problema menor, pero, probablemente, isto non sexa así, sobre todo se o Goberno do Partido Popular non cambia o xeito de traballar dos últimos anos—.



E os feitos están aí, as cousas vense e o que se ve... ¿a quen vas crer?, ¿a min ou aos teus ollos, non? Os incendios foron os que foron. Esperemos que non se repitan este ano.

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Bo día señorías.

En primeiro lugar, quería enviar un saúdo e desexar a pronta recuperación dos dous compañeiros do PP accidentados, no día de hoxe, ao igual que a todos os afectados.

Cento cincuenta mil hectáreas queimadas, o 15 por cento da provincia de Ourense e boa parte de Lugo sur arrasadas polo lume: aldeas ameazadas, explotacións destruídas, brigadistas feridos... Este foi o verán de 2025 en Galiza. E non é unha desgraza inevitable, é a consecuencia directa dunha ausencia total de política forestal da Xunta. En pleno Nadal, ¿que fixo o Goberno? Pois movéronse cadeiras da cúpula do Medio Rural. Saíu o director xeral de Defensa do Monte; saíu o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal; saíu tamén o secretario xeral técnico... Non estamos diante dun axuste técnico calquera; son, como xa sinalamos desde o BNG, as primeiras vítimas políticas da desastrosa xestión da vaga de lumes deste verán. (*Murmurios.*) E, en vez de recoñecer o fracaso dun modelo, o que fixo a Xunta foi poñerlles o cartel de responsables do desastre aos directores xerais e blindar politicamente a quen marca o rumbo, á conselleira do Medio Rural. Estes cesamentos confirman dúas cousas moi claras: primeiro, que o propio Goberno sabe que a xestión dos lumes foi un fracaso; e, segundo, que pretende pagar o fracaso con quen está na segunda liña, mentres a máxima responsable continúa tranquilamente no seu posto. Cambian nomes, pero mantense intacta a mesma liña política que nos levou á peor vaga de lumes da nosa historia recente. Iso chámase fuxida cara adiante; chámase unha falta absoluta de responsabilidade política.

O que hai hoxe en Galiza non é unha política forestal seria, senón un modelo de abandono: un monte entregado ao monocultivo, concentrado tamén en poucas mans e en masas cada vez máis continuas, e unha prevención que chega tarde. O Pladiga apróbase en maio cando a norma di que debe estar antes do 31 de outubro para que a prevención comece o 1 de xaneiro. E ademais, o Pladiga que, mesmo fóra do Parlamento, se define como un corta e pega dos anos anteriores; un documento repetido, sen a avaliación real do que fallou, sen cambio de rumbo e cualificado directamente de inservible. Se copias o Plan, se o aprobas fóra de prazo e se nin sequera explicas as obras preventivas por distrito, o resultado é evidente: as mesmas decisións levan aos mesmos incendios, pero cada vez máis grandes, máis intensos e máis difíciles de apagar.

E mentres a Xunta mantén este modelo forestal fracasado, o rural galego recibe outras andanadas, por exemplo, os acordos como o da UE-Mercosur, no cal o noso vacún está ame-



zado polos grandes volumes de carne de países do Mercosur, polos aranceis reducidos e competindo directamente coa nosa magnífica tenreira galega. E xa referido ao monte, no caso do mel, prevese a entrada masiva de produto extracomunitario, afogando os prezos dos apicultores galegos; e, no que atinxe á castaña, na cal somos líderes estatais de produción e temos a IXP Castaña de Galiza, con máis de cincuenta millóns de euros anuais, ao mesmo tempo abrimos a porta á castaña doutros países, con condicións ambientais e laborais bastante máis laxas. E aquí seguimos sen política forestal nin agraria seria.

O rural galego perde por ambos os lados: polo abandono interno e pola competencia externa. O PP e a Xunta levan anos instalados nun esquema con tres ingredientes explosivos: o monocultivo do eucalipto, que incrementa o risco e a severidade dos lumes cando as condicións son extremas; o despoboamento e abandono agrario, co peche de explotacións; a perda de actividade que mantiña o territorio en mosaico; e unha prevención do verán só centrada no dispositivo de extinción, sen cambio no uso do solo, sen silvicultura preventiva e sen xestión seria da biomasa. Se a isto lle sumamos que non se cumpren os prazos, que non hai información por distritos, que o Pladiga é practicamente o mesmo ano tras ano, pois o resultado é un ciclo de incendios crecente, con cada vaga máis extensa, máis violenta e máis difícil de controlar.

A alternativa do BNG é outro modelo de monte e así o levamos facendo e traendo aquí ao Parlamento desde hai moito tempo. Desde o BNG dicímolo con claridade: ou hai un cambio de modelo ou Galiza seguirá ardendo, cada vez máis e peor. Primeiro: unha moratoria real do eucalipto, un freo efectivo á expansión dese monocultivo e unha transición planificada cara a masas forestais diversas e resilientes. Segundo, unha estrutura forestal en mosaico, con frondosas autóctonas, coma o castiñeiro e coma o carballo, con coníferas, pastos, agricultura..., é dicir, un mosaico que rompa a continuidade do combustible e xere rendas distintas no rural. Terceiro, unha silvicultura preventiva todo o ano; e un apoio técnico e económico aos propietarios e ás comunidades de montes; e a prevención coma unha actividade produtiva planificada, non coma un gasto que se improvisa cada primavera. Cuarto, un emprego verde. Un plan de investimento para crear miles de postos en limpeza, en restauración, en xestión forestal sustentable e en transformación local da madeira e da castaña. E quinto, unha recuperación postincendio pero con criterio: reforestar con especies axeitadas e restaurar solos, pero non repoboar, ás présas, con máis do mesmo combustible. A idea é moi simple: sen agricultura, sen gandería e sen silvicultura preventiva, Galiza convértese nun contínuum de combustible; pola contra, con actividade nun territorio con mosaico de usos, o risco redúcese desde a raíz.

Cando a conselleira di que Galiza cumpre escrupulosamente a normativa, pero, logo, o Plan chega tarde, repite contidos, non avalía o anterior e non dá datos por distritos, non é «cumprimento», é propaganda. Cando, despois da peor vaga de lumes, o único que se fai é cambiar algúns nomes e se mantén intacta a liña política, isto non é «rectificar», é persistir no erro; e cando se mantén o modelo do monocultivo e do abandono do rural, sabendo que iso alimenta lumes cada vez máis grandes, non é «descoñecemento», é responsabilidade política directa.

O BNG vai apoiar a moción do Grupo Socialista porque reclama que os plans se aproben en prazo; porque exige convocar o Consello Forestal; e porque pide transparencia e cumpri-



mento das obrigas normativas. Todo iso é necesario, pero non é suficiente. Galiza non precisa só que o Pladiga non chegue tarde e deixe de ser un corta e pega; precisa que mude o contido, que mude o modelo, que pasemos de apagar o lume en agosto a organizar o territorio para que non arda. A política forestal da Xunta é hoxe a maior garantía de que seguirán vindo máis incendios e peores. Nin os cambios de nomes, nin os anuncios de fin de ano, nin máis helicópteros, van mudar iso, se transforma o modelo de monte e de rural.

Desde o BNG propónse un modelo alternativo, serio e realizable, que pon o rural no centro e que entende o monte como unha riqueza, e non como un problema: unha moratoria real, un mosaico de usos, unha prevención estrutural e un emprego verde.

É unha cuestión de vontade política. A Xunta non a ten. Galiza merece máis.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Conde.

ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE: Grazas, presidente.

Bos días, deputados e deputadas.

Antes empezar coa miña intervención, quero mandar un saúdo e desexar unha recuperación pronta aos compañeiros Roberto e Gonzalo, así tamén como aos demais feridos que houbo neste accidente, á mañá.

Despois de escoitala, señora Dacosta, e de estudar a súa moción escrita, vou intentar ir debullando e analizando cada un dos seus puntos do acordo adoptado. Xa lle manifestei recentemente, na última Comisión 7ª, referente á loita contra os incendios forestais en Galicia, que require unha minuciosa planificación, algo que, sen dúbida, motiva que o compromiso e a implicación neste eido, por este e por anteriores gobernos do Partido Popular de Galicia, sexa máxima, señorías.

No seu primeiro punto, por exemplo, compartimos tamén o que mencionaba o deputado, o señor Ojea, sobre a relevancia do Consello Forestal de Galicia, como un espazo de participación, de consulta e de asesoramento para o que é a materia forestal. Neste sentido, cómpre sinalar que xa está prevista a convocatoria deste órgano durante os primeiros meses deste ano 2026 (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, señora Dacosta, si—, dentro da planificación estritamente ordinaria e que se ía levar a cabo.

En canto á avaliación dos incendios do ano 2025 e á planificación de medidas preventivas para o exercicio de 2026 —que vostede comentou—, estas desenvolveranse no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Pladiga deste ano 2026. Continuando a falar deste plan, durante o primeiro trimestre do ano, señora Dacosta, procederase á súa ac-



tualización. Como nos anos anteriores, será obxecto da súa publicación no portal da páxina web da Consellería do Medio Rural, sendo así accesible para calquera persoa interesada.

Hai que recordar, unha vez máis, señora Dacosta —e volvo dicirlllo aquí, como xa llo dixeron neste atril a conselleira do Medio Rural e outros membros do Goberno implicados nesta materia—, que o Pladiga non perde a súa operatividade en ningún momento —en ningún—. Tamén o indica o artigo 14.4 da Lei 3/2007, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que di: «Nos anos seguintes á súa aprobación, e mentres manteña a súa vixencia, deberá ser actualizado naqueles aspectos que sufran variacións, sendo incorporadas as distintas modificacións ao documento inicial e aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia». Creo que queda meridianamente claro no que consiste a actualización do Pladiga.

Seguindo cos distintos puntos do seu acordo para adoptar, vostedes falaban de que os plans anuais de incendios forestais sexan aprobados e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente ao da súa publicación. Señora Dacosta, o cumprimento estrito deste prazo resulta materialmente imposible —tamén vai para a señora Valcárcel— e voules expoñer os motivos: o primeiro motivo é que o Plan debe incluír necesariamente a estatística completa de incendios do ano en curso —do ano en curso—, a cal non se atopa pechada antes do 30 de outubro —claramente—. É dicir, o contido mínimo obrigatorio que se debe recoller neste plan non se atopa dispoñible nesa data que vostedes comentan. O segundo motivo é que o Plan debe incorporar o orzamento do exercicio seguinte, pero —como vostedes ben saben— os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nunca están aprobados nesa data, polo que non é posible incluír os créditos definitivos.

Sobre os orzamentos, vostede falaba de «xogar á lotería»; pois é o que fan vostedes en Madrid: xogar á lotería para aprobar os orzamentos, que nunca os dan aprobados. Este Goberno galego aproba no tempo e na forma (*Aplausos.*) os presupostos da nosa comunidade autónoma. (*Aplausos.*) Con respecto ao Bloque Nacionalista Galego —iso si que é moi simbólico—, actúan en Madrid dunha maneira, en Galicia doutra maneira, e agora hai que incorporar un novo lugar: ¡Vietnam!; (*Murmurios.*) hai que incorporar Vietnam a estes dous lugares, pois, dependendo de onde estean, irán actuando dunha maneira ou doutra.

En consecuencia —e continuando co que estaba expoñendo—, antes do 31 de outubro só se poderá elaborar un documento incompleto e carente de seguridade xurídica, incompatible co exixido na normativa básica; por iso o Plan se remite unha vez que se dispón de toda a información, pois sería ilóxico presentalo con carencias. Porén, non se deben esquecer de que nos meses de novembro e decembro de cada ano o Pladiga permanece vixente.

Tamén falaba das chamadas «mesas do lume», estas que aparecen unicamente nas directrices estratéxicas do CLIF do ano 2022, as cales teñen un carácter orientativo, señorías —¡orientativo!—, e non figuran reguladas en ningunha directriz oficial. Por este motivo, o Goberno galego non ten unha obriga normativa directa de constituír esas mesas, aínda que, con todo isto, actualmente se continúe analizando —como non podía ser doutra maneira— os mecanismos de participación adecuados no marco das competencias autonómicas e dos órganos existentes.



Outra das cuestións que formulaban no seu acordo é a de facilitar formación detallada sobre as actuacións preventivas. Señora Dacosta —outra vez vou ter que mencionala—, o Plan de prevención inclúese no Pladiga e xa detalla o conxunto de intervencións para desenvolver no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo actuacións que, en moitos, son de carácter bianual; algo necesario para a planificación deste tipo de traballos.

Xa para ir rematando, en canto ás actuacións postincendio, Galicia está a executar as numerosas actuacións de restauración e a conceder axudas para este fin; todas elas, con plans actualizados e plenamente vixentes, tal como require a normativa. Deste xeito, os plans cumpren a condición legal e non existe ningún incumprimento nin impedimento para a concesión destas axudas. Falaba vostede, señora Valcárcel, dos traballos postincendio. Témoloo falado neste Pleno e témoloo tamén falado nalgunha iniciativa en comisión: Galicia é pioneira —vostede sábeo— nos traballos postincendio, nas técnicas que se están utilizando na recuperación dos terreos despois dos incendios para minimizar eses danos de erosión, mediante o *mulching* e o *helimulching*.

Non quero rematar a miña intervención de hoxe sen dicir que me sinto especialmente orgulloso —non só como deputado, senón tamén como membro do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Galicia— de todas aquelas melloras que este e gobernos anteriores do Partido Popular levaron adiante neste sector. Falamos de melloras en formación; falamos de melloras en equipamentos e medios; falamos de melloras no incremento do tempo de traballo; falamos de melloras na estabilidade laboral dos profesionais; e —¿como non?— falamos das melloras na súa propia seguridade. En definitiva, estamos a falar dunha maior profesionalización que, sen dúbida, nos sitúa na vangarda do resto dos servizos de extinción de España e de Europa.

Penso —xa para rematar—, queridos compañeiros do Grupo Popular, que podemos estar moi orgullosos do traballo realizado durante estes anos de goberno, en canto ao referente na loita contra os incendios forestais de Galicia. Moi orgullosos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Conde —portavoz do Partido Popular en materia de montes e de incendios—, dixo que estudou esta iniciativa; eu creo que estudar, estudouna máis ben pouco. Dedicoulle pouco tempo e igual suspende, porque, mire, o Plan anual de prevención, vixilancia e extinción do Principado de Asturias de 2025-2026 foi publicado o 28 de outubro de 2025. (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta mostra o plan referido.*) Eles si puideron publicalo no tempo e na forma, como marca unha lei —junha lei que hai que cumprir!—. Outro exemplo —hai máis— é Cataluña, foi publicado o 31 de outubro de 2025 (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta mostra o plan referido.*) e menciona o Real decreto 15/2022 —para dar cumprimento ao Real decreto—. Entón, ¡home!, creo que a escusa que deu a conselleira —sobre



a cal volveu vostede incidir nela— de que hai que ter unha serie de estatísticas... Non sei se sabe que se pode publicar un plan e, despois, publicar anexos.

Dixo que aproban os orzamentos... ¡Bueno!, ¡pois se aproban os orzamentos, aproben o Plan anual de prevención de vixilancia e extinción de incendios forestais (*Aplausos.*) para empezar a prevención cando ten que empezarse! (*Aplausos.*) ¿Que escusa é a de «aprobar os orzamentos»? Como xa aprobamos os orzamentos, ¡xa estamos!, e ¡doce meses sen facer nada! (*Aplausos.*)

Dixo que a planificación require «ser rigorosa». Bueno, rigorosa para o Partido Popular..., ¡e lenta!, ¿eh? —¡lenta!—. Prometeron unha lei de incendios no ano 2017 e estamos no ano 2025. Son máis de sete anos para facer unha lei de incendios e votaron o outro día na Comisión en contra de facer esta lei de incendios; entón, rigorosa e lenta. Tamén, cos propios plans de prevención dos distritos forestais —que son dezanove e non douscentos—, resulta que ten que ser tan rigorosa que foi o Goberno bipartito o último que fixo, señor Conde, os plans de prevención de distrito, e vostedes tampouco os actualizan. Entón, ¿son rigorosos? Eu creo que a palabra non é esa porque —creo— cando unha consellería, neste caso a Consellería do Medio Rural, chega tarde á planificación, incumpre a lei, evita a participación... Porque, claro, ¿van convocar agora ao Consello Forestal porque o pedimos nós?

O problema non é só unha mala campaña, señor Conde, é que a responsabilidade, a quen lle ocupa, lle está quedando grande. O voto en contra do Partido Popular a esta moción —xa se ve que van votar en conta— xa non é só decepcionante porque, moción tras moción e proposición tras proposición, pasan o rodillo, senón que o peor é que é profundamente revelador: revela que, malia todo o vivido este verán, non teñen ningunha intención de mudar ou de cambiar nada; revela que prefiren seguir instalados na propaganda de autocompracencia e na ausencia absoluta de rendición de contas.

Hoxe non se votaba só unha iniciativa, unha moción do Grupo Parlamentario Socialista; votábase cumprir ou non cumprir a lei, e vostedes escolleron non cumprir a lei; votábase respectar os acordos deste Parlamento, e podían respectalos, pero van votar non respectar estes acordos parlamentarios; votábase asumir ou non responsabilidades, tras a peor vaga de lumes, e vostedes votaron non asumir as responsabilidades.

O Partido Popular sempre decide votar que non. Como aproba os orzamentos, pois, obviamente, xa ten o traballo feito —como dicía— para todo o ano. E din que non a garantir que o Pladiga se publique en prazo —o cal é moi grave—; din que non a informar con transparencia do que se fai ou non se fai nos distritos forestais.

E seguirei insistindo porque isto ten que ter consecuencias; dalgunha maneira vai ter consecuencias. É que estou empecinada nisto. Falamos dun Goberno que presume de planificación, pero incumpre coas obrigacións legais. E cando pedimos datos e información e cando pedimos saber que se fixo, a resposta é sempre a mesma.

Tamén hoxe quedou claro que a cifra de 7.000... Non explicaba, por que, dende o ano 2018, sempre falan dos mesmos efectivos, cando as brigadas municipais —sabe vostede— están baixando en picado; non poden ser sempre 7.000.



Xa lle dixen que iamos sacar a lotería. Invítoos a que xoguen a ese número —ja todos!—, ao 7.000, porque —como dicía antes— vai tocar.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Remato.

Cando os datos son insoportables e a realidade xa non se pode maquillar, chegaron eses cesamentos, señor Conde; cesamentos feitos en plenas festas do Nadal, sen explicacións públicas, tentando que pasasen totalmente desapercibidos; cesamentos tardíos, que non corrixen nada, porque non asumen estas responsabilidades; porque hai unha conselleira que dirixe a política forestal, hai un presidente da Xunta que a mantén no cargo, sen exixirlle resultados, nin planificación, nin prevención, nin cumprir a propia normativa, como si cumpren...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...outras comunidades autónomas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Quero comentarlles que reanudaremos o pleno ás dezaseis horas.

Debateranse as proposicións non de lei, en concreto tres, e, posteriormente, debaterase a Lei do clima de Galicia. As votacións produciranse mañá.

Entón, pois nada, suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e un minutos da tarde.

O PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, tal como comentamos, co punto quinto da orde do día: proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego BNG, por iniciativa do seu deputado Óscar Insua Lema, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Presentar de forma inmediata o borrador da nova Lei da Administración local de Galiza aos grupos parlamentarios e á FEGAMP para o seu estudo, antes da súa aprobación polo consello da Xunta.

- Namentres non se aproba de forma definitiva esta nova lei, garantir unha financiación suficiente, equitativa e estable aos concellos, aumentando o Fondo

base do Fondo de Cooperación Local co 50% dos recursos que dende a Xunta de Galiza destinan de forma global aos concellos nos vindeiros orzamentos para o ano 2026, como mínimo.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a modificación do sistema de financiación dos concellos regulado no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para aumentar un 50% as entregas á conta aos concellos, como mínimo.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Lara Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Aquí estamos novamente o Grupo Socialista coa nosa teima, que non é outra que a de querer máis cartos para os concellos de Galicia, para os veciños e veciñas de Galicia, porque disto se trata: de que repercuta na comunidade e nas persoas, sobre todo.

Aquelas persoas que tivemos responsabilidades na Administración local sabemos da importancia de ter eses recursos, porque tamén somos conscientes e coñecedores de que os concellos son os grandes transformadores da sociedade desde un plano físico e urbanístico —esa transformación do concello—, pero tamén desde un punto de vista económico. Teñen moita capacidade de dinamizar e de enriquecer economicamente o concello e, polo tanto, o territorio. De feito, en Lugo, por poñer un exemplo dunha gran cidade, puxérase en marcha un fondo de capital risco que está a dar os seus froitos, e está a reter talento e a atraer talento. Tamén os pequenos concellos, como poden ser o de Pol e o de Ribeira de Piquín, están fomentando o asentamento da poboación dando servizos, a través de recuperar un supermercado ou de reabrir unha gasoleira.

Polo tanto, sabemos da importancia de ter os recursos necesarios para levar a cabo as políticas, pero tamén o sabe ben a Xunta. De feito, a Xunta solicita unha reforma financeira das



comunidades autónomas, pero —iso si— cando gobernou en Madrid, olvidouse deste tema e nada fixo ao respecto. Agora que se abre a vía de diálogo, négase a sentar para falar da quitación, por exemplo, ou para falar do financiamento das comunidades autónomas. Mentres o pide en Madrid, négallelo aquí aos concellos. En dezasete anos non foi quen de levar a cabo a reforma da Lei da Administración local, que data do ano 1997, e no que vai de lexislatura aínda non coñecemos o borrador, a pesar de que o señor Rueda e o conselleiro dixeron que iría no ano 2024. Despois, pospúxoo ao ano 2025 e agora xa o traslada. A ver se nesta lexislatura vai.

Mentres a Xunta de Galicia, por un lado, solicita máis recursos do Estado, rexeita a quitación: 4.000 millóns de euros. Rexeita negociar a proposta do Goberno central, a pesar de que o punto de partida que demandaba o propio conselleiro era que precisaba de 500 millóns de euros. Hai un punto de partida do Goberno central para negociar de 587 millóns e non lles vale. Reducen impostos aos ricos deixando de recadar 793 millóns de euros. Esta é a política da Xunta de Galicia. Solicitan máis recursos, deixan de recadar, pero teñen os concellos asfixiados. Téñenlles conxelado o Fondo de Cooperación Local base dende hai máis de dezasete anos.

Dende o Partido Socialista, pedimos cousas clariñas e sinxelas. Por un lado, pedimos que se aumente o fondo base; que se tramite unha lei da Administración local que garanta os recursos suficientes aos concellos para que poidan ter autonomía e capacidade de planificación, e que se cree un plan único, que lle temos solicitado tamén a este Parlamento, como están a facer as deputacións provinciais. Todos sabemos da man de quen foi e quen as impulsou. Incluso xa temos dito en moitas ocasións que a propia Deputación da Coruña lle dedica máis orzamento aos 93 concellos que ten a provincia do que a Xunta de Galicia aos 313 concellos que ten o noso país. *(Aplausos.)* Por outro lado, pedimosl unha cousa tamén á Xunta de Galicia, que é que deixe de transferir competencias aos concellos pola vía lexislativa, pola porta de atrás e sen recursos. Dicimos: competencias si, pero acompañadas de recursos.

Hoxe mesmo, veremos no debate do Proxecto de lei do clima como a redacción do texto vulnera a autonomía e as competencias das entidades locais, altera o marco competitivo, limita as potestades organizativas e afecta directamente a súa autonomía. E isto sen achegar —como dicía— ningunha partida económica. No último pleno, tamén debatemos outro proxecto de lei, o da saúde dos menores, que se baseaba basicamente no mesmo: máis competencias e cero recursos. Esta é a política da Xunta de Galicia de cara aos concellos. E, mentres, o fondo base está conxelado dende hai dezasete anos con 118 millóns, da nova lei da Administración local non temos coñecemento nin do borrador, ao plan único din que non, e a Xunta segue a transferir competencias deixando de exercer as súas propias. Aumenta os orzamentos dos convenios —iso si—, e todos sabemos como funcionan estes convenios ad hoc: a ti, si; a ti, non, e o «si» xa sabemos tamén de que cor política é.

O que é o peor é que, aínda encima, destes fondos, que poderían personalizar e que poderían ir de forma igualitaria a todos os concellos, deixan sen executar o trinta por cento. Mentres, os concellos están asfixiados, teñen os concellos ao límite. Dentro das súas competencias está a de dotalos de recursos, pero non; aumentan esas asfixias que podemos escenificar, ademais, no propio SAF. En algo máis de dous anos, a Xunta de Galicia subiulles 2 euros por hora. Neste momento, a Xunta de Galicia comprometeuse a subir, para este ano 2026,



4 euros por hora. No ano 2027, subíralles 1 euro máis e, no ano 2028, outro euro máis. É dicir, en dous anos, o incremento será de 6 euros. ¿Isto por que é? Porque o Partido Socialista dixo que ou se aumentaba esa porcentaxe ou, se non, acabaría indo ao xulgado reclamar o que lles corresponde. *(Aplausos.)*

Cabe preguntar tamén se, segundo di o PP, o Goberno central lle debe 2.500 ou 2.900 millóns —isto depende do día; segundo vende, imos aumentando millóns por un lado ou por outro—. A pregunta que hai que facerse aquí é: se realmente a Xunta de Galicia está convencida de que hai esa débeda coa Comunidade Autónoma, ¿que fai a Xunta de Galicia?, ¿por que non vai ao xulgado tamén reclamar eses cartos que di que lle deben? ¿Ou teñen medo a que saia de onde saíu esa débeda, que era do Goberno de M. Rajoy? Ao mellor é por iso que non queren ir ao xulgado defender o que cren que lles corresponde.

Tamén hai que preguntar por eses 4 euros á hora que incrementan. ¿De onde van saír? ¿Van saír das transferencias que veñen do Estado e, polo tanto, a Xunta vai seguir minorando a partida que dá para a dependencia, ou vai facelo con fondos propios? Trátase de complementalos; non de aproveitar os recursos que se incrementan por parte do Estado para minorar os que veñen por parte da Xunta. Este acordo, evidentemente, pode aliviar as arcas dalgún concello, pero non evita a asfixia económica da maioría deles. Dende o Partido Socialista, evidentemente, entendemos a postura de moitos concellos que, polo menos, poden ver incrementados eses recursos un pouco, pero tamén entendemos que hai que acadar o financiamento do cen por cento, que é o que ten que facer e comprometer a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O Partido Socialista non vai quedar aquí; vai seguir loitando para que isto sexa unha realidade e para poder acadar esa porcentaxe do cen por cento do financiamento. Bastante teñen xa con facer a xestión sen que teñan que sufrir unha merma de recursos para poder levar a cabo un servizo tan necesario nunha poboación tan envellecida como ten Galicia.

Polo tanto, o que pedimos é moi sinxelo. Xa o pedimos en distintas ocasións e seguirémolo pedindo: hai que incrementar o financiamento do Fondo de Cooperación Local, sobre todo do Fondo de Cooperación Local base, que é aquel que se reparte con criterios xustos, con criterios equitativos e con criterios de xustiza social para todos e cada un dos concellos; non só para os concellos do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O artigo 142 da tan aclamada Constitución Española establece que as facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás corpora-



cións respectivas. Estas nutriranse fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e nos das comunidades autónomas.

¿Que di a Fegamp a respecto disto? Non é a primeira vez que o digo eu aquí. A Fegamp, na súa última asemblea xeral, xa manifestou, entre outras moitas demandas, que, ademais de crear marcos lexislativos oportunos, incluída esa Lei de facendas locais, é necesario: modificar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma; mellorar ese réxime de transferencias tanto no Estado como na Comunidade Autónoma; tamén eliminar ese obsoleto réxime das subvencións reiteradas, periódicas e condicionadas, que é o que segue sendo a regra agora mesmo, e, desde logo, reformar profundamente esa Lei de Administración local de Galicia, que ten máis de 26 anos, para mellorar a definición do papel das entidades locais, clarificando as competencias de cada unha.

Esta posición da Fegamp, obviamente, tamén a compartimos nós. Tamén formamos parte dela, e aí está a emenda que nós fixemos. Á vista de como foi esa negociación (*O deputado Óscar Insua Lema ri.*) do financiamento do SAF, ¡como para deixar a Fegamp tamén soa para chegar a algún acordo nesta índole do financiamento global! Desde logo, o que está claro —de aí tamén o carácter da nosa emenda— é que falta unha pata; é dicir, a proposta está un pouco coxa. Falta demandarlle ao Estado tamén que faga eses deberes.

O sistema de financiamento municipal é do ano 2004 e pensamos que tamén vai sendo hora de modificalo. ¿Que di o Partido Popular respecto disto? ¡Depende! Depende de se gobernan en Madrid ou non, porque, polo de pronto, seguen moi cómodos co sistema que hai, que lles permite manexar ao seu antollo o 75 por cento dos fondos que están destinados ás entidades locais. Eu atopei no último programa do Partido Popular a súa proposta —eran 260— respecto do financiamento local. Decía: «Promoveremos unha reforma do sistema de financiamento local, en coordinación co novo modelo de financiamento autonómico, que garanta os principios de suficiencia financeira, de equidade e de igualdade en relación co acceso dos cidadáns aos servizos que xestionan as administración locais...». «Introduciremos melloras na autonomía tributaria, responsabilidade fiscal...».

No papel queda todo moi ben, pero na realidade levamos dezaseis anos esperando que o PP dea algún paso neste sentido e cumpra o que promete, porque iso estaba no programa electoral do Partido Popular. Despois de tanto insistir nós aquí no Parlamento, algo apareceu, as cousas como son, pero —iso si— condicionado, como todo o que fai o Partido Popular, a que se aprobe a nova Lei de Administración local. Non sei. Parece que é todo un truco de maxia: nada por aquí, nada por aló e *jale hop!*. Un anuncio, un titular, unha promesa e, despois, xa veremos. Non obstante, que nós pidamos cambios e que se apure tamén esa reforma lexislativa non implica que nós teñamos que aceptar a calquera prezo calquera avance, por pequeno que sexa. Non aceptamos, dende logo, o conformismo de mínimos, e menos despois de anos e anos de absoluta parálise deste goberno coa reforma local.

Hoxe, dende logo, parece que os problemas de financiamento dos concellos por fin remataron. A semana pasada, despois de dezaseis anos de goberno, asinan un pacto histórico, segundo a conselleira. Podería ser o que dicía antes o señor Pazos, unha negociación bilateral,



cando falaba do financiamento de Galiza. Na miña opinión, eu xa dixen aquí no Parlamento que me parecía un acordo trumpista, porque xa estamos acostumados a como fai os acordos o señor presidente dos Estados Unidos. Pois, foi unha cousa moi parecida. Aquí chamárono «pacto histórico». O conto é que, despois de horas de traballo por ambas as partes, conseguiron subir soamente catro euriños o financiamento da hora do SAF, partíndose dese custo de 24 euros, que, en moitos casos, é o que aparece nas licitacións onde se realiza este servizo, aínda que hai que ter en conta que, en moitos servizos que están municipalizados, o prezo da hora do SAF está entre 28 e 30 euros. Entón, para nós, o PP deulle unha consideración a esta negociación pois precisamente como se fose a unha feira, como quen vai a unha feira mercar grelos, á vista da proposta. Porque hai que pensar que a proposta inicial falaba de 14 euros, de 15 e de 16, e, ao final, lograron subir aí 1 euriño.

En fin, a cuestión é: ¿alguén pode crer que as partes realmente poden dispoñer como lles pete do cumprimento dun precepto que impón unha obriga de financiamento disposta nunha lei, como é a Lei da dependencia? Porque, despois, aquí falamos de que hai que cumprir as leis, cando algúns son os primeiros en pasarse esta lei polo forro da navalla. É dicir, eu non sei, a min ocrreseme: se sometemos hoxe a votación, por exemplo, eliminar a peaxe da AP-9, ¿que máis dá? ¡Total, non a xestionamos nós!; ou a de Carballo-A Coruña. Podemos decidir un acordo así, que foi o que pasou nesta negociación coa Fegamp. Porque hai un artigo que está moi claro na Lei de dependencia, e a pregunta é moi clara: ¿por que a Xunta e o Estado non cumpren o que está establecido neste artigo 32? É dicir, ¿por que non pagan os dous o custo deste servizo que xestionan os concellos?, porque cartos hai.

Se lemos o artigo 32, aquí fala do financiamento do sistema polas administracións públicas —digo a Lei de dependencia—. Fala do Estado e das comunidades autónomas, e ao final, no punto 3, di: «a aportación da comunidade autónoma será para cada ano polo menos igual á da Administración xeral do Estado como consecuencia do previsto neste apartado e no anterior». Claro, pero aquí do único do que non se fala é dos concellos e de que teñen que pagar o SAF; ¡eu creo que o artigo está bastante claro! Entón, ¿por que dispoñen as partes de incumplir un artigo que está na Lei e que ten forza de lei? Esa é a pregunta que me gustaría que se respondese. Porque o PP dixo que era un día histórico, un mes despois de dicir que se estaba utilizando a Federación como un instrumento político para confrontar, unha vez máis, coa Xunta en lugar de defender os intereses dos concellos e da cidadanía. Isto foi en decembro, a respecto de cando se fixo a negociación da limpeza das faixas.

Eu non sei como se pode chegar a un acordo cando non tes ningunha base para gañar unha partida, porque, ¿alguén pode crer que se pode negociar algo cando non tes nada que ofrecer máis que unha reverencia? Eu non sei, ¿alguén cre que a Xunta non ía financiar este servizo e meterlle a man ao pescozo aos concellos, cando o Partido Popular goberna a metade dos concellos? ¿Que ía facer? ¿Afogar tamén os propios concellos? Penso que ninguén o pon en dúbida. Despois de dezasete anos mantendo o Fondo de Cooperación Local conxelado en 112 millóns —118, con estes últimos—, seguimos co mesmo financiamento á espera de aprobar esa nova Lei da Administración local de Galiza, que tamén ía aparecer o ano pasado e, ao final... É que tamén un queda atónito cando se di que estaba blindado desde o 2012 ese Fondo de Cooperación Local. Claro, estaba blindado, pero, ata o ano pasado, eran os mesmos cartos.



Eu estaba repasando —xa falando do SAF e por poñer o mesmo exemplo— e, se metedes unha licitación do SAF do 2012, o primeiro que vos sae aí en Google vai ser a de Rianxo. ¿Sabedes como se pagaba a hora do SAF de Rianxo no ano 2012? A 10,67 euros. ¡E, no ano pasado, o Fondo de Cooperación Local era o mesmo, eran 112 millóns! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Parece que non subiu a vida en todos estes anos, pero esta é a realidade: o Fondo de Cooperación Local non se modificou ata o ano pasado, e este ano, polo de pronto, é o mesmo, á espera de subir eses 30 millóns de euros se se aproba a nova Lei de Administración local.

Que se suba o Fondo de Cooperación Local pois claro que está ben, levamos anos pedindo iso. Seguimos pensando que é insuficiente e ten algo de trampa; por iso, tampouco saímos aplaudirles cada vez que dan un pasiño, porque nós queremos máis zancadas. Tampouco vostedes saen por aí aplaudirnos a nós cando facemos as cousas ben nos gobernos onde está o BNG. O que está claro é que os concellos seguen mal financiados. Sabemos que tampouco ten toda a culpa a Xunta —ollo— e, de aí, o sentido da nosa emenda, que eu espero que se aprobe, porque o Estado tamén ten parte neste mester. E, por iso, na nosa emenda pedímoslle ao Estado que modifica a Lei de facendas locais, que é do ano 2004 e que tamén é necesario actualizar.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ÓSCAR INSUA LEMA: Remato, presidente.

É hora tamén de aumentar esas porcentaxes de participación nos impostos que recada o Estado e nese Fondo Complementario de Financiamento. Son máis de vinte anos co mesmo sistema, que non foi capaz —iso si— de actualizar nin o Partido Popular cando gobernou en Madrid nin o Partido Socialista tamén cando estivo en Madrid, e agora parece que tampouco ten moita intención. Eu o único que espero é que a nosa emenda se aprobe porque —xa digo— unha autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira.

Nada máis.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Pensei que tiña propósito de emenda.

Sempre se di que os concellos son a administración máis próxima aos cidadáns e a que resolve en última instancia os problemas, sexan ou non da súa competencia, porque se ve na obriga práctica e humana de resolvelos en última instancia. Hai outro aspecto que me gustaría resaltar da Administración municipal e que algún estadista ou algún estudoso fixo constar algunha vez, que é que unha Administración municipal forte é a que mantén a estabilidade nos países. Puña como exemplo paradigmático o país de Italia, no que os gobernos estatais nas



últimas décadas parece que foron unha montaña rusa de inestabilidade, e, con todo, o país mantense, máis ou menos, nunha estabilidade forte pola forte estrutura municipal. Ese é un valor engadido que teñen os concellos: o de darlle unha estabilidade á Administración, unha estabilidade ao funcionamento do Estado, aínda que nas altas instancias nacionais haxa furacáns ou —como dicía antes— montañas rusas. No noso país actualmente tamén estamos nunha situación de certa inestabilidade, pero, ben, a Administración municipal mantense. Como dicía aquel escritor: *«las penas y las alegrías van y vienen, pero un punto sereno en mi siempre permanece»*. Pois ese punto sereno sempre é a Administración municipal.

E concordamos. Eu penso que todas as persoas que tivemos algún tipo de responsabilidade municipal, con independencia do signo político do partido ao que pertencemos, compartimos a inmensa maioría das peticións que fai a Fegamp e que se nos fan chegar habitualmente a todos os grupos políticos, porque son problemas prácticos que todos vemos a diario. Estamos falando, por exemplo, do SAF, que, efectivamente, tiña que ser, por lei, financiado por completo entre a Xunta e o Estado, e a Xunta non está cumprindo ese compromiso. Os custos do SAF son moito maiores dos que se din. Parece que estamos aí, a ver se este ano aumentamos un euro ou dous, e ao seguinte outro pouco, e chegamos ao 2028 con 18 euros á hora. Miren, pois, sobre todo, nas áreas rurais, cunha poboación moi dispersa, moitísimas das persoas —habitualmente xa saben que son mulleres, porque é un emprego moi feminizado— teñen que desprazarse, ás veces, unha gran cantidade de quilómetros —como digo, debido á dispersión poboacional— e, moitas veces, acaban poñendo o diñeiro do seu peto para pagar a gasolina e para pagar os gastos do vehículo, porque non dá o que se lles paga desde o concello, que, á súa vez, estalle reclamando sempre á Xunta que se faga cargo de todos eses custos, como exige a lei.

E agora parece que nos estamos felicitando porque o outro día a Fegamp chegou a iso que se chama un acordo; ou ben, un acordo leonino, porque practicamente é unha imposición. O señor... —creo que é o alcalde de Vilagarcía— viuse na disxuntiva de ou todo ou nada. Si, ameazou coa xustiza, ameazou con levar a Xunta ao xulgado, pero, aínda que se chegase a esa situación, seguramente el era o primeiro en saber que a xustiza é lenta e que, polo tanto, non é realmente xustiza. Así que —digamos—, nunha aplicación de política real, de *realpolitik*, antes que a alternativa peor, que era, ao mellor, seguir non tendo nada, aceptou por parte da conselleira subir eses irrisorios euros un ano e outro pouco no seguinte ano para acadar eses 18 euros no principio do ano 2028, ¡que tampouco chegan a nada! Porque, efectivamente, os custos reais andan por encima dos 25 euros, e iso, calquera persoa que se teña dedicado á Administración municipal pode sabelo.

E en canto ás peticións dos concellos, a min tamén me chama a atención que os concellos se vexan na obriga de federarse para reclamar cousas que están na lei; ou sexa, que os concellos teñan que chegar ao extremo de federarse na Fegamp ou na FEMP, cando son administracións públicas a cuxas reivindicacións habería que darlles, desde o resto das administracións autonómicas ou do Estado, a suficiente importancia como para que non teñan que chegar a ese extremo de ter que federarse, de ter que unirse para facer reclamacións totalmente xustas. Pero, bueno, aí está a cuestión. Compartimos —como digo— todas as peticións que fai a Fegamp en relación coa necesidade de ampliar o Fondo de Cooperación Local e tamén eses cambios de criterios que están pedindo á hora de facer o gasto.



A min chámame moito a atención —volvo repetir— que a Televisión de Galicia gaste un millón de euros cada dous días. E isto gustaríame que o soubese a xente do común e que fagan eles as valoracións do que aporta a Televisión de Galicia e o custo que ten. ¡Un millón de euros —en números redondos— cada dous días a Televisión de Galicia!, que sabemos... Cada un que avalíe o que fai ou que se podería facer. E logo estamos aí racaneando que se lle subimos 1 euro á hora ou 2 euros á hora ao SAF; que se este ano tanto, que se o ano que vén canto e, aínda así, non chega.

Por non falar do resto das reclamacións que habitualmente facemos dos concellos. Cárgasenos o mantemento das escolas de infantil e queren facer pasar por mantemento o que realmente son necesidades de investimentos nos colexios que levan décadas sen arranxar. Cárgasenos aos concellos, na práctica, o arranxo de vías que son autonómicas pero que, como saben que se lle vai botar a culpa ao alcalde de turno, non se arranxan. O concello vese na obriga de ter que arranxalos e, aínda encima, de pedirlle permiso á Administración titular para que lle deixe arranxalos con cargo aos seus fondos. Eu que sei..., está a cuestión dos gastos das escolas infantís...; o tema das unidades de drogodependencias, que se arranxou hai pouco —xa era hora—; o tema pendente dos porteiros dos colexios de infantil, que tamén é unha cuestión que se carga nos concellos, cando non tería moita razón de ser. E —xa digo— a Administración autonómica, que ten moitísimos máis fondos, moitísimos máis cartos que a Administración local, delega competencias, impón competencias —como sempre se di— sen aportar o financiamento axeitado.

Xa se falou aquí da recente lei de bebidas enerxéticas, que tamén pretende colocar os concellos na tesitura de ter que sancionar e de ter que controlar eses tipos de consumo, co cal, na práctica, xa dixen no seu momento que era papel mollado, porque, á parte de non ter recursos, hai outros condicionantes que fan moi difícil a aplicación desa exigencia.

E, ben, como digo, os concellos seguiremos —e digo seguiremos porque tamén, ás veces, me vexo na condición de concelleiro— reclamando o que entendemos como dereitos, que, ademais, están establecidos por lei.

Non me vou esquecer tampouco do Goberno do Estado, que —como tamén xa se dixo— ten as súas responsabilidades no tema de achegar eses fondos tamén, porque, se non, acábase cargando todo sempre nos concellos, e, en última instancia, cando o concello non se ve capaz de ofertar o servizo, cárgase sobre a conculcación de dereitos fundamentais dos cidadáns, que se ven sen capacidade de poder exercer os seus dereitos e estando mal atendidos. A ver se neste formato de gota malaia —dicía algún portavoz anteriormente—, de seguir insistindo no mesmo, unha vez e outra e outra, tanto nas comisións como no pleno, acaba a Administración autonómica por interiorizar esa necesidade dun novo financiamento dos concellos e desa nova Lei de Administración local, que o conselleiro dixo que ía estar enguinda pero, polo que se ve, non ten moitos visos de presentarse aquí.

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.



PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar quixera mandarlle dende aquí todo o noso cariño aos nosos compañeiros, Roberto e Gonzalo, que están ben, pero pasando por un momento duro. Esperamos a súa pronta recuperación. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Socialista, veñen hoxe aquí falar de financiamento local. Traen unha iniciativa que xa foi debatida o 22 de maio de 2024, hai exactamente dous anos. Pero, como ao PSOE parece que lle gusta volver ao pasado, poñémonos en antecedentes. Lémbrolles que a Xunta de Galicia xa presentou un estudo que fixo coa Universidade de Santiago respecto á delimitación competencial coas diferentes administracións implicadas nas competencias nos concellos. Vostedes non veñen aquí falar seriamente de financiamento local; veñen tapar a vergoña do novo modelo de financiamento do Goberno de Pedro Sánchez. Un modelo que sacrifica a igualdade dos españois para manterse na Moncloa, atendendo as exixencias dos seus socios independentistas e rachando co principio de solidariedade territorial.

É certo que en moitas ocasións os concellos asumen competencias que non lles corresponden, pero aquí hai dous modelos claramente distintos. Por unha banda está o modelo do Goberno de Sánchez, que abandona os concellos, non financia o que lle corresponde e imponlles obrigas sen recursos, señora Méndez. Deses vostede non falou, pero falaremos. E está o modelo da Xunta de Galicia, que está custeando innumerables servizos e competencias que son municipais ou que son competencias doutras administracións, precisamente para garantir que os veciños reciban unha atención digna. Señores e señoras do Partido Socialista, ese é o noso modelo. *(Aplausos.)*

Como lles dicía, dende a Xunta de Galicia quíxose facer ese estudo que menciono da man dos concellos, pero a Fegamp declinou a invitación a participar e optou por facer o seu propio estudo. Quixeron tamén presentarlles os resultados do estudo aos diferentes axentes de ámbito local e houbo alcaldes do BNG que foron á presentación dese estudo; os alcaldes do Partido Socialista, non. ¿Por que? Porque recibiron a consigna de que non fosen. Vostedes prohibíronllo. ¿Diso xa non se acorda, non, señora Méndez? En calquera caso, a Xunta, coa máxima vontade de chegar a acordos, no ano 2023 constitúe coa Fegamp unha comisión técnica para avaliar e contrastar ambos os estudos e chegar a acordos; sobre todo nos ámbitos nos que se detecta a maior dificultade, como son os servizos sociais, o mantemento dos centros docentes e de saúde ou as emerxencias.

Vou citar algunhas desas competencias que non lle corresponden á Xunta de Galicia e que si asumiu, en contraste coa deixadez do Goberno de Sánchez e os seus socios independentistas. A Xunta asume competencias que claramente corresponden ás deputacións provinciais e aos concellos de máis de vinte mil habitantes. Falamos das emerxencias, dos parques de bombeiros, dos GES, das agrupacións de voluntarios de protección civil...

A Xunta asume tamén parte do financiamento do SAF. Acábase de chegar a un acordo entre Política Social e a Fegamp que, sen dúbida, vai ser un alivio económico para os concellos;



por moito que diga o señor Insua e todo o Bloque Nacionalista Galego, que saíu esta semana a criticar ese acordo. Recordo, señorías, que no ano 2020 co Fondo covid vostedes aplaudiron un acordo semellante a este sen chegar ao cen por cento —señor Insua, por favor revise a hemeroteca—. Agora, iso si, daquela non lles parecía mal porque o Bloque participaba dese acordo. E agora, como están instalados no «non polo non», non lles parece ben, porque o Bloque non participa dese acordo. *(Aplausos.)* Esa é a incoherencia e o cinismo do Bloque Nacionalista Galego, señorías. Estamos ante un acordo no que a Xunta contribúe ao servizo, que pasará dos 148 millóns este ano a máis de 220 millóns en 2028. O Goberno do PP podería facer como fai o Goberno de Sánchez: nós poñemos o financiamento e que sexa de adscrición voluntaria. A ver cantos alcaldes do BNG deixarían de adscribirse voluntariamente a isto. *(Aplausos.)* Falen con eles, a ver se están tan en desacordo con este convenio.

Sería moito mellor que o Goberno de Sánchez pagase dunha vez a súa débeda con Galicia e aportase de maneira definitiva o cinceunta por cento que lle corresponde por lei. Por lei, señor Insua, que vostede leu aquí a lei, pero parece que só lle reclama a unha parte. Pero hai outra parte, á que vostedes apoian no Goberno de España e noutros gobernos, incluído o da Deputación de Lugo, ao que vostedes non lles din nin «mu»; vostedes, caladiños e sometidos ao Partido Socialista e ao Goberno de Pedro Sánchez. *(Aplausos.)* Pois ben, ¿saben a canto ascende a débeda do Estado coa dependencia? Decía a señora Méndez que «uns días din 2.500 e outros días 2.900». Claro, señora Méndez, é que todos os días hai que atender dependentes e todos os días hai que darlles recursos aos dependentes. E, onde eran 2.500, pasados uns meses estamos en 2.900 millóns de euros que endebeda o Goberno de Pedro Sánchez —ao que vostedes apoian indiscutiblemente e por diante dos intereses dos galegos e das galegas— a Galicia. ¡Home! ¡E aquí están os socios do Goberno de Sánchez que o apoian constantemente! ¿Porque non llo reclaman, señorías? A señora Méndez di: «Este acordo saíu adiante porque o PSOE, se non, ía ao xulgado». E eu preguntome, señor Insua, vostedes, ¿nada que dicir? Claro, vostedes están en contra, si, xa o sei, xa o sei.

O tema é que vostedes están tapando o señor Sánchez e o señor Sánchez está enmarañado noutras cousas. Está nas súas corrupcións, nos seus asuntos xudiciais, en tapar os ministros, as ministras, o seu número 2 e toda esa corrupción que ten instalada na Moncloa, na súa casa e no seu partido. *(Aplausos.)*

Vostedes fanlle reclamacións á Xunta e, cando hai que facela ante o Goberno do Estado, ¿por que non reclaman? ¿Por que non reclaman unha modificación actual do sistema de financiamento local, que ten que ir xunto co do financiamento autonómico? Diso non falamos. ¿Por que non falan dese incumprimento da obriga de cofinanciar o cincuenta por cento a atención á dependencia? ¿Por que non falan da Lei de benestar animal? ¿Por que non falan da Lei de residuos? Señora Méndez, iso que dixo vostede aquí de «competencias, si, pero con recursos tamén» é só para a Xunta; para o Goberno de España, nin «mu».

Eu tamén quería falar do financiamento e do Fondo de Cooperación Local, que no 2026 non deixou de medrar e, neste momento, marca un novo récord: 187 millóns de euros, un doce por cento máis que respecto ao ano pasado. Mire, señora Méndez, vostede puxo aquí un exemplo moi pouco afortunado. Vostede falou aquí dun supermercado no rural. ¿Ese que montou o alcalde de Pol que xestiona unha fundación presidida polo alcalde de Pol? ¿Ese



mesmo alcalde de Pol —socialista, por certo— que ten unha débeda no seu concello de 5 millóns de euros, que en competencias municipais ten cero euros para o PAI, que os rapaces teñen que ir por riba duns palés en inverno porque non teñen nin unha soa a infraestrutura para ir, ou cero euros para adecentar o colexio? Para iso, cero euros; iso si, para o campo de fútbol, millóns de euros. *(Aplausos.)* Eu recoméndolles que vaian velo, porque é digno de ver, señorías. E vén vostede aquí poñer ese exemplo. Señora Méndez, fale doutra cousa.

Pero se falamos de financiamento local tamén convén falar de prioridades políticas. Na Deputación de Lugo vimos como o BNG garantiu o sentido do voto non para exixir a dimisión do señor Tomé, acusado publicamente dunha agresión sexual e o seu partido pediulle a acta por iso mesmo. Pero o BNG non di «non, nós apoiamos o Goberno da Deputación se o Partido Socialista se desfai do señor Tomé ou se o señor Tomé non forma parte deste pacto». Non, fixeron un pacto guarro: cambiaron 500.000 euros... Ríanse señorías, ríanse, que ten moita graza; ás mulleres e ás vítimas do señor Tomé non lles fai nin unha pizca de graza. *(Aplausos.)* Pero vostedes non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non teño cara, cara teñen vostedes. Mírenlles á cara, mírenlles aos ollos ás vítimas do señor Tomé e díganlles que vostedes cogobernan na Deputación de Lugo coa súa encubridora e co voto do señor Tomé. Señorías, teñen que dicir claro e alto por que cogobernan na Deputación de Lugo cun agresor sexual e tamén co voto da súa encubridora, señorías. Miren, iso é porque lles é moi rendible a Deputación de Lugo. ¿Saben por que? Miren... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, éelles moi rendible, porque vostedes cunha man saen alí á porta da Deputación de Lugo a dicir «ah non, con este señor non queremos saber nada» e coa outra firman convenios. *(A deputada Paula Prado del Río amosa un gráfico.)* Miren, este que cito que non lles gusta nada. Si, miren, este é o PP, non se ve case, 40.000 euros de convenios; 12 millóns de euros para o Partido Socialista, 2,6 millóns para os concellos do Bloque Nacionalista Galego. Pero, efectivamente, vostedes, igual que o señor Pedro Sánchez...,

O PRESIDENTE: Remate por favor.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...cambian cartos por sillóns. Iso si, a dignidade das mulleres e o seu feminismo vale 500.000 euros. Señorías, mírenlles a cara ás vítimas e díganllelo claramente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición, a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Señora Prado, señora Prado, señora Prado, vostede, que me reivindicou a min aquí nunha ocasión nun debate a súa presunción; que, ademais, despois saíu, como así o dixo, á solta daqueles «regalos da hostia»... Non sei se se acordan. Pero esa presunción de inocencia só a practican para os seus, porque ¿acórdase tamén cando o señor Baltar foi acusado por acoso sexual, por dar traballos a cambio de sexo? E quedou ao final tamén en nada a cousa, porque non se puido demostrar e, polo tanto, prevaleceu esa presunción de inocencia. Pero é que resulta que o señor Baltar está condenado. Condenado, señora Prado, con-de-na-do. *(Aplausos.)* E, ¿sabe onde está? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por un delito contra



a seguridade viaria. ¡Ah!, pero bueno. ¡Ah! ¿Que hai condenas e condenas?! ¡Ah! Pois moi ben, xa se puxeron de manifesto. E tamén haberá quen exerce esa condena e quen non, porque, claro, se es do Partido Popular, entón, ¿para que nos imos enfadar? *(Aplausos.)* Claro, é dicir, como é unha condena por seguridade viaria... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pois ao mellor, no día de hoxe, tería que ter moito máis respecto por esa condena de seguridade viaria, porque nun accidente como o que vivimos hoxe pola mañá pode morrer e quedar xente no camiño e por ser imprudente pódese matar outras persoas, ¿entende? *(Interrupcións.)* O que hai é unha realidade na que teñen vostedes, señora Prado... *(Murmurios.)* Cálmese, cálmese señora Prado, xa sei que lle doe, porque cando lle toca na súa casa, rasca. *(A deputada Paula Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero o único condenado que hai sentado no Congreso e no Senado é o señor Baltar. E está sentado no Senado porque vostedes o manteñen, señora Prado. *(Aplausos.)* E véñennos dando aquí leccións, que son moi dados a dar leccións; ata de feminismo se atreven a darnos leccións, ata de feminismo, señora Prado. Porque cando o señor Baltar foi acusado por unha denuncia de acoso sexual había unha vítima detrás, con nomes e apelidos. Aquí hai unha vítima que quere gardar o seu anonimato e, polo tanto, hai que respectar iso tamén, e os tempos da vítima. *(Interrupcións.)* Cousa que vostedes non fan.

O PRESIDENTE: ¡Silencio!

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Cousa que vostedes non fan, e vímolos co conselleiro, señora Prado. *(Aplausos.)* Vímolos co señor conselleiro, que o que fixeron primeiro foi sacar o nome da vítima á palestra. ¡Home! *(Interrupcións.)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio!

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Ou sexa, que, leccións, ningunha. Leccións, ningunha, señora Prado. *(Interrupcións.)* Xa llo dixen o outro día á súa compañeira: leccións ningunha, señora Prado.

O PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: É que veñen falar de todo menos do que é importante.

O PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Xa vou, presidente.

O PRESIDENTE: Pois faga o favor.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: O importante, que é subir o financiamento aos concellos, para que poidan deixar de ser os vasalos do Partido Popular. Son vasalos do Partido Popular, porque niso os converten vostedes, porque queren tutelalos...

O PRESIDENTE: Grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...porque non queren que teñan autonomía nin capacidade para poder realizar o seu labor.



O PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego?

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Sobre a emenda, presidente...,

O PRESIDENTE: ¿Non acepta a emenda?

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...non a aceptamos porque é sobre a lei da Administración local, que xa debatemos e seguiremos pedindo, igual que a Lei de facendas locais... (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Por favor, terminou o seu tempo. (A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.) Grazas.

Están con nós, e saudámoslos, os alumnos de cuarto da ESO do centro A Cachada, en Boiro. (O presidente fai un aceno coa man saudando cara á tribuna de persoas convidadas.) Benvidos e benvidas ao Parlamento. Que teñan un bo día.

Continuamos agora coa proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista; hai tamén unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar, no texto da parte resolutiva, o seguinte contido:

Onde di «O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España a trasladarlle as seguintes demandas:», debe dicir «O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que continúe e reforce a súa posición, así como dirixirse ao Goberno comunitario para apoiar as seguintes demandas:»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Secundino Fernández Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.



Débese engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte texto:

«6º. Rexeitar categoricamente a proposta de gasto militar da UE que propón a presidenta da Comisión Europea Ursula von der Layen.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Miguel Ángel Viso Diéguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º. Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

2º. Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sostible das zonas rurais.

3º. Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

4º. Adoptar, facer explícito e exercitar un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

5º. Solicitar o anticipo da parte correspondente a España dos 45.000 millóns anuais propostos pola Unión Europea para dirixilos directamente ao sector primario; e ao mesmo tempo destinar á PAC o orzamento denominado Obxectivo Rural, é dicir, o 10 % da dotación do fondo nacional asignado.

6º. Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector.

7º. Protexer ao sector primario, defendendo como cuestión imprescindible a activación das cláusulas de salvagarda xa incluídas no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur e garantir e intensificar os controis de fronteira, co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países



que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares que os existentes na Unión Europea.

8º. Solicitar ante a Unión Europea a non activación provisional do citado acordo mentres non haxa garantías para o agro e certezas de que se aprobará o regulamento que desenvolva e reforce as cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis ou a redución das exixencias actuais para os produtores.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Permítanme, antes de nada, tamén recordar os feridos no accidente de hoxe á mañá e sobre todo os nosos compañeiros, tanto Roberto como Gonzalo. Esperamos unha pronta recuperación e telos pronto aquí. Moito ánimo.

E tamén lle quería facer un pequeno comentario, señora Lara: se tanto lle importaba o tema que traía, na segunda intervención dedicoulle dezaseis segundos. Pero bueno, é unha anotación, nada máis. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señorías, se hai algo que define Galicia é a súa relación coa terra; non como consigna, senón como realidade diaria. Aquí o agro é economía, é cohesión social, é paisaxe, é alimento e é futuro. Miles de familias viven do que producen, cun enorme sentido da responsabilidade. Por iso, cando falamos de política agraria común, non estamos a falar dun capítulo máis do orzamento europeo; estamos a falar da columna vertebral do rural e, sobre todo, do rural galego. Estamos a falar de rendas, estamos a falar de relevo xeracional, estamos a falar de sustentabilidade real, de competitividade e, sobre todo, de dignidade profesional.

Nos últimos anos o sector fixo un esforzo enorme: adaptarse a novos estándares ambientais, investir en tecnoloxía, asumir máis burocracia, soportar o aumento dos custos e competir en mercados cada vez máis abertos. Todo iso mentres se lle impide producir mellor, producir máis seguro, producir máis sustentable e, sobre todo, con máis profesionalidade. E por suposto, iso, señorías, só se pode facer cunha política agraria común forte. Pero a proposta da Comisión para o marco financeiro plurianual 2028-2034 abre a porta a un recorte superior ao vinte por cento —como todos vostedes xa coñecen—. Un recorte que pode chegar aos 80 millóns anuais e que nos pode levar aos 480 millóns no período. E non só falamos de menos cartos; falamos de algo máis perigoso —e para min creo que é moito máis perigoso—: diluír a PAC nun fondo único, facendo desaparecer os dous piares actuais, axudas directas e desenvolvemento rural, que son a base da estabilidade do sector.

Por suposto que Galicia aposta por un escenario aberto, integrado e moderno —non vivimos illados nin queremos facelo—, pero apertura non pode ser sinónimo de desprotección e comercio non pode ser sinónimo de desvantaxe estrutural. Abrir mercados ten sentido se quen produce compite con regras equivalentes; se non, o que se abre non son mercados, senón que son unha fenda. Por iso a PAC, señorías, e o mecanismo de defensa comercial son inseparables. A PAC sostén rendas, promove investimentos, impulsa a innovación e garante a estabilidade. Os mecanismos de salvagarda evitan que esas rendas se destrúan por distor-



sións dos mercados. Porque sen a PAC non hai rendas estables, sen a PAC non hai incorporación de xente nova, sen a PAC non hai modernización nin equilibrio territorial e, por suposto, sen a PAC non hai un rural vivo. *(Aplausos.)*

Hai algo máis de fondo co modelo que se propón da PAC. A PAC, tal e como se propón, deixa de ser verdadeiramente política, verdadeiramente agraria e tamén común. Deixa de ser política, señorías, porque pasa a ser un programa máis dentro dun plan estatal. Deixa de ser agraria porque outras materias poden ter prioridade sobre o campo, algo moi preocupante. E deixa de ser común porque cada Estado decidirá canto pon e como o aplica. Isto rompe a igualdade entre territorios e castiga especialmente os que máis dependen do rural, sobre todo Galicia. Ademais do recorte directo, a proposta aumenta a porcentaxe de cofinanciamento que terán que asumir os Estados; é dicir, menos fondos europeos e máis esforzo nacional. Se o Estado non compensa —e o que temos agora non compensa— moitas medidas agroambientais, de montañas ou de incorporación de mozos poden quedar directamente sen executar. Por iso esta iniciativa é unha chamada clara á responsabilidade política do Goberno de España, que é quen negocia en Europa e quen ten que defender con firmeza o sector e o agro galego. Galicia xa cumpre en sustentabilidade, en seguridade alimentaria, en calidade, e o que reclama agora é que ese esforzo se vexa tamén recoñecido no orzamento.

Señorías, vivimos nun escenario global aberto, con acordos comerciais e mercados cada vez máis interconectados, e aquí entra outra cuestión fundamental: non se pode abrir mercados sen blindar antes o produtor galego. E, por suposto, aquí temos que falar do acordo da Unión Europea e Mercosur, e así o plantexamos nós nesta PNL. A Xunta de Galicia exige, como non pode ser doutra maneira, garantías reais de que ningún produto que entre compita con vantaxe fronte aos nosos; que todos cumpran os mesmos requisitos sanitarios, ambientais e de trazabilidade que se lles exixen aos produtores galegos. Tamén reclamamos algo moi fundamental: que o acordo non se aplique de forma provisional mentres non estean blindadas as salvagardas para agricultores e gandeiros, e que se reforcen os controis nas fronteiras. Señorías, o acordo pode abrir oportunidades, si, pero só se Europa e España deixan claro que non se pode construír comercio internacional á custa de debilitar o noso sector primario nin de poñer en risco a viabilidade das explotacións familiares. Iso nunca o permitiremos. *(Aplausos.)* Esta semana viamos como algúns falaban de «vitoria para o sector agrícola» a votación en Europa, que en realidade non lle achega nin unha soa garantía máis ao gandeiro galego. O que se votou non foi protexer prezos, nin reforzar controis, nin activar salvagardas. Votouse atrasar a decisión política pedindo un informe xurídico. Iso non paraliza nada; ao contrario, permite acelerar a posta en marcha provisional do acordo, é dicir, máis incerteza e non máis protección. Mentres o BNG vende —xunto con outros— o seu voto como unha heroicidade, na práctica convértese nunha porta lateral que non resolve os problemas reais do campo.

Señorías, de feito, quen si defende o campo é o Partido Popular, e onte mesmo fixo que a Comisión Europea impulsase un grupo de traballo para endurecer o control das importacións agroalimentarias. Mentres outros se dedican a confundir o sector, a Xunta de Galicia está a traballar no compromiso cos gandeiros e agricultores, poñendo en marcha un observatorio de prezos que vixía o mercado e unha estratexia clara de promoción e exportación dos produtos galegos de cadea de distribución curta e de proximidade, tal e como anunciou onte



mesmo o presidente Rueda. Ou sexa, o Partido Popular é o partido do campo. (*Murmurios.*) Ademais, no Consello Agrario Galego tamén se puxo en marcha o grupo de traballo para levar ás autoridades estatais e comunitarias un manifesto claro de rexeitamento da nova política agraria común. Señorías, nesta iniciativa tamén exiximos que os fondos europeos e estatais cheguen directamente ao sector primario, cunha PAC con dotación propia e anticipando a parte que lle corresponda a España.

Señorías, hai decisións que non fan ruído no momento pero que marcan décadas. Recortar ou diluír a PAC non é mover partidas; é decidir se o rural segue sendo un espazo con futuro ou un territorio ao que se lle pide resistencia sen ferramentas. Europa entendeu durante décadas que o seu campo non era un custo, senón unha garantía. Esquecer iso agora sería romper un equilibrio que levou moito tempo construír.

Hoxe esta Cámara ten a oportunidade de falar cunha soa voz polo agro galego, de deixar a un lado os relatos do medo e de estratexia política e substituílos por posición, por unidade e por defensa real.

Nós non aceptamos que o rural quede relegado. Queremos que saia desta Cámara, con forza e con claridade, a mensaxe de que en Galicia o agro galego non é un asunto menor, senón unha prioridade que se defende; e, se o podemos defender todos xuntos, moito mellor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Señor Viso, si que é certo que case quedo sen tempo por dar resposta ás cuestións que plantexaron, que tampouco eran obxecto de debate da anterior proposta. Pero dígolle máis: ata deses dezaseis segundos me sobran catorce, porque se resume en «máis cartos para os concellos». Pero é curioso que empece vostede a súa intervención con ese tema e resulta que despois nesta exposición que acaba de facer, en vez de falar do que vostede propuxo, dedicou tanto ou igual de tempo a falar de Mercosur, dicindo ademais que xa introducen na súa iniciativa este tema. Volvina ler e dixeran: «Salteime unha folla, que eu non lin cando preparei a intervención a parte de Mercosur». Pero resulta que non, que evidentemente non fala de Mercosur. Entón está poñendo xa a venda, porque, como despois falaremos de Mercosur, ao mellor para que non o azouten xa e para poder saír dicindo que xa o dixo e que esa era a postura do Partido Popular. Ou porque tampouco ten moita defensa coa iniciativa que vostedes presentan hoxe.

Porque hai unha parte que creo que si compartimos todos: é dicir, os obxectivos da PAC son claros, e concisos, tamén. Son dúas: seguridade alimentaria e vida digna para os nosos agricultores e gandeiros e gandeiras. Para iso débese contar cun financiamento suficiente — como ben dixo — e tamén gobernos e institucións que teñan a obriga de salvagardar a PAC, que ademais o crean e o fagan. A actividade agraria é a que dinamiza o medio rural e, ademais, a que contribúe ao equilibrio territorial. Un exemplo: a actual proposta da Comisión



Europea metería nos mesmos fondos os investimentos para mellorar a transformación e comercialización dos produtos agrarios xunto con outras prioridades industriais; todo no mesmo saco, chegando a producir unha repartición desequilibrada. Por iso é vital que se manteña o Fondo agrario, o FEGA. Á parte, a redución dos fondos afectaría tamén a rendibilidade das explotacións de xeito directo, pero tamén a súa capacidade de adaptación aos retos ambientais, á innovación tecnolóxica, ao relevo xeracional...; elementos estes indispensables para facer un sector primario competitivo e sustentable. Xa non se fai desde a Xunta de Galicia coa PAC actual... Como se produza o recorte, veremos que políticas se levan a cabo... Para manter estes dous piares existentes son necesarias as axudas directas, que son fundamentais para proporcionar o apoio necesario para a renda dos agricultores e gandeiros e as axudas para o desenvolvemento rural, imprescindibles para manter a poboación no medio rural e promover os investimentos da modernización e innovación de explotacións agrarias en infraestruturas rurais.

Como dicía, ata aquí todos de acordo, xa o expuxo vostede tamén. Pero eu aínda non escoitei o señor Rueda rexeitar este novo marco financeiro que propoñen os seus —¡os seus!— en Bruxelas. Non o escoitei, señor Viso. Escoitei a Rueda rexeitar a quitación da débeda; escoitei o señor Rueda rexeitar o novo marco financeiro das comunidades autónomas; escoitei a Rueda arremeter contra o Goberno central unha e outra vez, aínda que vaia en prexuízo de Galicia; pero non o escoitei rexeitar este novo marco financeiro. Porque no mes de xullo do ano pasado xa lle pediamos explicacións ao señor Rueda da súa viaxe a Bruxelas, ante a alarmante falta de capacidade e de xestión ante os seus; volvo incidir, porque ás veces esquecése que esta proposta vén formulada polo PP europeo. O PP preside a Comisión Europea; o PP ten a maioría nas reunións de comisarios; o PP controla as carteiras de orzamentos que afectan a PAC... A realidade é que o PP recorta, centraliza e condiciona os recursos que son vitais para Galicia. E, ante estas presións, o señor Rueda, si, foi a Bruxelas para defender, así coa boca pequena, a necesidade de maiores fondos e mellor xestión para o sector primario, pero non rexeitou de plano esta proposta.

Non temos ningunha nova sobre isto no día de hoxe. Porque, de levarse a cabo estes recortes, vaise producir o desmantelamento da política agraria común cunha redución inasumible do vinte por cento. Crear un fondo único, por máis, que resga co mercado único e, polo tanto, coa lóxica dunha política solidaria e cohesionada entre países. Recórtanse axudas directas a agricultores, cargándose así o piar da PAC, o que supón case a eliminación das políticas de desenvolvemento rural. E a Comisión Europea, do Partido Popular —que eu creo que ás veces é que se lles olvida quen está gobernando e quen ten a maioría absoluta en Bruxelas e de onde parte esta proposta—, meta a tesoura e trasládalles aos Estados membros a responsabilidade de atender ou renunciar a programas máis relevantes da PAC ou a deixar moitos deles sen dotación orzamentaria.

O PP aquí si que está a favor da eutanasia, fíxense, porque, de levarse a cabo esta proposta, sería a morte asistida para o sector. O PP pretende, novamente, cambiar o foco do asunto e poñer... (*Murmurios.*) A morte asistida do sector, si, si. Os sectores tamén morren e ¿saben por que morren? Pola inacción das políticas do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¿Saben por que morren? Porque o Partido Popular non ten como prioridade o medio rural, a pesar de que foi en lemas e lemas e lemas. Non ten como prioridade o medio rural, porque o medio rural está esmorecendo, porque



as explotacións están pechando, porque non teñen recursos, porque non hai relevo xeracional. E poderíamos seguir. *(Murmurios.)* Si, si, porque sempre teñen unha dobre vara de medir, porque sempre se opoñen ás leis de progreso, ás que xeran liberdades, e despois son os primeiros que as van utilizar. Que nós respectamos que as utilicen, porque para iso se fan, para garantir dereitos, e dereitos para todos. Pero o rural tamén precisa de políticas activas, e o rural precisa de que o atendan e o rural precisa dunha PAC forte en Europa, que o seu partido, o partido do Partido Popular, está a facer que se debilite e que ademais teña serio risco de non poder continuar.

E si, o PP pretende novamente cambiar o foco do asunto e poñer o foco no Goberno central. Coma sempre, ¿de quen é a culpa? Pois é de España, é do ministro, é de Pedro Sánchez... Isto é o que fai o Partido Popular. Porque, miren, incluso na súa propia exposición de motivos recoñecen vostedes que é o propio ministro e o Goberno de España o que reivindicou con claridade unha PAC cun orzamento independente e diferenciado. Pero despois creo que veñen aquí embarrar, enlodar, criticar —como dicía— España, o ministro, Pedro Sánchez... Pero en realidade son conscientes e coñecedores de que o Partido Socialista está a defender o sector primario aquí, en Madrid e en Bruxelas. Mentres vostedes o que fan é enredar, buscar unha saída que lles permita dicir que, se isto ao final se leva adiante cos votos do Partido Popular, «a Xunta de Galicia xa estaba, xa pedía e xa estaba a realizar...»

De feito, vimos tamén como a semana pasada levaron unha proposta neste sentido tamén á Comisión 1ª, para o tema de financiamento e a consecución de fondos —que, por certo, quedaron sós nas votacións—, e hoxe traen algo parecido, cunha volta de torca, supoño que para acadar ese consenso. Nós presentamos unha emenda, señor Viso; unha emenda que esperemos que acepten. Porque, efectivamente, eu creo que aquí hai que ir todos na mesma dirección e solicitar esa PAC imprescindible para o desenvolvemento do noso rural. E, polo tanto, facemos unha emenda cunha pequena modificación, porque entendemos tamén que hai que reclamar en Europa o cambio desa proposta, esa proposta tan daniña que está a facer o Partido Popular en Bruxelas. Polo tanto, o que nós pedimos é que loiten e pelexen polo rural galego, pero que antepoñan os intereses de Galicia por riba dos intereses do Partido Popular e por riba dos intereses do señor Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, quero facer unha aclaración. *(O deputado Secundino Fernández Fernández diríxese ao presidente con palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Pode ser, pero haina, si. Hai unha autoemenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular. Se non a dixen, pois ten vostede razón, haina. Desculpe.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nada.

Presidente.



Señorías, ¿saben que pasa na Unión Europea? ¿Cal é o problema? Pois, explicado en tres frases, sería: a Unión Europea vai gastar o diñeiro que non temos para comprar as armas que non necesitamos para enfrontarnos a un inimigo que non coñecemos. (*Aplausos.*) Esta é a realidade da Unión Europea, aplaudida por vostedes, señorías do Partido Popular. E claro, se gastamos o diñeiro en armas, pois non hai para a PAC.

Señor Viso, señorías do Partido Popular, ¡vaia papelón que lles encomendaron! Teñen que vir vostedes aquí ao Parlamento galego defender unha proposta que vai en contra da posición do Goberno da Unión Europea, da Comisión Europea, gobernada polo Partido Popular Europeo. (*Aplausos.*) Un Partido Popular europeo do que forman parte vostedes, o Partido Popular galego; e, polo tanto, vostedes, os desa bancada, son membros dese partido e, polo tanto, son compañeiros e compañeiras de partido desa infausta Ursula Von der Layen. Compañeiros de partido da presidenta da Comisión Europea responsable de presentar esta proposta que vai en contra dos intereses de Galiza e de todo o medio rural europeo.

Señorías, agora introducen unha autoemenda nesta iniciativa sobre os fondos europeos para salvar a súa posición sobre o acordo da Unión Europea e o Mercosur. Son vostedes realmente tramposos; pretenden manipular a opinión pública introducindo tres puntos que nada teñen que ver cos fondos da PAC. Uns puntos que non podemos aceptar, porque o BNG ten unha posición clara e concisa contra o acordo da Unión Europea e o Mercosur. Nesta emenda o que se pretende é lavarlle a cara e posicionarse a favor deste acordo; de cuestións como poden ser: cláusulas de salvagarda, de garantías, reforzo de controis, rebaixa de exixencias... Todo medidas cara á galería, pero que non evitarán en ningún momento a entrada masiva de producións do Mercosur. Señorías, repito: o acordo está redactado e aprobado dende decembro de 2024 e non se pode cambiar, porque habería que volver facer a negociación. No caso de reforzar controis, estes sempre deben ser feitos en orixe —sábeo calquera—. É dicir, ¿como imos controlar a carne dende que chega aquí? O lóxico é controlala nos matadoiros cando se mate; non imos controlala nos supermercados e facerlles a analítica nos supermercados. Iso é demagogia pura e dura.

En definitiva, fan esta emenda de forma trapalleira e tramposa para lavar a cara do Partido Popular no referente a este acordo do Mercosur. No BNG reiteramos a nosa oposición á proposta do marco plurianual, que é o que realmente vostedes inicialmente traían nesta proposta, tal e como defendemos e votamos neste Parlamento, na Comisión. Pero non nos poden pedir nin nos poden meter nesta dinámica de defender as súas teses favorables ao acordo da Unión Europea e o Mercosur. Señorías, a vostedes preocúpalles pouco os fondos da PAC para Galicia; o único que lles preocupa é salvar a cara nos acordos da Unión Europea e o Mercosur.

Señorías, aínda teño por oírle ao seu máximo líder, ao señor Feijóo, pronunciarse en contra da deriva do gasto militar da Unión Europea. Ao contrario, a súa posición no Estado español é favorable ao incremento deste gasto militar. Non lle chega que se gaste xa o 2,1 por cento do PIB, pretende o señor Feijóo —así o dixo, así o di e así o defende— que se chegue ao 5 por cento. E o seu fiel servidor, o señor Rueda, ¿pronunciouse algunha vez en contra deste incremento de gasto militar? Non, non dixo nin pío. ¿Que máis dan as gandeiras e os gandeiros? ¿Que máis dan as agricultora e os agricultores? ¿Que máis dá o noso monte? En



definitiva, ¿que máis dan as mulleres e homes que viven no rural? O importante son as armas e facerlle a venia a ese imperialismo americano do señor Trump.

Señorías, ¿saben vostedes canto gasta o Estado español en armas? O Estado español xa destina —como dixen antes— o 2,1 por cento do PIB durante o ano 2025, segundo estima un organismo tan pouco sospeitoso como é a OTAN, e corroborado polo propio Goberno do Estado. ¿E saben canto significa e implica esta cifra que, cando se fala do 2,1 por cento, nunca se di? Pois, segundo datos deste informe da OTAN, o Estado español aumentou o gasto militar nun 45 por cento dende o ano 2024. En 2024 tivo un gasto militar de 22.693 millóns de euros —22.693—. Como non chegaba, no ano 2025 chegouse a 33.123 millóns de euros —33.123—. ¿E saben canto ten de orzamento a Xunta de Galicia para este ano 2026? 15.967. Así que boten as contas: o Estado español gasta en armas e en exércitos o dobre do orzamento que ten a Xunta de Galiza. ¡E despois queixámonos de que non hai diñeiro para sanidade, servizos sociais, ensino e medio rural! E o que é a máis grave é que ao señor Feijóo e ao señor Rueda, e a todas as señorías do Partido Popular, parécelles pouco e queren que se chegue a ese 5 por cento que pide o emperador señor Trump.

Bueno, pois agora imaxinémonos o que pretende gastar a Unión Europea en armas. A señora A Ursula Von Der Leyen como o resto do seu Executivo do Partido Popular apostan pola estratexia de rearmar a Unión Europea, para o cal pretenden destinar a enorme cantidade de 800.000 millóns de euros —800.000 millóns—. ¿E que din Feijóo e Rueda e o Partido Popular? Pois parece que ben pouco, porque en ningún momento oín declaracións en contra do rearme militar da Unión Europea. Ao contrario, estano xustificando día a día. Parece que esta Unión Europea, gobernada pola extrema dereita e pola dereita —da que forma parte o Partido Popular—, non lle importa a produción de alimentos nin a soberanía alimentaria. Prefiren as armas e as bombas que a produción agraria de calidade e o desenvolvemento do medio rural. ¡Prefiren os tanques aos tractores! (*Aplausos.*)

Señorías, as propostas que coñecemos para o novo período da PAC, do 2028 ao 2034, son tremendamente negativas. As propostas son de reducir o 22 por cento dos fondos da Política Agraria Común para destinalos a eses 800.000 millóns de euros de fondos militares. Se a PAC para o noso país xa foi lesiva no pasado, imaxinémonos o que pode ser esta redución de fondos. Explicado moi someramente, imos falar e fálolles do que é o principal piar de investimento de fondos europeos, que son os fondos Feader. Aí, neses fondos, van as axudas agroambientais, as axudas ao ecolóxico, ás zonas con limitacións naturais ou de montaña, as axudas ao sector forestal con tratamentos silvícolas, repoboacións e incluso as prevencións contra os lumes. Nese piar van temas fundamentais como a incorporación de mozas e mozos ao agro e plans de mellora, axudas ás industrias agroalimentarias, á investigación, á formación, aos plans líder —que son para financiar actividades non agrarias no rural— e a outras medidas de desenvolvemento. Todos eses programas están financiados co 75 por cento de fondos comunitarios. Señorías, ¿que pasará con estes fondos Feader do segundo piar da PAC de desenvolvemento rural con esta proposta da Comisión Europea? Pois moi fácil: simplemente desaparecen, esfúmanse os fondos. As armas custan diñeiro. Moito diñeiro, señorías, custan as armas.

Para o BNG, esta proposta da Unión Europea é totalmente inaceptable. Demandamos que se retire, por ser totalmente lesiva para os intereses de Galiza. A posición do BNG é man-



ter a estrutura e o financiamento da PAC, incrementando os fondos para o noso rural. Un incremento que traia consigo unha distribución que teña en conta as pequenas explotacións familiares, a permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...e, por suposto, unha mellora e unha ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente. De todos xeitos, para que non haxa recortes debe paralizarse esta obsesión coas armas da Unión Europea.

E aí vai a nosa proposta de engádegas, que era rexeitar categoricamente a proposta de gasto militar da Unión Europea que propón...

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...a presidenta da Comisión Europea, Ursula Von Der Leyen.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Vou empezar falando do último que se falou: estívose falando de armas. A Unión Europea leva aprendido nos últimos días ou nas últimas semanas que o intervencionismo nos mercados internacionais a través de aranceis tamén é unha arma; de feito, parece ser que nos últimos tempos foi a única arma que puido parar un pouco os exabruptos do señor Trump. Por iso, eu penso que Galicia, España e a Unión Europea temos que ter coidado cos pactos comerciais que se firman, porque nos últimos días se está vendo que se están convertendo nunha arma de guerra. Viuse cando Trump intentou o que intentou con Groenlandia. Algúns países mandaron alí uns cantos efectivos militares, Trump ameazou cuns aranceis e algúns xa se volveron para atrás. Á súa vez, a Unión Europea ameazou con certos aranceis tamén aos produtos norteamericanos e de repente o país que era o abandeirado do libre mercado, o país que era totalmente contrario ao intervencionismo dos mercados utiliza o intervencionismo comercial internacional como arma —podemos dicir— de guerra, por dicilo dalgunha maneira, e tamén na resposta que lle está dando a Unión Europea e na resposta que están dando as outras dúas forzas internacionais, que están sendo neste momento fundamentalmente Rusia e China —e India tamén anda por aí—. Esta é unha cuestión da que non falou ningún de vostedes, pero que haberá que tamén tela en conta. Ultimamente a cousa non vai ser estritamente comercial, outro tipo de factores van intervir e van distorsionar.



A nós, representando a provincia de Ourense e os seus intereses, non nos parece axeitada a incorporación a Mercasur nos termos en que se está facendo. Dérono a coñecer alto e claro nestes últimos días, nestas últimas semanas, os moitos gandeiros —sobre todo gandeiros e agricultores— que se manifestaron cos seus tractores e coa súa maquinaria agrícola en diversas cidades de Galicia e tamén en Ourense, provenientes das comarcas da Limia, das comarcas de Maceda ou das comarcas de Verín. A eles teño que agradecer —como concelleiro que son dese concello— a exquisita compresión que tiveron coa cidadanía para ser capaces de manifestarse, de facer chegar a súa mensaxe e as súas reivindicacións sen causar excesivos problemas de tráfico e sen causar excesivos problemas de convivencia. Nese sentido si que é digno de recoñecer. Ocuparon carrís en viais, pero sen entorpecer de xeito grave o tráfico, e sempre dando a coñecer as súas reivindicacións. Colocaron alpacas nalgúns sitios, pedíronnos se podían estar na cabalgata de Reis, formaron parte dela un número de tractores e tiráronlles caramelos aos rapaces. É dicir, que se comportaron... Sen deixar de ser reivindicativos e sen deixar de facer chegar a súa mensaxe, tiveron bastante colaboración co resto da cidadanía para non prexudicar a quen non tiña culpa ningunha. No que fixeron noutro tipo de vías —non nas vías municipais, senón nas vías do Estado e noutras vías— aí xa non me meto, porque iso xa forma parte das negociacións que tiveron con outras administracións.

Dixéronnos moi claro cales eran as súas pretensións e que o pacto co Mercosur prexudica o sector primario, fundamentalmente os gandeiros e os agricultores. Está recoñecido que a quen beneficia fundamentalmente é á industria procesadora dos alimentos máis que á produtora, e despois, efectivamente —que tamén xa se dixo, ou xa se dixo nestes días—, as condicións de produción dos produtos deses países non teñen o grao de exixibilidade en moitos aspectos que os que temos aquí. Fálase, por exemplo, do tipo de produtos fitosanitarios, que aquí non están permitidos e alí si, e, dende logo, por exemplo, a lexislación laboral é moito máis estrita en España que en moitos deses países. Loxicamente, aquí un gandeiro que teña empregados ten que pagar uns salarios e manter os seus traballadores nunhas condicións dignas exixidas pola lei que en moitos deses países ou ben xa non se exixen ou ben son papel mollado na lei. Eu que sei..., hai cincuenta mil aspectos máis. Aquí, por exemplo, aos gandeiros e aos agricultores exíxeselles unha certa calidade técnica nos seus tractores e na súa maquinaria. Teñen que pasar unhas ITV, teñen que pasar unha serie de controis que tampouco se exixen aos gandeiros e aos agricultores de alí; o cal permite que poidan ofrecer uns prezos moito máis baratos que os que poidamos ter aquí.

Agora o Partido Popular, efectivamente, vese aí nunha contradición, porque por un lado están a favor do Pacto de Mercosur polo tema do libre mercado e de que se poden facer intercambios comerciais, tanto nun sentido como noutro, pero, claro, agora, vendo que esas condicións de competencia non son *stricto sensu* de competencia, porque non se dan as iguaisdades de condicións, que son as que definen a verdadeira competencia, bótanse para atrás e din que van controlar nas aduanas, que van controlar os prezos, os observatorios de prezos... ¿Que é iso do «observatorio de prezos» que dixo o presidente? Os prezos quedan observados. ¿E que se fai despois de que se observe o prezo, se non hai capacidade legal de interferir neles? O que quero dicir é que parece que non saben moi ben o que queren.

Nós, xa digo, crendo realmente nas bondades do mercado de competencia en igualdade de condicións, que pensamos que é unha cousa boa, non estamos a favor cando ese mercado non é verdadeiramente competitivo porque se dan esta clase de diferenzas.



E respecto da PAC, efectivamente, o agro galego e o agro ourensán necesitan as axudas da PAC. O director xeral xa nalgúnhas comisións nos advertiu dos múltiples problemas que pode traer este tipo de recortes. Fala de se son para armarse. A ver, aquí temos unha cuestión. Como dicían os clásicos, *si vis pacem, para bellum*. Tal e como se están poñendo as cousas a nivel internacional, tampouco é como para permanecer tranquilos. Hai unha especie, ao mellor, de pacifismo inxenuo, que tamén o tiñan os ingleses con Chamberlain respecto de Hitler. Quero dicir que ás veces tampouco hai que ser pacifistas dun xeito demasiado inxenuo.

Reflexionaba eu o outro día —agora que está tan en voga exixir transparencia— que o Trump está sendo supertransparente e que se lle están vendo as intencións totalmente, porque ademais non disimula nada. Ao señor Trump a súa falta de escrúpulos, o seu matonismo, o seu modelo de película de vaqueiros americana vésele claramente, e ademais dío claramente. Non sei se moitas veces as ameazas as fai para ver ata onde chegan os contrarios á hora de asustarse ou de tomar medidas, ou se é que —como tamén xa hai algunha xente de alí, do propio país que o está dicindo—, ao mellor, a súa saúde psíquica non é todo o boa que se desexaría. Non sei se iso é así.

Eu tamén volvería insistir na reflexión que facía ao principio: o intervencionismo nos mercados internacionais estase utilizando como arma de presión internacional, case en contorno bélico, e iso ten toda a pinta de incrementarse no futuro, porque, claro, a realidade é que, dende o punto de vista armamentístico, a Unión Europea non pinta nada como se poñan un pouco exquisitos tanto Trump como os outros. Porque eu non fago mellores a Putin ou a —como se chama— Xi Jinping —que hai que dicir o nome entoando como corresponde ao chinés—, xa que unha cousa é que disimulen máis do que disimula Trump e outra cousa é que, no fondo, non sexan uns personaxes tan faltos de escrúpulos como é o propio Trump.

E nada máis. Deixo esta reflexión para todos vostedes.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Vou intentar contestar a cada un dos que interviñeron aquí.

A verdade é que, señor Ojea, non vou tampouco dedicarlle moito tempo, ¿vale? Eu creo que veu vostede aquí divagar, falar un pouco..., defender o sector. Non é facer unha foto con eles alí, cando estaban por Ourense, ou levalos á cabalgata, son máis cousas que iso. (*Aplausos*.)

Señorías do PSOE, señora Lara, eu a verdade estaba escoitando e dixen: non pode ser, igual escoitei mal. Como vostede dixo que lera mal, pois dixen: igual escoitei mal. Porque, claro, vostede dixo que eu falei aquí do acordo Unión Europea-Mercosur sen nomealo no *petitum* da PNL. No punto 7, señora Lara, aparece aí perfectamente identificado: «...salvagardas incluídas no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur». Polo tanto, eu creo que si que é importante ler todo. Pero volvemos ao mesmo, cando perdemos máis tempo



noutras cousas que en ler os temas ás veces despistámonos. Á parte, vostedes ultimamente ven demasiado frío e demasiado gris cando van aos sitios.

Tamén lle teño que dicir que, por suposto, non son só palabras, hai que ir aos feitos. Por suposto que nós, no texto da miña PNL, si que falamos da defensa do Goberno, pero hai que ir aos feitos. As palabras están moi ben, pero sen feitos non serven de nada.

E agora imos co señor Fernández, que, como sempre, non defrauda neste tema. Xa o coñecemos porque o debatemos en comisión. A verdade é que é curioso. Nós primeiro non imos elixir entre defendernos e alimentarnos, iso é o que non imos facer. Nós non temos que facer iso, elixir entre defendernos e alimentarnos, iso témolo claro. Pero tamén hai algo que me sorprende: nós falamos sempre de que non imos aceptar a rebaixa da PAC. Sorpréndeme moito —vostede, que vostede é do sector, e á parte temos a mesma profesión— que me diga que non podemos falar da PAC e do marco Unión Europea-Mercosur. A verdade é que me sorprende moitísimo. Ou sexa, ¿que non podemos comparar e que non podemos falar diso? Unha de dúas: ou non se enterou moito ou a verdade é que tamén ten mala fe, porque ¡dicir iso!... Con todo, despois si que se pode falar da PAC e de gasto militar. Ou sexa, do outro non se pode falar, pero pódese falar disto. Eu creo que vostedes a verdade é que, como sempre, van en contra do si polo si.

E á parte tamén hai unha cousa moi curiosa porque, polo que vimos nesta súa intervención, deu a entender que non lle gustan as armas. A verdade é que, para non gustarlle as armas, teñen compañeiros de viaxe aos que lles gustan ben. Acaban de votar con eles agora mesmo, con Bildu. Si, señorías, acaban de votar con Bildu o non ás cláusulas salvagarda. (*Aplausos.*) Para non gustarlles as armas, teñen compañeiros aos que lles gustaban ben. (*Aplausos.*) Entón, busquemos un equilibrio.

A verdade é que tamén é algo moi curioso, algo no que volvemos ao mesmo: ou é descoñecemento ou mala fe. Eu creo que ás veces tamén é un pouquiño de mala fe para ver se captam esa imaxe, como a foto daquel día alí, en Ourense: a ver se alguén sae fotografado, aínda que sexa de lonxe; que nos vexan cos gandeiros. Vostedes non están cos gandeiros, cos gandeiros estamos nós. Estamos e reunímonos con eles. ¿E sabe o que nos dixeron os gandeiros ultimamente? Que un dos principais problemas son os ataques do lobo, os que están en extensiva e en montaña. ¿E vostedes que fixeron? Votar que si. Esa é unha realidade. ¿Por que? Porque estamos con eles, sentamos e falamos con eles. Vostedes van e fan a foto desde lonxe. Esa é a diferenza, señorías, esa é a diferenza. (*Aplausos.*)

E hai algo que me sorprende, algo que me sorprende. Eu volvo ao que lle dicía antes, ou é descoñecemento ou mala fe: a Comisión Europea está formada por comisarios, un por cada país. ¡Iso sabémolo todo o mundo! E en España é unha tal señora Teresa Ribera. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Creo, mirade aí no Google rápido, que pon «Partido Socialista». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, ¿de que falamos? ¿De que falamos, señorías?, ¿de que falamos? (*Aplausos.*) ¿Que vimos aquí, facer o corte para levalo despois ás redes sociais? ¡Iso é o que non nos vale!

E á parte, señorías, o Partido Popular e este Goberno está facendo as cousas ben. Estaas facendo ben no sector. E ¿por que as está facendo ben? (*O deputado Miguel Ángel Viso Diéguez*



amosa un documento.) Porque se lemos o que acaba de saír este fin de semana na prensa, lé-molo... O que pasa é que estaba en castelán, pero tradúzollelo rapidísimo: «O agroalimentario xa é o terceiro sector que máis riqueza deixa en Galicia. En apenas dous anos, entre 2021 e 2023 —mirade aí tamén quen gobernaba en Galicia— foi un dos que máis creceu, cun valor engadido que pasou de 3.021 a 4.381 millóns de euros». Señorías, señorías, esta é a realidade e estes son datos. *(O deputado Miguel Ángel Viso Diéguez amosa un documento.)* ¿Quen gobernaba aquí? O Partido Popular. *(Aplausos.)* Estas son as nosas políticas, a nosa realidade, e isto é do que realmente temos que falar. Vostedes veñen aquí, ¿facer que? Demagogia. Entón, por favor...,

O PRESIDENTE: Sobre as emendas.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: ...sexamos un pouco serio.

Sobre as emendas. A emenda do Partido Socialista a verdade é que o que pedía xa o estamos aportando e, por suposto, a sorprendente emenda do Bloque Nacionalista Galego, pois bueno...,

O PRESIDENTE: Ou sexa, ¿«non»?

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: ...querer falar de armas hoxe é un pouco un despropósito.

O PRESIDENTE: ¿«Non» ás dúas?

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Ningunha das dúas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Vale, grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Secundino Fernández Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego expresa por resolución:



- O rexeitamento á posición do Goberno do Estado a respecto do acordo UE-Mercosur.
- A oposición ao acordo UE-Mercosur polas graves repercusións ao sector agrogandeiro galego e ás consumidoras e consumidores galegos.
- O apoio ás mobilizacións do sector nas que se rexeita o acordo UE-Mercosur e se denuncian as consecuencias nefastas para o agro galego.

Así mesmo, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a oporse ao acordo UE-Mercosur polas graves repercusións que terá para Galiza, e transmitirlle esta posición ao Congreso, ao Goberno do Estado, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.>>)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías.

Señor Viso, vén aquí vostede sacar outros temas e mesturar, como mesturou na anterior iniciativa, as churras coas merinas; niso é vostede moi experto. (*Murmurios.*) Pero bueno, aquí imos falar do que propoñemos, e propuxémolo na iniciativa; non coma vostede, que propón unha cousa e fábase doutra. (*Aplausos.*)

Preguntárase vostede, ou preguntáranse vostedes, os que hai nesta bancada: (*O deputado Secundino Fernández Fernández sinala a bancada da súa dereita.*) ¿por que temos que volver falar do acordo da Unión Europea e Mercosur no Parlamento galego? ¿Por que dende o BNG volvemos traer este debate, como xa o trouxemos o ano pasado? Pois, señorías, porque dende o BNG defendemos Galiza, o noso rural, as nosas xentes e os consumidores e consumidoras galegos, e facémonos eco tamén dese clamor social que hai en Galicia contra este acordo, que é nefasto para o noso país. ¡Por iso! E porque o PP, dirixido polo señor Rueda, apoiou o acordo da Unión Europea-Mercosur no debate celebrado o pasado mes de febreiro no pleno deste Parlamento. Porque nese debate a conselleira do Medio Rural, a señora Gómez, só vía vantaxes neste nefasto acordo da Unión Europea e Mercosur. Porque vostede, o señor Viso, encargado de defender o voto favorable, tamén mantiña esa postura de apoio. Iso si, tanto un como o outro non foron quen de explicar unha soa das vantaxes que ten para o noso país o acordo da Unión Europea e Mercosur. Nin unha soa das vantaxes foron capaces de explicar.

Temos tamén que falar do acordo da Unión Europea-Mercosur porque o propio presidente da Xunta, o señor Rueda, declarou o seu apoio ao acordo e incluso chegou a ofrecer os portos galegos como porta de entrada dos produtos do Mercosur; chegou a ofrecelos. Porque o PP volveu votar na Comisión de Agricultura a favor do acordo da Unión Europea e o Mercosur o pasado 16 de xaneiro. Porque os deputados do PP no Parlamento Europeo votaron a favor deste tratado o pasado 21 de xaneiro. Porque vostedes, señorías do Partido Popular, venden as nosas producións agrarias, as mulleres e homes que viven no rural e do rural, eses produtores, gandeiros e agricultores, que traballan para manter as nosas parroquias, para pro-



ducir alimentos de calidade para a poboación. Porque o Goberno da Xunta do PP vende os consumidores galegos, que van recibir uns produtos que non teñen as garantías sanitarias e de calidade que teñen os nosos. Porque venden Galiza por orde directa da rúa Xénova. Porque lles interesan máis os pelotazos económicos que nada teñen que ver co noso país que as nosas xentes. (*Murmurios.*) Por todo isto traemos a debate outra vez o acordo da Unión Europea e o Mercosur.

Señorías do Partido Popular, o que si conseguiu este Goberno da Xunta de Rueda é unir sindicatos, asociacións e colectivos que representan a inmensa maioría do sector agrario. As mulleres e homes do rural saíron primeiramente en Ourense o pasado 29 de decembro e aí aguantaron parte das festas de Nadal; cambiaron de ano na cidade de Ourense; atrancaron a A-52 ou a Nacional 120 para facer máis visible a súa proposta; aguantaron a climatoloxía, os problemas de toda índole e fixeron e fan malabarismos para atender as súas explotacións agrarias. Como ourensán teño que mostrar o meu orgullo por toda esta mostra de dignidade e de defensa do rural. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) A esta mobilización en Ourense uniuse outra en Lugo o pasado 12 de xaneiro. A todas e a todos quero mostrar, unha vez máis, o apoio e o recoñecemento do BNG, e o meu propio. Señorías, ante este clamor, a conselleira do Medio Rural, á parte de tardar en recibilos, só lles transmitiu escusas, vaguidades e falsidades, co obxectivo de desmobilizar os produtores. O único que fixo foi tratar de enganalos. De feito, ao saír das xuntanzas os representantes acusaron a conselleira do Medio Rural, o Partido Popular e o PSOE de ser cómplices do acordo da Unión Europea e Mercosur. «Dannos a razón nas mobilizacións e despois véndennos no Parlamento de Galiza e tamén en Bruxelas», dixeron os representantes aos medios de comunicación.

Convén lembrar uns pequenos datos do que significa esta monstruosidade de tratado comercial da Unión Europea e Mercosur. Uns exemplos. Se falamos só de Brasil, o principal país do Mercosur, hai que indicar que ten máis cabezas de gando que ningún outro país do mundo. No 2023 tiña 234 millóns de cabezas de gando vacún pastando en 1,62 millóns de quilómetros cadrados. Se temos en conta a superficie de Galiza —que é de 29.500 quilómetros cadrados— e a do Estado español —que son 505.000 quilómetros cadrados—, quedanos que o pasto que ten Brasil é 54 veces superior á superficie de Galiza ou tres veces superior á do Estado español. Mentres isto sucede no Brasil, no noso país temos 224.000 vacas e no Estado 2,2 millóns. A diferenza, polo tanto, é abismal, e só tendo en conta o exemplo de Brasil. Con todo este gando pastando no Brasil, produce 11 millóns de toneladas de carne, que significan o 19 por cento da produción mundial, o que significa o duplo da produción de toda a Unión Europea ou 120 veces máis que a produción de Galiza. Isto repítese nas aves e, por exemplo, no caso da apicultura. Na produción de mel Galiza ten unha produción de 2.600 toneladas e o Estado español, 27.000, sendo o Estado que máis produce da Unión Europea. En contra, Arxentina produce 79.500 toneladas; é dicir, só Arxentina produce máis que toda a Unión Europea, catro veces máis que o Estado e trinta veces máis que os apicultores galegos. Polo tanto, este acordo permite a entrada dun volume enorme de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer os mercados europeos.

Señorías, dende o BNG, ante esta ameaza situámonos do lado das nosas produtoras e produtores, dos consumidores e das consumidoras. A posición contraria do BNG ao acordo Unión Europea-Mercosur fundaméntase en dous motivos principais. O primeiro —como xa



dixen—, que estamos ante un acordo que prexudica enormemente as producións e as explotacións agrarias galegas. Os produtos do Mercosur entrarán a prezos moito máis baixos, algo que poñerá en perigo os produtores galegos, que non poderán competir con estes monstros da produción agropecuaria. E, en segundo lugar, este tratado trae consigo un grave problema para os consumidores, pola falla de transparencia e certificación das condicións de produción dos países do Mercosur. Hai que destacar que os cultivos e a cría de gando son realizados en condicións moi diferentes. Permítense o uso de pesticidas, hormonas e antibióticos que están prohibidos na Unión Europea. Polo tanto, esta situación vai dar como resultado que entrarán no mercado europeo —e no galego, por suposto— producións, xa sexan en fresco ou como produtos transformados, que non cumpriran os estándares de produción europeos.

En definitiva, para o BNG resulta incomprensíbel que se impulsen macroacordos comerciais que provocan o empobrecemento e a desaparición de pequenas e medianas explotacións e a entrada de produtos alimenticios sen garantías.

Señorías do Partido Popular, estamos aquí, no Parlamento de Galiza. Aquí é onde debemos pronunciarnos dunha forma rotunda na defensa de Galiza, na defensa dos nosos produtos agrarios e tamén dos nosos consumidores. Debemos dar unha voz alta e clara. Polo tanto, dende o Bloque Nacionalista Galego pedimos e presentamos esta iniciativa.

Esta iniciativa que expresa por resolución o rexeitamento á posición do Goberno do Estado respecto ao acordo da Unión Europea e o Mercosur; a oposición ao acordo da Unión Europea-Mercosur polas graves repercusións aos sectores agrogandeiros e ás consumidoras e consumidores galegos; o apoio ás mobilizacións do sector, nas que se rexeita o acordo da Unión Europea-Mercosur e se denuncian as consecuencias nefastas para o agro galego. E, así mesmo, que o Parlamento galego inste a Xunta de Galiza a oporse ao acordo da Unión Europea-Mercosur polas graves repercusións que terá para Galiza e transmitir esta posición ao Congreso, ao Goberno do Estado, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Xa falamos na intervención anterior sobre este tema e nós xa nos posicionamos. Xa dixemos que, no que atinxe concretamente aos intereses da provincia de Ourense, ese tratado con Mercosur é negativo. Estas cousas de tratados sempre teñen vantaxes para uns e inconvenientes para outros.

Entón, nós o que temos que mirar é polos intereses que nos corresponden a nós e, no caso concreto do meu grupo, pois a provincia de Ourense. E os gandeiros e agricultores da provincia de Ourense xa se manifestaron de xeito ben claro. Estudaron as consecuencias —pola



conta que lles ten ao ser directamente interesados no tema— coa suficiente profundidade e creo que xa lle fixeron coñecer a toda a sociedade o dano que lle pode facer, que podería facer ao sector primario agrogandeiro da provincia de Ourense —e seguramente tamén ao do resto de Galicia, porque os de Lugo tamén se manifestaron no mesmo sentido— ese pacto.

Xa se dixo que as condicións da elaboración deses produtos en España e en Europa non son as mesmas das que se dan neses países. Tanto o uso de fitosanitarios, como o uso de produtos farmacéuticos e veterinarios, as condicións laborais —como dicía antes—, as condicións de exixencias técnicas da propia maquinaria, e a propia xestión do territorio á hora de explotalo no ámbito agrícola son diferentes. Entón, non se está competindo en igualdade de condicións. Aquí exíxense uns estándares de calidade que é moi discutible que se manteñan iguais neses países.

Hai aí unha especie de tregua porque esa decisión vai ao TXUE. É curioso os dous partidos que se uniron nesa votación, o Bloque Nacionalista Galego con outro partido de cuxo nome non me acordo. ¡Bueno!, a política *hace extraños compañeros de votación* —dicía aquel—.

¡Pero bueno!, á marxe diso, eu tampouco lle vexo moita cuestión porque, ¡claro!, pode ser sinxelamente un mero atraso. Que decida o TXUE acerca de se cumpre a lexislación europea, e, se non a cumpre, loxicamente, iso pode parar; pero, se a cumpre, a cuestión non sería nada máis que atrasar a cuestión.

Hai varios países da Unión Europea que xa se están tamén opoñendo —xa saben vostedes cales son—, e, posiblemente, a súa presión, ao mellor, dificulte a firma final dese acordo. Nós, en aras dos intereses da provincia de Ourense e do sector primario —como digo—, estaríamos en contra de que se producise finalmente esa firma. Non temos representación, de momento, no Parlamento Europeo, e tócanos, sinxelamente, confiarnos na providencia para que iso non termine así.

O sector agrogandeiro da provincia de Ourense está preocupadísimo —xa o dixemos—. Retiraron nestes días —non totalmente, pero na súa maior parte— as súas protestas e os tractores, precisamente por esa tregua que parece dar a xudicialización do asunto ao TXUE, pero eles seguen, loxicamente, preocupados e expectantes do que vaia suceder.

Loxicamente, a Xunta de Galicia, chegado o caso, terá que poñer todos os seus métodos ou todas as súas competencias para... Eu non sei ata que punto porque a competencia en temas de aduanas —a competencia na hora de interferir comercialmente— son bastante limitadas, pero as que —parece ser— está anunciando o señor Rueda —se non pode realizar outras máis ca esas—, pois, benvidas sexan. O ideal sería que non se chegase a asinar nin sequera ese pacto.

E tamén —como dicía ao principio— esta clase de pactos comerciais está tendo, ultimamente, outras derivadas; unha consecuencia da situación internacional que está utilizando esta clase de intervencionismo comercial internacional con outros fins.

Nada máis, grazas.



O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a Señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Para o Partido Socialista, o acordo supón unha oportunidade. Creo que se trata dun acordo de toda unha xeración, que lle levou anos de traballo, e que, ademais, neste momento e nesta situación xeopolítica que estamos a vivir e coas constantes ameazas trumpistas, cobra, se cabe, aínda máis importancia.

E aquí estamos ante dous escenarios: o do Partido Popular, que, coma sempre, ten dúas voces: a voz de Europa, que di «si», sen paliativos; e a voz de Galicia, que é un «si» pero «non», de cara aos gandeiros, para buscar o oportunismo político —que lle falaba e criticaba ao BNG, o da foto, que se poñían na porta de atrás—. Bueno, vostedes teñen menos complexos —iso tamén hai que dicilo—; non lles importa saír diante. Pero é que van con outro discurso distinto que o que manteñen en Europa —¡si!, señor Viso, pódese rir e darlle á cabeza, pero é a realidade—. Nese escenario están.

E o BNG —neste tema, coma noutros—, de entrada, é o «non», como xa fixo coas cotas lácteas. Hoxe rexeita o que mañá pode aplaudir. E digo isto porque no ano 1984 se implantaron, en Galicia, as cotas lácteas para controlar os excedentes —como ben sabemos todos—, e o BNG vía as cotas lácteas como un obstáculo para o sector lácteo galego; pero é curioso que no ano 2015, ante a supresión das cotas, o BNG participaba nesas protestas ante a Eurocámara, tras o fin das cotas lácteas. Polo tanto —creo—, isto non debe buscar o oportunismo político, senón que do que se trata é de estar co sector.

E, ás veces, a política do BNG parece que está máis cómoda na postura de illacionismo, na cal está instalado, coa cal nos illa do resto do mundo, de España, de Europa e do mundo, en xeral. E está instalado, ás veces, nunha política de autosuficiencia —que non é real, ademais—, que coñecemos porque Galicia xa viu o que é vivir da autosuficiencia e, ademais, viuse en moitas ocasións abocada á emigración.

E compartimos que todo cambio xere medos e incertezas. ¡E vaia por diante que entendemos e compartimos os medos e as incertezas que, a priori, poida xerar o acordo para o sector; un acordo de libre mercado, de libre comercio, entre os 27 países integrantes da Unión Europea e os que conforman o Mercosur: a Arxentina, o Brasil, Paraguai e o Uruguai. Isto crea un bloque comercial político dos máis importantes do mundo. E creo que neste momento, neste contexto de tensión internacional, de forte tensión marcada polas políticas agresivas da China e de Rusia e polo retorno tamén do proteccionismo e das guerras arancelarias do señor Trump, a resposta europea non pode ser o pechamento, senón que ten que ser máis acordo, máis diálogo e máis regras compartidas que acheguen certeza, estabilidade e novas oportunidades para as empresas europeas —e para as galegas tamén—.

E en Galicia, este acordo —creo— ten un valor especial porque reforza tamén os vínculos históricos, culturais e humanos que temos coa América Latina, á cal, por certo, todos os gru-



pos representados nesta Cámara viaxaron nalgunha ocasión para reforzar eses lazos, incluída tamén a señora Pontón. O que non pode ser é que, por un lado, vaíamos alí reforzar os lazos e, por outro lado, que lles pechemos a porta nos fociños, non permitíndolles chegar a acordos e non podendo falar e dialogar para beneficiarnos todos. Creo que esa relación tamén forma parte da nosa propia historia.

Dende o Partido Socialista, defendemos —e defendeuse e acordouse— rebaixar ata o cinco por cento os límites para activar as cláusulas de salvagarda relevantes para Galicia. O acordo comercial abre un novo escenario para o sector gandeiro que debe ser abordado dende a responsabilidade, a firmeza e o rigor.

E aquí temos tres escenarios. Por un lado, as importacións. O principal risco non está tanto no volume das importacións, senón na calidade destas. As importacións previstas están limitadas polos continxentes arancelarios e, ademais, permiten contextualizar o alcance real das importacións, que representan o 1,5 por cento de carne de vacún, o 1,3 por cento de carne do sector das aves e apenas o 0,1 por cento da carne de porcino de produción comunitaria. Creo que as cifras deixan claro que o problema non é cuantitativo, senón que se trata dun problema cualitativo e da propia xestión do acordo. De aí a importancia de activar as medidas de salvagarda para non provocar distensións no mercado pola vía da presión á baixa dos prezos marxinais dos produtos agrarios; da xestión estrita e transparente das cotas de importación; de controis efectivos en fronteira; e da correspondencia real cos estándares europeos, tanto no ámbito sanitario como no ámbito ambiental e como no ámbito de benestar animal.

Outra situación que se dá é a alta dependencia estrutural que temos das importacións para a alimentación do gando galego. Esta é unha realidade: Galicia depende ao 100 por cento das importacións para alimentar o porcino e as aves; depende máis do 40 por cento para o vacún de leite e ao redor do 26 por cento, se falamos de carne de vacún. Por tanto, precisamos das importacións para poder alimentar o noso gando. Se fósemos a unha cuestión de autoconsumo, non teríamos capacidade de alimentar o noso gando; e non poderíamos alimentalo de pasta ou de arroz. ¡Bueno!, tampouco os producimos. Tampouco poderíamos alimentalos de millo, xa que vén doutros lugares. Entre outras, coñecía tamén a procedencia do millo, de Ucraína, que se denominaba como a despensa europea, e que antes do conflito —que tamén hai que recoñecer o conflito e as vítimas en Ucraína— supuña un 40 por cento desta aportación.

E, despois, hai un terceiro escenario, que é reforzar a demanda interna como piar de estabilidade do sector, fomentando o produto de proximidade e apostando pola diferenciación, pola calidade, pola orixe, pola trazabilidade e pola sustentabilidade. E aí, evidentemente, a Xunta ten moito que xogar dentro das súas competencias; ten moito que dicir; e ten moito que facer porque —como digo— ten competencias. Unha delas é a defensa, sen fisuras e sen paliativos, no marco financeiro plurianual da PAC en Bruxelas, e non contar aquí unha cousa e en Bruxelas outra. Pola contra, vemos como o Partido Popular se pon de perfil na defensa deste novo marco financeiro en Europa, mentres que aquí lles contan contos, e non contas, aos gandeiros. E vemos como en Bruxelas —xa digo— votan a favor dun acordo e aquí fan outra cousa, que é xogar ao gato e ao rato cos gandeiros cando se manifestan lexitimamente. E evidentemente —como dicía—, pois entendemos a súa preocupación.



O que hai que trasladar é a importancia deste acordo; os beneficios que pode ter o acordo; e, sobre todo, o que temos que facer é garantir o cumprimento estrito deste acordo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, o medo corre rápido cando alguén o sementa. Abonda un titular inflamado, unha mensaxe calculada ou un discurso pensado para facer ruído máis que para facer futuro. E cando quen vive da terra escoita que todo está en perigo, é normal que a incerteza calle.

Por iso hoxe non vimos falar só dunha iniciativa parlamentaria, vimos falar de algo máis serio porque o que nos traen aquí non é unha solución para o sector primario galego, é un relato; un relato construído para facer crer que uns están co campo e outros, non. Iso, señorías, é faltar ao respecto a miles de gandeiros e agricultores que non viven de relatos, viven do seu traballo. (*Aplausos.*)

Polo tanto, hoxe o BNG intenta instalar unha idea moi perigosa: que quen non apoia esta iniciativa está en contra do sector primario galego, e iso simplemente é mentira porque vender solucións máxicas é a maneira máis rápida de enganar a quen xa vive con incertezas; porque ningunha votación aquí vai protexer o mercado, se o Goberno de España, que é o interlocutor, non o protexe. O que si fai esta iniciativa é xerar un clima de medo útil politicamente pero inútil para quen vive da terra. E aquí hai que dicilo claro: desde a oposición pódese facer ruído —por suposto— e facer teatro; e vostedes, se algo saben, é facer moito ruído e dicir pouca verdade.

O BNG presume de ser o partido do rural, pese a que non protexeron os gandeiros do lobo, votaron contra flexibilizar a PAC e impulsan un ecoloxismo radical. Iso, señorías, non é defender o rural, é castigar quen produce e é poñer en risco miles de familias. Estar co sector é mobilizar recursos, acompañar, pagar axudas, reforzar servizos, apoiar investimentos, defender mercados e sentarse coas organizacións cando hai problemas. Por certo, para todo isto tamén fan falta orzamentos e a Xunta de Galicia —este Goberno— os ten. (*Aplausos.*)

A Xunta leva anos demostrando con feitos ese compromiso, con millóns de euros destinados cada ano ao sector primario, con plans de modernización, con apoio á incorporación de xente nova, con sanidade animal, con apoio a produtos de calidade, con promoción e con diálogo permanente co campo. O demais é querer gañar un relato que non constrúe futuro. Pero hai algo máis grave aínda: o BNG fala aquí con moita épica, pero non ten a mesma valentía para falar onde realmente se decide porque os acordos comerciais non se deciden en Galicia, senón que se deciden en Europa, con gobernos estatais —como falabamos antes— sentados á mesa.



E mentres aquí botan discursos, en Madrid sosteñen gobernos; je que tipo de gobernos...! Aquí, axitan o medo; alí, gardan silencio. Señorías, iso non é defender Galicia; iso é facer política de escaparate: moita palabra aquí, pouca presión onde importa. Iso é nacionalismo de escaparate disfrazado de preocupación pola terra.

E sei isto con certeza porque o vivimos aquí; e vivímolo na pasada comisión, na Comisión 7ª, á cal nós non fomos bloquear, nós fomos construír. Propuxemos emendas e, mesmo, unha transaccional, para chegar a un texto común que servise de verdade ao sector. Pero vostedes non querían acordo, o que querían era escenario; non querían protexer o campo, querían protexer a súa mensaxe. E cando hai que escoller entre sumar para Galicia ou gañar o relato, vostedes xa deixaron claro o que prefiren.

A primeira verdade que vostedes non contan é que este acordo comercial internacional se decide en Europa, con 27 Estados; gobernos nacionais, que son quen negocian, pactan e responden —insisto, aquí, fan relatos; en Madrid, sosteñen gobernos. Señorías, iso é usar o sector, e non protexelo—. Tamén están vostedes enganando o sector coa votación europea; fixeron crer que era un freo protector, cando, o que se aprobou, foi atrasar un debate político cun informe xurídico que non baixa custos nin establece sobreprezos nin activa unha soa salvagarda. Ao contrario, co seu voto abren a porta a unha aplicación provisional, sen negociación. Algúns preferiron aliñarse cos extremos, antes que garantir seguridade xurídica e protección efectiva. E, mentres tanto, o sector galego queda atrapado nun relato que crea ansiedade, pero que non crea garantías. *(Aplausos.)*

Nesta liña, a Xunta solicitará ao Goberno central e á Comisión Europea que non activen de xeito provisional o acordo, mentres non queden blindadas as garantías do regulamento e as salvagardas para agricultores e gandeiros, tal e como anunciou o presidente Rueda.

Vostedes constrúen un medio artificial alimentando a preocupación dun sector, só para ras-car os votos. A nosa posición é contundente: ningún acordo pode entrar en vigor sen garantías reais para o campo, sen cláusulas automáticas, sen controis reforzados en fronteiras e sen revisar as cargas que soporten os produtores europeos. Non hai apoio posible. Non se trata de dicir «non», señorías —insisto: non se trata de dicir «non»—; trátase de dicir: «primeiro, o rural, e logo, o mercado»; trátase de dicir: «así, non».

Polo tanto, tal e como demostrou hoxe mesmo o Partido Popular, este logrou, no Parlamento Europeo, a aprobación dun mecanismo de salvagardas reais e efectivas para protexer os agricultores no acordo da Unión Europea-Mercosur, reducindo —xa se falou aquí— os límites da activación e permitindo tamén unha intervención rápida. Lonxe de ser medidas simbólicas, señorías, trátase dun instrumento operativo, rápido e xuridicamente sólido. Ademais, o Partido Popular logrou que a Comisión Europea impulsase un grupo de traballo específico para endurecer o seguimento e o control das importacións agroalimentarias. Señorías, a Comisión de Comercio Internacional do Parlamento Europeo aprobou estas salvagardas hoxe grazas ao voto do Partido Popular, garantindo así unha protección íntegra do sector agrario europeo ante posibles distorsións comerciais. O sector non necesita que lle digan que todo vai mal, necesita que lle garantan que as regras do xogo sexan xustas; e iso é sempre na liña na que sempre traballa o Partido Popular.



Como galego, teño claro algo: os acordos non son só papeis; tradúcense en produtos que atopamos cando mercamos, é dicir, en prezos, en mercados, en oportunidades e en riscos. E nós defendemos sempre un produto local ou un produto de cercanía. Cada vez que miramos unha etiqueta, cada vez que defendemos a igualdade de condicións, cada vez que exiximos controis, estamos facendo política agraria real; e non a política do aplauso, senón a política da responsabilidade.

Miren, señorías —e vou rematando, presidente—, hai dúas formas de achegarse ao rural: unha é escoitar, acompañar, negociar, exixir condicións xustas e traballar sen focos; a outra é sementar o medo, amplificalo e transformalo nunha estratexia de confrontación. Vostedes, señorías do BNG, levan anos escollendo a segunda.

Señorías, vostedes sigan sementando medo para recoller titulares, que nós seguiremos sementando garantías para recoller futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías do Partido Popular, a verdade é que vostedes son uns demagogos de coidado.

Estes días, moitos dos que están aí sentados nesa bancada, (*O deputado Secundino Fernández Fernández sinala coa man a bancada do Grupo Parlamentario do Partido Popular.*) cargos diversos da Xunta, alcaldes e concelleiros do Partido Popular, estiveron nas mobilizacións dos gandeiros —como acaban de dicir—. Iso estaría moi ben pola súa parte, pero ¿saben cal é o problema, señorías do Partido Popular?; ¿saben cal é o problema de todo isto? O problema é que este apoio, toda esa solidariedade do Partido Popular, é postureo; é unha farsa, señorías, unha farsa. (*Aplausos.*) Unha farsa para salvar a cara do Partido Popular de Rueda e para votar a favor do acordo da Unión Europea-Mercosur (*Aplausos.*) aquí, no Parlamento galego; unha trola para salvar a cara do PP de Feijóo, de Ayuso, a favor do voto favorable no Parlamento Europeo e tamén polo pánico electoral que teñen ao seu amante político, co cal se deitan todos os días. Ese partido verde que lle chaman Vox; por ese medo tamén.

Señor Viso, vostede non é alleo a esta demagogia. O exemplo máis claro da súa falta de vergoña política e da súa mentira é o que pasou en Ourense, é dicir, ese famoso vídeo, no cal aparece co presidente da Deputación, para indicarlles a centos e centos de produtores e aos gandeiros que vostedes, o Partido Popular, se opoñían ao acordo da Unión Europea-Mercosur e, de paso, dicirlles que a culpa era do BNG. Vostede defendeu o voto favorable a ese Arcordo da Unión Europea-Mercosur neste Parlamento. Vaia cara de cemento armado que ten vostede, ¿eh? ¡Vaia cara! (*Aplausos.*)

Pero, señoría, como esa trapallada xa non lle coa, agora vai ¡a seguinte trapallada!; ¡agora, a seguinte trola, a seguinte mentira! Agora falan vostedes, señorías do Partido Popular, en-



cabezados pola conselleira e o presidente Rueda, de exixir que se cumpran as garantías, de que os produtos do Mercosur teñan os mesmos controis e cumpran os mesmos requisitos hixiénicos, medioambientais, sanitarios que os produtos galegos. Falan das cláusulas de salvagarda para as producións agrogandeiras galegas. Agora din que a Xunta solicitará que non se activen acordos mentres non queden blindadas as garantías para os agricultores e gandeiros galegos. Todo iso ¡despois de votar no Parlamento galego a favor do acordo (*Aplausos.*) e no Parlamento Europeo a favor de que entrase en vigor! ¡Son uns farsantes, señorías!

Señores do partido Popular, ¡non nos traten de parvos, non nos traten de parvos! Se este acordo está negociado desde o pasado mes de decembro do ano 2024 —negociado desde o ano 2024—. Se agora non se pode modificar, porque as cláusulas de salvagarda non teñen o consentimento da outra parte, é dicir, do Mercosur, é porque a negociación xa está rematada. Se xa o dixo, por activa e por pasiva, o presidente do Mercosur: que non aceptaban cambios no texto. O único que vale é votar en contra deste acordo desastroso para o rural galego.

Paréceme que, despois de escoitar a súa intervención, non van defender Galiza. Parece que xa a teñen vendida: xa venderon os nosos produtores, os nosos consumidores; xa os venderon. Repito, señorías do Partido Popular: recapaciten, están en tempo —están en tempo aínda—; están en tempo de rexeitar esta bomba de relojería que queren instalar no medio rural galego. Hai tempo, e aquí poden apoiar esta iniciativa do BNG; poden seguir apoiando as iniciativas contrarias a este Tratado da Unión Europea–Mercosur, alí onde se presenten, e, por suposto, no Parlamento Europeo, que é onde se ten que rectificar nos próximos meses.

Señorías do Partido Popular, déixense de cinismos e de falsidades. Apoien o sector agrario galego. Non sexan cómplices. Digan un «non», alto e claro, ao acordo da Unión Europea–Mercosur. Digan «si» ás persoas, ás nosas producións agrarias, ás nosas labregas e labregos, aos nosos consumidores...;

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...digan «si» a Galiza, señores do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Alteración da orde do día

Texto lexislativo

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia

O PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



E para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, a señora Pomar Tojo.

PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Carmen María Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Antes de proceder á presentación do Ditame emitido, queríame sumar aos desexos de pronta recuperación dos nosos compañeiros, Roberto Rodríguez e Gonzalo Trenor, que, ademais, son precisamente os voceiros do noso grupo nesta Comisión 2ª.

O Proxecto de lei do clima de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento, con data de 15 de setembro de 2025 e co número de asento 33.923. A súa admisión a trámite efectivizouna a Mesa do Parlamento na reunión do 16 de setembro de 2025, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 4 e 22 de outubro para as emendas á totalidade e ao articulado, cuarta prórroga respectivamente.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos. A emenda á totalidade e as emendas ao articulado presentadas e cualificadas pola Mesa da Comisión nas sesións do 6 e do 27 de outubro, respectivamente, foron: 1 emenda á totalidade de devolución, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; 123 emendas ao articulado: 56 delas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; 62 delas, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia; e 5, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Logo do rexeitamento da emenda á totalidade de devolución precitada na sesión plenaria do 14 de outubro, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión 31 de outubro, designou as seguintes relatoras e relatores: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, Gonzalo Trenor López, titular, e Moisés Rodríguez Pérez, suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Luís Bará Torres, titular, e Monserrat Valcárcel Armesto, suplente; polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, Paloma Castro Rey, titular, e Aitor Bouza Manso, suplente; e polo Grupo Parlamentario Mixto, Armando Ojea Bouzo, titular.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 31 de outubro de 2025, coa miña presenza, na calidade de presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e coa asistencia da ponente e dos ponentes titulares. Nas cinco seguintes reunións, os días 5, 10, 14, 19 e 26 de novembro, estudaron as propostas de aceptación de emendas e de transaccións. Por último, na derradeira reunión, no 2 de decembro, concluíron o Informe da ponencia, coas recomendacións definitivas desta ponencia. Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 11 de decembro de 2025, aprobou o Ditame, que se somete a debate e a votación nesta sesión plenaria, xunto coas emendas mantidas.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo, co seu debate e, se é o caso, coa aprobación do Proxecto de lei do clima de Galicia.



Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Comezamos, polo tanto, o debate.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (*O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Eu tamén me sumo a eses desexos de pronta recuperación dos nosos compañeiros de Parlamento.

E en relación con esta lei, ao final hai que dicir que é o de sempre, ¿non? Que Galicia se goberna a base de titulares. E imaxino perfectamente ademais a situación de cando se iniciou a tramitación desta lei, ¿non? Pois unha situación en que estabamos a vivir unha conmoción xeneralizada pola dina de Valencia, todo o mundo apuntando á mala xestión de Mazón e ás políticas negacionistas de Vox, e todo o mundo decatándose de que o cambio climático era unha realidade, e Rueda preocupado pensando a fórmula de desmarcarse de todo isto. Imaxino ata a conversación, chamando á conselleira e dicíndolle: conselleira, hai que poñer a funcionar esta lei que temos aparcada dende o ano 2023, hai que aprobar algo do clima, sen moito compromiso, pero hai que desmarcarse do PP a nivel nacional. E a conselleira pois podería perfectamente responder falando de todas as suxestións existentes por parte das outras consellerías ou que había tamén moitas suxestións e moito receo por parte de moitos colectivos feministas. Pero, ben, dá igual, o importante é sacar unha lei adiante cun titular importante, e así estamos: unha tramitación onde non se aceptou ademais practicamente ningunha emenda dos outros grupos, onde traen aquí vostedes o debate definitivo, un debate definitivo que perfectamente terán xa planeado ata o titular, con moito Galicia verde, refuxio climático e *chim pum*, tiramos para adiante cunha lei que fala outra vez do clima sen ningún tipo de compromiso real.

E hoxe, pois ben, debatemos esta Lei do clima, sobre algo que é certo que necesita unha regulación: a loita contra o cambio climático. Porque isto non só podemos velo como unha obriga estatal ou global, senón unha responsabilidade tamén dos diferentes territorios, e tamén deberíamos velo como unha oportunidade para construír un modelo de desenvolvemento máis xusto, sostible e resiliente para o presente e o futuro das nosas xeracións. Estamos a falar dunha crise que non só afecta o clima, senón a nosa forma de vida humana, a nivel de equilibrio ecolóxico, biodiversidade, ciclos naturais... Polo tanto, é necesario regulalo. Tamén é necesario cumprir as prescricións da Unión Europea do Pacto verde e dese paquete lexislativo *Fit for 55*, que pon eses compromisos a 2030 e a 2040 de cero emisións.

Unha lei autonómica que podería ser clave para o desenvolvemento do territorio galego, porque é nos territorios onde se xestiona a enerxía, o transporte, o urbanismo, os montes ou a



adaptación aos riscos climáticos, pero que sen obxectivos globais e concretos pois queda en papel mollado. Outras comunidades autónomas xa teñen esta regulación, pero aquí lamentablemente volvemos caer nunha oportunidade perdida. Os socialistas iniciamos o debate parlamentario desta lei sen presentar unha emenda á totalidade. Considerabamos que Galicia si precisaba unha norma con forza legal que orientara as políticas públicas cara á neutralidade climática, a protección ambiental e a transición ecolóxica xusta, e manifestando a nosa vontade propositiva de enriquecer este texto, xa que notabamos moitas carencias. ¿Por que? Pois porque pensamos que un tema como este ten que ser algo no que debe existir un consenso. Ao final, estamos a xogar, como dicía, o futuro do noso territorio.

Por iso, manifestamos que, aínda que percibiamos carencias, pois iamos contribuír mellorando o texto. Así o fixemos con sesenta emendas presentadas polo noso grupo, das que nos aceptaron unha e dúas transaccións. Pero non fomos nós unicamente os que presentamos suxestións e emendas a este texto, senón que tamén o fixeron os técnicos das outras consellerías que foron consultados e moitas asociacións ecoloxistas de recoñecido prestixio, tanto a nivel do noso país como de fóra.

Así, dentro dos técnicos das consellerías, a Consellería de Igualdade alegou e tirou das orellas a esta lei pola falta de transversalización da perspectiva de xénero ou a necesidade de incluír unha composición equilibrada de mulleres e homes nos órganos de dirección en materia ambiental, ou as múltiples correccións que planteou para eliminar unha linguaxe sexista, presente en toda a lei.

A Consellería de Industria foi a que sen dúbida máis cuestións planteou, aspectos tan importantes como dicir que abundaban os conceptos xenéricos e a necesidade de concretar, ou a invasión de competencias da súa consellería, ou tamén a ausencia na lei dunha mención importante como son os ecosistemas forestais, a pesar da relevancia como recurso económico, social e medioambiental, a súa vulnerabilidade ao cambio climático e a súa adaptación e mitigación. Por outra banda, tamén alegaba esta Consellería de Industria a imposibilidade de cumprir o relativo ás cláusulas climáticas, e dicía que —para a contratación pública refírome—, segundo os técnicos, era moi difícil coordinar coas cláusulas xa existentes en materia medioambiental, responsabilidade social, salarios ou igualdade.

Hai moitas alegacións tamén doutras consellerías, nas que non me podería parar agora polo miúdo por falta de tempo, como as de Medio Ambiente en relación cos recursos hídricos, as dos técnicos de Vivenda en relación cos informes preceptivos que se exixen e moitas outras.

Pero tamén, como dicía, de asociacións ecoloxistas de relevancia internacional e relevantes neste país, que tamén fixeron múltiples alegacións que non foron contempladas, ¡como non!, e, para citar así algunha relevante, pois as suxestións relativas á múltiple regulación autonómica que quedou obsoleta e que dicía que habería que facer unha fiscalización e adaptar toda a normativa climática aos obxectivos actuais; ou en concreto, en relación con esta lei, que se debería facer unha planificación enerxética real, como se está a facer noutros territorios; outras leis autonómicas si que contemplan esa pata, que a transición enerxética non se concibe que non exista nunha Lei do clima. Tamén falaban da excesiva burocratización das comunidades enerxéticas ou da necesidade de contemplar o arborado como recurso



de loita contra o cambio climático, ou a crítica escasa asunción de compromisos prevista nesta lei.

Como ve, señora conselleira, coinciden as críticas.

Nós, pola nosa banda, dende o PSdeG presentamos sesenta emendas, no seguinte sentido. Nunha banda, en relación coa exposición de motivos, dicíamos que era necesario ampliar a concienciación ambiental fixando obxectivos e compromisos estables, así como necesariamente que a Xunta colabore economicamente cos concellos para conseguir estes obxectivos; ou falar de descarbonización; ou incluír a fiscalización ambiental, que, nunha total incongruencia, nos aceptaron esta emenda na exposición de motivos pero despois cando se desenvolve no articulado non, polo tanto iso evidencia como é unha lei de titular, ¿non? E despois tamén emendas relacionadas coa necesidade de coordinar as administracións galegas para impulsar unha verdadeira transformación enerxética.

As nosas propostas buscaban dotar a lei de contido real, e para dotala de contido real é necesario empezar por directrices claras de transición enerxética, con obxectivos vinculantes de eficiencia enerxética e impulso ás enerxías renovables, algo tan básico en Galicia, unha comunidade rica en recursos pero moi dependente a un dos combustibles fósiles. Defendíamos fixar metas concretas para o desenvolvemento de renovables, de autoconsumo, as comunidades enerxéticas, as microrredes, garantindo ao mesmo tempo unha ordenación territorial xusta, participación local, integración paisaxística e beneficios reais para os territorios afectadas. Fronte a iso, o PP optou por unha lei sen planificación enerxética nin criterios claros.

Tamén propoñíamos que a Administración galega dera exemplo cun calendario de abandono dos combustibles fósiles nos edificios públicos, na contratación enerxética e tamén nas infraestruturas, así como un impulso decidido ás renovables de proximidade na edificación, na rehabilitación enerxética, especialmente nos barrios máis vulnerables.

A transición enerxética que defendemos non era só tecnolóxica, senón tamén socialmente xusta, coa participación cidadá, como as comunidades enerxéticas, creación de emprego local e apoio ás persoas e sectores máis afectados. Pero todo iso foi rexeitado.

As emendas tamén incluían a descarbonización da industria, do comercio, do turismo, do sector primario e do transporte, nuns obxectivos claros e impulsando a mobilidade sostible, a electrificación e a redución de emisións. Apostamos por unha economía circular, pola protección do patrimonio natural, como sumidoiro de carbono, por integrar o clima no urbanismo, na ordenación do territorio e nas infraestruturas públicas.

En definitiva, señora conselleira, o que propoñíamos era converter a Lei do clima nunha ferramenta real de transformación do modelo enerxético e produtivo de Galicia, cousa que con esta redacción non fai. Pero o PP decidiu falar de clima, pero non falar de enerxía, que é onde está o problema e tamén a solución.

Outro bloque fundamental que plantexabamos de emendas que presentamos —que tam-pouco foron aceptadas, claro— tiña que ver cun principio básico de boa gobernanza. Non se



pode aprobar unha Lei do clima sen financiamento, nin cargar aos concellos con obrigas sen darlles recursos para cumprilas. A lei impón ás entidades locais novas responsabilidades en mitigación e en adaptación ao cambio climático, pero ao mesmo tempo incorpora unha disposición adicional que di que non implicará esta lei compromiso económico ningún por parte da Xunta; unha lei sen compromiso económico ningún. Nós propuxemos eliminar esta filosofía e substituíla por outra moi distinta, que era a corresponsabilidade institucional. As nosas emendas reclamaban á Xunta que asumise o papel e garantise un financiamento estable, suficiente e finalista, para facer posible esa acción climática local que se exige na lei. Propuxemos que nos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma se crease unha partida específica para políticas de cambio climático e transición xusta, nutrida tanto de fondos propios como de recursos europeos ou o Fondo Social para o Clima, e doutros instrumentos tanto estatais como internacionais que se puideran implementar.

Defendiamos tamén que a Xunta tivese unha obriga de regular nun prazo concreto os criterios de xestión e distribución destes fondos, para asegurar esa asignación xusta e eficiente, e que se elaborasen directrices orzamentarias claras para facer realidade os obxectivos da lei. Mesmo incluíamos a fiscalidade ambiental como ferramenta para xestionar esa transición ecolóxica. Xunto a isto, insistimos en que a colaboración financeira cos concellos fose vinculante, mediante liñas específicas de financiamento, convenios, subvencións, con criterios obxectivos de poboación, capacidade económica, vulnerabilidade, pero nada disto lles pareceu ben a vostedes, señorías do Partido Popular. Porque entendemos que debería haber liñas con criterios obxectivos, porque non todos os concellos son iguais nin parten do mesmo punto.

O PP rexeitou todas estas emendas e mantivo esa lei, que traslada obrigas aos concellos pero que lles nega os recursos necesarios; unha práctica habitual da Xunta: delegar competencias e responsabilidades sen financiamento, provocando unha auténtica asfixia económica, especialmente nos concellos máis pequenos.

Outro aspecto que quixemos incorporar coa Lei do clima —e que o Partido Popular tamén rexeitou, obviamente— foi o uso das ferramentas económicas e fiscais para facer efectivos os seus obxectivos e evitar as prácticas de branqueo climático, como ben está a facer tamén a Unión Europea. En primeiro lugar, propuxemos introducir un artigo específico relativo a fiscalidade ambiental, porque quen contamina debe contribuír máis que quen fai as cousas ben, que debe ser incentivado, ou polo menos nós así o consideramos. A nosa emenda permitía ás administracións galegas empregar impostos, taxas e instrumentos económicos e ambientais para penalizar actividades de impacto negativo sobre o medio, e, ao mesmo tempo, por outra banda, bonificar e apoiar aqueles que contribúen á redución de emisións, á economía circular e á protección ambiental. Non falabamos de crear impostos por crear, senón de facer unha ferramenta de política pública destinada a unha recadación para directamente financiar a loita contra o cambio climático. O PP rexeitouna.

E despois, por outra banda —como xa vexo que me queda pouco tempo—, tamén quero falar doutra emenda moi importante, que era a regulación dos usos dos créditos de carbono, dos que vostede sempre tanto fala. Nós cremos que temos que regulalos, porque hai que evitar que se convertan nunha coartada para seguir contaminando. O que propoñíamos era: os créditos de carbono non poden substituír as obrigas legais de redución de emisións nin servir



para maquillar prácticas insustentables. Defendíamos como principios básicos a transparencia, a verificabilidade e a integridade ambiental, exixindo que calquera uso de créditos de carbono fose claro, rastrexable e honesto, tanto na comunicación pública como na actividade empresarial. Tamén propoñiamos limitar o seu uso para acceder á contratación pública, ás axudas a distintivos ambientais, ou incluso establecer sancións fronte ao seu uso enganoso, porque, do contrario, señora conselleira, o outro é un *green washing*, é un branqueo climático, que permite a algunhas empresas dicir que son neutras en carbono mentres seguen contaminando igual ou máis ca antes.

Ao rexeitar estas emendas, todas estas emendas que acabo de nomear, o Partido Popular cremos que optou por unha lei sen fiscalidade ambiental, sen mecanismos claros para evitar fraudes climáticas; unha lei que fala de neutralidade pero non toca intereses económicos nin pon regras cando hai risco de engano.

En definitiva —e como dicía ao inicio e reitero agora mesmo—, cremos que esta lei perde unha oportunidade, unha oportunidade para ser seria, eficaz e crible, porque, sen instrumentos económicos e sen garantías contra o branqueo climático e sen tocar a enerxía —que cremos que é a terceira pata necesaria para facer unha transformación social e unha transformación na produción e evolucionar cara a un modelo máis sostible—, pois sen tocar todos estes paus que lle acabo de dicir, cremos que a transición ecolóxica queda reducida a un exercicio de *marketing*, e Galicia non debe nin pode permitirse iso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Boa tarde.

Quero tamén comezar a miña intervención enviándolles unha mensaxe de ánimo e de solidariedade ás persoas que sufriron este accidente de tráfico na AP-9 hoxe pola mañá, especialmente aos deputados do Partido Popular, Gonzalo Trenor e Roberto Rodríguez, co noso desexo dunha pronta e total recuperación. Permítanme que faga unha mención específica ao señor Trenor, porque foi o ponente desta lei e ao que lle temos que agradecer o seu talante dialogante. Realmente fixo un esforzo —entendemos— por chegar a acordos, aínda que despois noutras instancias eses acordos foron impedidos ou vetados. Polo tanto, dende aquí o noso recoñecemento, polo menos, para este esforzo, que temos que dicir que non é cousa habitual. En fin, que debía cundir máis o exemplo.

Señorías, señora conselleira, quero adiantar xa desde o inicio que non imos apoiar este proxecto de lei, tanto por razóns de forma —que son importantes— como, sobre todo, por razóns de fondo, por discrepancias fondas e grandes en materia de contido. Basicamente porque esta lei non está á altura dos grandes desafíos que ten a nosa sociedade e que ten o mundo en materia ambiental e climática. É máis ben unha lei *fake*, un simulacro, un paripé para facerse pasar polo que non son: queren facerse pasar por verdes e son verdes de pacotilla.



Di a Biblia —o señor Ferro levantou a cabeza para atender, polo menos preocúpalle o que di a Biblia— que «polos seus feitos os coñeceredes». Realmente o que di o evanxeo de Mateo —se non, que me corrixa o señor Ferro— é «polos froitos os coñeceredes». «Toda boa árbore dá bos froitos, mais a árbore mala dá froitos malos». Pois ben, os feitos e os froitos din que o Partido Popular fai políticas e defende intereses que aceleran e agravan o cambio climático. E podemos poñer exemplos de todos os sectores: podemos falar da industria, do transporte, do sector residencial, dos servizos, do turismo, da biodiversidade, do sector primario, do sector forestal, dos residuos ou da ordenación do territorio. En todos estes ámbitos, o Partido Popular, a Xunta de Galiza, a súa Consellería, señora conselleira, fai políticas que favorecen o cambio climático.

Vostedes van na dirección contraria e, polo tanto, teñen credibilidade cero nesta materia, porque ademais a súa é unha Consellería de Medio Ambiente e Cambio climático —como dixemos moitas veces— que representa a irrelevancia tanto política como orzamentaria. E por iso é a segunda con menos orzamento de toda a Xunta de Galiza; a outra é a de Cultura e Lingua. Isto dá medida da importancia que lle dá o Goberno da Xunta do Partido Popular a estes dous grandes ámbitos, que deberían ser centrais para a política dun país: a cultura, o idioma e o medio ambiente. (*Aplausos.*) As dúas últimas, señora conselleira, non hai que dicir máis ao respecto.

Ademais, vostedes teñen unha visión absolutamente limitada do que é a crise bioclimática na que está inmerso o mundo, tamén o noso país. Unha visión limitada e unha visión interesada que se pode resumir nunha idea: vostedes ven o clima como negocio, interésalles o clima como escusa para a especulación e os pelotazos; no que coinciden, ademais, coas grandes empresas, especuladoras e tamén depredadoras, que están aí agazapadas esperando a que vostedes lles poñan a alfombra vermella, que é o que levan facendo todos estes anos. Esta lei chega, ademais, con moito atraso e despois de que vostede deixaran xa todo atado e ben atado con todas esas reformas legais que foron aprobando nos últimos anos das leis de depredación pola porta de atrás, na lei de acompañamento, cambiando a regulación, cambiando o marco e creando inseguridade xurídica, como estamos vendo día tras día.

Vou explicar as razóns, tanto de forma como de contido, que xustifican que nós non avalemos e non apoiemos esta lei. Primeiro irei coas formais. A primeira ten que ver coa tramitación absolutamente irregular deste proxecto de lei, porque realmente vostedes tramitaron dous proxectos de lei totalmente diferentes. Un primeiro en xullo do ano 2023, que foi sometido a información pública, que tivo alegacións, e esas alegacións tiráronas todas ao caldeiro do lixo, literalmente. E vostedes, dous anos despois, tramitaron unha lei completamente distinta, que non foi sometida nin ao procedemento de información pública, vulnerando toda a normativa habida e por haber. Señora conselleira, isto é o nunca visto. Eu levo participando na ponencia de moitísimas leis e non vin nada semellante en todo este tempo. Estou convencido de que sería motivo de nulidade, porque a única parte que tivo dereito a facer alegacións a ese segundo anteprojecto foi a propia Administración da Xunta de Galiza, que o coñecía. A estas alturas, nós non o coñecemos, non está no expediente. Fíxese que grave é que esteamos tendo que debater un documento que non está no expediente, o anteprojecto que foi sometido a ese trámite de alegacións por parte dos departamentos da Xunta de Galiza.



A segunda razón é que se tramitou, antes de ser aprobado o proxecto de lei polo Consello da Xunta, sen o informe do CES. A normativa di que o CES debe informar aqueles proxectos que teñen unha especial transcendencia económica e social para Galiza —transcendencia económica e social para Galiza—. ¿A vostede parécelle que o cambio climático ten unha especial transcendencia económica e social para Galiza, señora conselleira? Está comprobado que non, porque vostedes avalaron que non tiña que ter o informe do CES, cando hai materias —fíxese vostede— de especial transcendencia —como todas as que citei antes— que están detrás dos riscos, das ameazas e de todos os problemas que comporta o cambio climático.

E a terceira razón é que no expediente non hai memoria económica. Unha lei sen memoria económica. Non hai memoria económica porque vostedes resolven este trámite cun informe da Dirección Xeral de Orzamentos que di literalmente que «esta norma non vai supor ningún incremento orzamentario». Pois tamén está todo dito. Se fan unha nova lei, supostamente para introducir novas medidas, impulso e instrumentos para loitar contra o cambio climático, ¿resulta que non ten ningún custo? Entón e que non serve esta lei absolutamente para nada, porque vostedes van seguir facendo todo o que estaban facendo. Só queren esta lei para avalar precisamente esas políticas erradas e fracasadas e fomentadoras do cambio climático que vostedes estiveron aplicando todo este tempo. E para iso non contén, desde logo, co BNG.

Pero imos ás razóns de contido polas que non estamos de acordo con este proxecto de lei. Primeiro, precisamente ten que ver con isto que dixen antes: pretenden convalidar por esta vía as súas políticas para o cambio climático, porque a Xunta de Galiza é unha grande factoría do cambio climático. A Xunta de Galiza, señora conselleira, encabezada polo seu departamento, é unha grande factoría que provoca cambio climático. E vostedes xa sei que presumen dunha baixada das emisións de gases de efecto invernadoiro, pero o que non din é que a razón desa baixada abrupta —que é un desplome que se produce entre 2019 e 2022— é polo peche das centrais térmicas, das centrais de carbón, das Pontes e de Meirama, que son as que provocan esa caída. Porque resulta que, ao mesmo tempo que se produce esa caída, aumentaron as emisións naqueles ámbitos que son competencia da Xunta. Resulta que aumentaron as emisións no ámbito da mobilidade e do transporte, nada máis e nada menos que máis do sesenta por cento desde o ano 1990, polo modelo de mobilidade e transportes que apoia o Goberno da Xunta do Partido Popular. Aumentaron as emisións tamén do sector residencial —da vivenda, fundamentalmente—, aumentaron as emisións no sector dos servizos e do turismo e aumentaron as emisións tamén no sector agrogandeiro. Polo tanto, teñen vostedes pouco do que presumir no que ten que ver coas súas responsabilidades; e non aproveitarse daquilo que non é responsabilidade súa, como as baixadas derivadas do peche das centrais térmicas, ás que vostedes se opuxeron; é dicir, que vostedes opuxéronse a esas medidas e despois queren presumir da baixada das emisións. En fin, sen comentarios.

Segunda importante razón de contido pola que non podemos apoiar este proxecto de lei: porque esa versión do ano 2025 —que non está no expediente e que descoñecemos na súa totalidade— foi mutilada, foi empeorada fundamentalmente pola guerra interna entre departamentos da Xunta. O expediente pon de manifesto unha guerra sen cuartel entre o seu departamento, que puxo no texto unha serie de instrumentos e de medidas, e a Secretaría Xeral de Industria, que llas botou abaixo. Pero non foron unha, nin dúas, nin tres; foron



vinte ou máis medidas e propostas que lle botou abaixo o Departamento de Industria, porque non estaba de acordo con esta norma, porque o que fixo foi eliminar todas as referencias ao ámbito enerxético. E a min gustaríame que me explique como se pode loitar eficazmente contra o cambio climático sen as medidas do ámbito enerxético. (*Aplausos.*) E claro, porque despois presume de transición enerxética e non sei que máis... ¡Negocio! O *business*, iso é o que lles preocupa. (*Aplausos.*)

Outra das mutilacións aplicoulla outro departamento da Xunta, a Dirección Xeral de Orzamentos, que fulminou —literalmente, fulminou— unha das propostas máis —digamos— avanzadas que tiña este anteproxecto, que era cambiar o réxime da actual Meteogalicia —que realmente non ten ningún réxime, é unha entelequia— para converterse nunha axencia pública. Iso estaba no texto e a Dirección Xeral de Orzamentos dixo «fuera», porque isto supón un incremento dos gastos. Claro, esa era unha medida avanzada, novidosa, transformadora e vostedes mesmos bótáronlla abaixo no outro lado do Goberno. O BNG presentou unha emenda precisamente neste sentido: para recuperar —xa o trouxemos aquí en numerosas exclusións— a idea de crear unha axencia pública galega para o clima e para a meteoroloxía, que permitiría resolver ese limbo legal no que está Meteogalicia, que é un ente subcontratado a Tragsa, que pon os medios, pon o edificio e pon a maior parte do persoal. Por iso Meteogalicia, entre outras razóns, non pode emitir informes que teñan validez para facer unha alerta como a que tivemos estes días. É o mellor exemplo, como con esta borrasca Joseph as alertas que valían eran as alertas da Aemet. ¿E sabe por que pasa isto tamén? Porque vostedes vetaron unha, dúas e ata tres veces a transferencia dos servizos meteorolóxicos que propuxo o BNG neste Parlamento e que o Partido Popular vetou e da que votou en contra, porque vostedes non defenden o país. (*Aplausos.*)

O proxecto de lei ten outras moitas carencias que o BNG intentou resolver mediante emendas que melloraban e ampliaban o alcance e a ambición da lei. Propostas, 57 en total, que na súa inmensa maioría foron vetadas polo Partido Popular: de 57 aceptaron 2 e outras 4 parcialmente mediante transaccións; é dicir, que quedaron 51 polo camiño. E voules explicar algunhas destas propostas para que vexan que non eran ningunha cousa doutro mundo, ningunha cousa que non fose razoable. Se non, dígame vostede se lle parece unha cousa doutro mundo ou que non se pode aceptar a proposta de que se fagan periodicamente informes xerais e sectoriais sobre o impacto do cambio climático en Galiza e nos diversos sectores da nosa economía, ou do noso territorio ou do ámbito das emerxencias. ¿Sabe de cando é o último informe público que hai desta materia? Señora conselleira, do ano 2015. Levamos máis de dez anos sen actualizar os informes nesta materia. Con esta lei queríamos que iso fose unha obriga da Administración.

Tamén propoñiamos instrumentos de gobernanza e participación, como, por exemplo, un comité científico para a acción polo clima. ¿Que malo ten que haxa un comité de persoas expertas que asesore as institucións públicas nas medidas máis axeitadas para aplicar neste ámbito? A vostedes non lles pareceu que iso fose unha necesidade. Tamén propoñiamos medidas para impedir que a Alianza Galega polo Clima se use como está facendo a Xunta, como a plataforma de *green washing* para esas grandes empresas, como Ence —á que vostedes lle deron o abrazo abrazo e metérona nesta Alianza polo Clima—, para branquealas ou para verdealas.

Propoñiamos tamén que fosen obrigatorias as auditorías enerxéticas das administracións públicas, pero, como a enerxía non podía estar nesta lei, fóra; tampouco valen. Propuxemos



establecer compromisos anuais e plurianuais nas áreas estratéxicas definidas na norma para que houberse tamén un seguimento e un control das actuacións que fai o Goberno galego nestes ámbitos. Propuxemos medidas concretas de contratación pública; por exemplo, de autoconsumo eléctrico no ámbito da construción, da compra de vehículos —para comprar vehículos libres de emisións— ou nos comedores públicos. Propuxemos, como dixeran antes, a creación dunha axencia galega para o clima e a meteoroloxía, que foi vetada polo Partido Popular. Propuxemos instrumentos fiscais, como hai en todas as leis —en todas— e como incluso recomenda a Unión Europea, para loitar contra o cambio climático mediante o que se chama «fiscalidade verde». Incluso rebaixamos a proposta, propoñendo un estudo nesta materia, que vostedes tamén vetaron e boicotearon. Propuxemos recuperar un título que estaba no texto inicial sobre inspección e réxime sancionador ou unha disposición sobre emerxencias e cambio climático, pero vostedes votaron en contra de todas estas medidas.

Para rematar, señorías do Partido Popular, señora conselleira, o BNG, como dixeran, non vai avalar este proxecto de lei. Porque, como dicía Mateo, xa coñecemos os seus froitos e tamén os seus feitos e porque, en vez dunha lei, é unha auténtica carcasa. É unha casca baleira que non pretende actuar de forma eficaz e integral contra o cambio climático; o que quere é utilizar o cambio climático como pretexto para a especulación e para o negocio. Non contén para iso co BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Pérez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora conselleira.

Quero, en primeiro lugar, desexar unha pronta recuperación para os meus compañeiros Gonzalo Trenor e Roberto Rodríguez, así como para o resto das persoas implicadas no accidente de tráfico. Como saben, o señor Trenor era o ponente desta lei, quen a traballou en profundidade e quero dende aquí recoñecerlle todo o traballo que fixo nesta lei. (*Aplausos.*)

Imos ao debate da lei. Eu son o suplente da lei, pero creo que me parece que a lin máis que algún dos titulares, porque o PSOE di «oportunidade perdida». Oportunidade perdida foi a de vostedes de non colaborar e presentar cousas de copia e pega. Por outro lado, o señor Bará fala de Mateo. Para nós é San Mateo; hai diferenzas. Pero vostede di que «polos feitos se coñecerán». Miren vostedes, ningunha árbore mala pode dar froito bo, ningunha arbore boa pode dar froito malo; e vostedes a verdade é que son unha árbore bastante mala. (*Aplausos.*)

Quero agradecer, como non podería ser menos, ao letrado, aos servizos da Cámara e, por suposto, ao Goberno galego, á Consellería e á conselleira de Medio Ambiente e Cambio Cli-



mático, impulsores deste texto. Cónstame que esta lei viña cun traballo detrás moi, moi importante. Houbo un proceso de alegacións en que puideron participar e consultas públicas que permitiron enriquecela. Eu entendo que tamén, durante o trámite parlamentario, resultou mellorada.

Como dicía, Galicia sempre foi pioneira nese ámbito cando aprobamos a Estratexia de cambio climático, na cal se fixou por primeira vez o compromiso dunha Galicia climaticamente neutra. Os plans rexionais integrados de acción climática, que marcaron a folla de ruta e as medidas concretas para adoptar cada cinco anos, para cumprir os obxectivos da estratexia e os plans de accións locais polo clima, que a lei fixa como obrigatorios para concellos de máis de vinte mil habitantes, co fin de reforzar a nivel local as accións de mitigación e adaptación climática. E agora, como consecuencia lóxica de todo este traballo previo, dotámonos, grazas á Consellería, dunha nova lei do clima que vai permitir combater con novos instrumentos o cambio climático, que nos vai permitir camiñar cara a unha economía máis eficiente, que vai permitir que todos os nosos sectores produtivos camiñen cara á descarbonización.

Esta lei, señorías, non foi feita cunha ideoloxía partidista ou excluín-te, senón que se intentou que toda a Cámara sentise realmente que esta é unha lei para todos, para todos os galegos e ás galegas. Por iso é unha lei moi participada na que intentamos, créan-me, aceptar emendas de todos os grupos, facendo tamén propostas de transacción. Pero, lonxe do debate das emendas, o máis importante é que levamos entre todos a rango de lei o obxectivo da nosa comunidade de acadar a neutralidade climática no ano 2040. Farémolo, señorías, co seu apoio ou non. Farémolo dez anos antes que o resto dos Estados e das comunidades autónomas. Somos extremadamente ambiciosos, moi ambiciosos, porque con tan pouca marxe propoñémonos este obxectivo. Fará que realmente acurtemos case nun corenta por cento o tempo que se marcan o resto das comunidades autónomas e países para acadar ese mesmo obxectivo. Queremos, señorías, conseguir o equilibrio entre as emisións de efecto invernadoiro e as absorcións deste gas en 2040.

En definitiva, Galicia será a primeira comunidade en fixar por lei o reto da neutralidade climática. *(Aplausos.)* E insisto: farémolo unha década antes do prazo fixado pola Unión Europea. E se este reto parece moi ambicioso, que o é, tamén teño que dicir que é realista, porque Galicia demostrou, señora conselleira, que é capaz. Non esquezamos que Galicia xa foi a comunidade autónoma na que máis baixaron as emisións de CO₂ dende 1990, concretamente un 61,7 por cento en 2023, un ritmo cinco veces maior que o conxunto de España.

Por outra banda, ademais, dende o punto de vista da adaptación ao cambio climático, a prioridade, señorías, será protexer a sociedade e a economía ante os riscos derivados deste fenómeno. Por iso, esta lei permitirá promover todas aquelas accións orientadas a preparar o territorio dos impactos ambientais e de eventos extremos ligados ao quecemento global, coa creación, por exemplo, de refuxios climáticos que reduzan a vulnerabilidade da poboación ante vagas de calor ou fomento de solucións baseadas na natureza. Farémolo, ademais, da man dos expertos e dos que máis saben. De feito, esta é unha lei que ten espírito colaborativo, novos órganos de asesoramento e participación e instrumentos de transparencia.



Quero facer referencia á Oficina do Cambio Climático en Galicia, como órgano técnico que ten natureza administrativa e para a xestión e o fomento das políticas de mitigación, adaptación e comunicación de materias en cambio climático. Quero facer tamén referencia ao Foro de Acción Climática que se crea a través desta lei, porque vai ser o máximo órgano colexiado de participación, asesoramento e consulta en materia de cambio climático, que vai permitir que integremos o coñecemento da administración —de todas as administracións— e que vai permitir tamén que as universidades poidan participar nas estratexias, na liña de que poidan acercar todo o seu coñecemento ao propio foro. En definitiva, señorías, contar co apoio de organismos científicos, organizacións ambientais e tamén todas aquelas persoas e entidades que teñan como obxectivo a loita fronte ao cambio climático.

Este texto legal consolida instrumentos que xa están en vigor, como a Rede Local polo Clima, para promover a adhesión de todos os concellos ao Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía. E en definitiva, queremos facer partícipe das decisións que se tomen a toda a sociedade. Esa é a máxima dende que se fixo desta lei.

Señorías, esta lei tamén pon deberes ás administracións. O primeiro, á propia Xunta. A lei introduce con carácter xeral a obriga do sector público autonómico de integrar a perspectiva climática, tanto dende o punto de vista da redución de emisións como da adaptación ou os efectos do quecemento global na elaboración dos seus plans e programas sectoriais e na preparación de contratos públicos nas convocatorias de subvencións; que toda acción de goberno teña un impacto nos obxectivos de neutralidade climática de Galicia. Queremos contar coas mellores tecnoloxías e priorizar tamén na contratación a produción de proximidade, a de temporada, a produción con baixa pegada de carbono.

En definitiva, Galicia quere dar exemplo a outras administracións e sentar as bases para regular na nosa comunidade o fenómeno coñecido como «contratación pública verde». A Lei do clima de Galicia quere avanzar cara a contratos que fomenten a eficiencia enerxética, a adquisición de produtos ecolóxicos e a organización de eventos sustentables, para promover a eficiencia enerxética na contratación pública mediante a incorporación das previsións das directivas da Unión Europea en materia de contratación pública ecolóxica. En definitiva, búscase que os procesos de contratación pública se rexan polos principios da propia lei e sirvan de exemplo dunha nova maneira de relacionar a actividade co ecosistema que se leva a cabo, ao tempo que avoga por un modelo produtivo e de consumo circular baseado no reaproveitamento dos recursos.

Vou rematando. Quería facelo destacando unha emenda que presentamos, que é a de incorporar e definir que é o que se entende por neutralidade tecnolóxica. Para acadar descarbonización é fundamental que o marco xurídico non impida que usemos novas tecnoloxías que poidan xurdir da dixitalización: intelixencia artificial, novos materiais, novos procesos que son fundamentais. Esta lei non pode ser un corsé para iso. Por iso nós cremos que a definición que fixemos tanto deste concepto que incorporamos como a introdución deste concepto nos criterios de contratación pública garanten estes obxectivos.

Esta lei, señorías, tamén pensa nas empresas, esas que tanto vostedes demonizan, que deben ter rabo e cornos. Pero nós, non dende a imposición, senón dende o incentivo: sumar ob-



xectivos neste obxectivo común da neutralidade climática, entendendo o sector empresarial non como un inimigo, senón como un aliado. De feito, no prazo dun ano da entrada en vigor da norma crearase unha comisión entre departamentos da Xunta e elaborará un programa específico para implantar e desenvolver criterios climáticos nos contratos públicos, incentivos fiscais e axudas que favorezan as empresas que colaboren nese obxectivo ou aposten pola neutralidade climática.

En definitiva, vou pedir algo que non sei se conseguirei, pero hai que intentalo. Hoxe pido o voto favorable para unha lei moi ambiciosa. De verdade que é unha lei moi ambiciosa, participada, para a que se intentou buscar acordos con bo talante, feita con rigor e capaz de superar os prexuízos ideolóxicos e de apostar por unha transición xusta, sostible e xeradora de emprego verde.

Señorías, fagamos un exercicio de responsabilidade. Sumémonos todos a esta nova lei. Fagamos posible entre todos a Lei do clima de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Dado que o voceiro do Grupo Mixto non se atopa aquí, ten a quenda a voceira do Grupo Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor Rodríguez, ¿vostede cre que 60 emendas a 44 artigos que ten esta lei é non colaborar? ¡Carai! Entón, se non, redactariámola nós a Lei... (*Aplausos.*) Faltounos pouco, aínda que non nos estimaron nada... (*Risos.*) A min facíame moita graza, porque dicía vostede que tivo esta lei un trámite moi longo, con moitas suxestións... A verdade é que iso o comparto; o que non comparto e o que lle teño que dicir aquí é que non aceptaron vostedes ningunha suxestión, e iso que viñan dos técnicos das súas propias consellarías, doutras consellerías e incluso de —como dicía— entidades ou asociacións de recoñecido prestixio no eido medioambiental.

E dicía tamén vostede, señor Rodríguez, que, con esta lei, elevaban os seus desexos a rango de lei. E eu quero preguntarlle: ¿para vostedes, que é rango de lei? ¿Un título nobiliario? Porque sen dotación orzamentaria (*Aplausos.*) non van acadar outra cousa que o postureo de dicir que teñen unha lei. Entón, non o entendo, de verdade. E de verdade que nós si que tiñamos vontade, tiñamos vontade de poder acadar un consenso neste eido e cremos que esta lei si que podería ser unha oportunidade histórica para transformar Galicia e situar a nosa comunidade na vangarda da loita contra o cambio climático e da transición ecolóxica xusta —algo que esqueceron—, pero o Partido Popular decidiu outra cousa: aprobar unha lei chea de boas palabras e baleira de medidas reais novamente.

Presentamos —como lle dicía— sesenta emendas, con tres ideas básicas: transición enerxética, financiamento suficiente e instrumentos económicos eficaces. Ningún destes tres obxectivos foi aceptado.



En primeiro lugar —como lle dicía—, converter a transición enerxética no eido central da lei non é algo que se nos ocorra a nós os socialistas; é algo que se está a facer noutras comunidades autónomas e do que fala Europa. Queríamos fixar obxectivos claros de eficiencia enerxética, enerxías renovables, autoconsumo ou mobilidade sostible; ordenar o territorio con criterios ambientais e participación local, e que a propia Administración galega dese exemplo abandonando os combustibles fósiles, porque Galicia ten todas as condicións para isto porque contamos cos recursos naturais. Pero todo isto rexeitaron. O PP aprobou unha lei do clima que evita falar de enerxía, cando é precisamente onde está —como lle dicía— a causa e tamén a solución ao problema.

O PP aprobou unha lei do clima coa que, en segundo lugar, advertimos que tamén existía un risco moi serio, que era cargar os concellos novamente con obrigas sen darlles recursos. É unha lei que impón plans, actuacións e compromisos ás entidades locais, pero que inclúe unha disposición que claramente xa di: non hai compromiso económico ningún por parte da Xunta nesta lei. Polo tanto, claro que pon deberes aos concellos, pero non lles dá os medios para poder exercitar os mesmos, causando novamente unha asfixia aos concellos —como fan sempre vostedes—. E nós propoñíamos o contrario: financiamento estable, partidas orzamentarias específicas, uso de fondos europeos e colaboración incluso estatal para poder financiar esas actividades, eses obxectivos que se poñían os concellos, con criterios xustos e transparentes. Pero o PP rexeitou todo isto, como sempre, delegando responsabilidades —como digo—, sen transferir recursos e asfixiando economicamente os concellos, especialmente os máis pequenos. O resultado é unha lei que exige pero non acompaña, que impón pero non financia, e, así, é imposible cumprir os compromisos de neutralidade climática. Esta lei —repito— perde unha grande oportunidade para Galicia.

En terceiro lugar, falabamos tamén de dotar a Lei de ferramentas económicas reais. Propuxemos introducir a fiscalidade ambiental, para que quen contamine pague máis que quen, polo contrario, contribúe a unha transición ecolóxica, que sería incentivado, e a recadación destinaríase directamente a políticas climáticas. Tamén presentamos unha emenda para regular os créditos de carbono e así evitar —como lle dicía— o branqueo climático —ese *green-washing*—, impedindo que se use como coartada por parte de determinadas empresas para seguir contaminando ou para facer *marketing* enganoso. Tampouco isto foi aceptado. Polo tanto, o resultado é unha lei sen financiamento suficiente e sen instrumentos económicos; unha lei que non toca os intereses reais nin muda o modelo. Nada diferente do que podíamos esperar.

Cremos, señora conselleira —e xa remato—, que o cambio climático require valentía política e intencionalidade, e o Partido Popular de Galicia hai moito tempo que vén demostrando que non ten nin unha cousa nin a outra. Require tamén corresponsabilidade institucional, algo tamén do que carece, e xustiza social, do que xa falaremos noutra ocasión. Esta lei —repito— podería ser un instrumento útil para Galicia, para o futuro das nosas xeracións e para as futuras xeracións dos nosos fillos e fillas, pero a verdade é que, como con intencións non chega —como dicía—, esta lei é como un título nobiliario: vale para ter de postureo, pero para nada máis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



E polo tanto non a imos apoiar, claro.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na Quenda do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Señor Moisés Rodríguez, di vostede que son de San Mateo, ¿non?, de Santo Mateo. Vostedes tamén son de Moisés, que aparece na Biblia, que seica dividía as augas do Mar Vermello. Vostedes cren nesas cousas; nós, dende logo, temos outra visión do mundo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) que non ten nada que ver con esa, e isto tamén se pode aplicar ao cambio climático, porque vostedes levan defendendo todo este tempo —dixérono por activa e por pasiva— que non cren no cambio climático. (*Aplausos.*) O cambio climático é unha farsa, e o primo do señor Rajoy xa dicía que a iso non había que facerlle caso. (*Murmurios.*)

Miren, dende logo, non imos apoiar esta lei, non imos avalar esas políticas que vostedes levan facendo para o cambio climático. Non imos avalar tampouco o disparate —porque é un auténtico disparate— de vender Galiza como refuxio climático, o cal a señora conselleira e o señor Rueda foron pregoar en Fitur. É un auténtico disparate banalizar un asunto que ten que ver, señora conselleira —pénseno ben—, coa morte de miles de persoas, tamén no noso país, por ondas de calor, por fenómenos meteorolóxicos extremos. Non se pode xogar con iso, é unha cousa moi seria. Non imos avalar tampouco a súa alianza polo clima, implícita nesta lei, a súa alianza coas empresas contaminantes ás que vostedes lles pagan o *green-washing* con esas fotos que fan e os abrazos que lles dan. Non imos avalar tampouco a súa alianza con Ence, que precisamente meteron na Alianza galega polo clima. Non imos avalar a súa alianza con Altri, señora conselleira, cun memorando de entendemento que lle recordamos, unha vez máis, que manteñen no secreto e que vetan que sexa enviado ao Parlamento, que ten o dereito a coñecelo. (*Aplausos.*) ¿Que están ocultando, señora conselleira? Non imos tampouco avalar a súa alianza coa megaminaría, que, nada máis e nada menos, paralizou a Cámara Mineira —que vostedes patrocinan— á ampliación da Rede Natura no ano 2012, señora conselleira; esa é a realidade. Non imos avalar tampouco a Estratexia galega do cambio climático e da enerxía —que agora xa non se chama «da enerxía»; é só do cambio climático— nin o Plan rexional integrado de enerxía e clima, que xa tampouco se chama «de enerxía» e vai ser só de acción climática, porque lles mandou a Consellería de Industria que quitasen o de enerxía.

Ademais, hai un plan operativo 2024-2030 que empezou a activarse no ano 2025, que realmente é absolutamente falto de rigor, de concreción e de credibilidade. Falan do investimento de 1.700 millóns de euros, e a min este orzamento que teñen vostedes no documento recórdame a unha frase que dicía o interventor —xa xubilado— do Concello de Pontevedra cando lle presentaba un orzamento así chapuceiro. Dicía que eran «*picos, palas y azadones*». Pois o seu orzamento deste plan operativo tamén son «*picos, palas y azadones*», porque por exemplo, a maior partida —fíxense— son 633 millóns de euros —un terzo do total— é para mobilidade e transporte, para descarbonizar o transporte, cousa que non fixeron en todos estes anos. E vano facer agora; credibilidade cero. Tamén poñen nese documento (*Murmurios.*) que van conseguir un parque inmobiliario de cero emisións ou unha Xunta de Galiza



de cero emisións. Permítame (*Risos.*) que me ría, señora conselleira, porque isto non ten credibilidade ningunha, porque vostedes están facendo todo o contrario nestes anos de goberno.

E, claro, agora anuncian para 2040 tamén o gran milagre de divisións das augas de «Galiza, neutralidade climática», con operacións contables. *Largo me lo fiais*, señora conselleira. A ver quen está gobernando a partir das próximas eleccións e quen ten que velar polo cumprimento de todos os compromisos que debe asumir Galiza, que non están neste documento legal.

E, xa para rematar, quero dicir que esta —efectivamente 44 artigos— (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) é unha minilei dunha microconsellaría dun minigoberno carente de visión e de ambición. Isto é o que representa este texto dun PP que é perfectamente coherente no *marketing* e na maquillaxe verde, no escapatismo, como fan querendo pintar (*Murmurios.*) a cheminea de Altri de verde para camuflala, (*Risos.*) como avalaron tamén nos seus informes. É coherente coas súas prioridades: ser un Goberno lacaio e servil, entregado aos intereses das grandes empresas enerxéticas, mineiras e forestais, e utilizar para iso o clima e tamén a transición enerxética como patente de corso, como bandeira de conveniencia para o negocio desas grandes empresas depredadoras que queren espremer os nosos recursos naturais.

O BNG, desde logo, ten outro modelo. O noso modelo é poñer os recursos de Galiza ao servizo do país e da maioría social, promover un desenvolvemento racional e respectuoso co medio e coas persoas que non comprometa, ademais, as xeracións...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...futuras, e facer Galiza, de verdade, referente das políticas ambientais máis avanzadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Señorías, eu non quería, pero teño. (*Murmurios.*) Señor Bará, vostede, que xa ten unha idade, igual que eu, debería repasar un pouco máis o Antigo Testamento, que o ten un pouco desfasado. Falando de cambio climático, de chuvias..., a min vostedes, os do Bloque, recórdanme a arca de Noé, que meteu nunha arca todos os animais de distintas razas. E iso paréceme a min... Non digo que os do BNG sexan animais, pero si que no BNG hai moitos tipos de razas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Señorías, en fin... En relación coas súas emendas, imos falar en serio, porque algunhas foron rexeitadas porque non tiñan nada que ver coa lei, (*Murmurios.*) e algunhas incluso xa están recollidas na propia lei. Probablemente o que vostedes fixeron —sobre todo, imaxino que os



do PSOE— foi copiar ou imitar outras comunidades autónomas, e isto do copia e pega sempre sae mal, incluso coa lexislación estatal, que é para presumir... Pero para o Partido Popular de Galicia esta é unha lei galega, é unha lei propia, unha lei que atende a nosa realidade, e, por iso, non podemos facer un copia e pega dunha lei doutro ámbito e traela para Galicia; e é unha lei que regula, en exclusiva, o clima, señores. É a Lei do clima.

A nosa lexislación autonómica parte, ademais, dun traballo previo moi importante, pero tamén duns logros acadados, e ten uns obxectivos máis ambiciosos que o resto das comunidades autónomas; por iso, a lexislación do resto de España non é válida para Galicia.

Nós, en Galicia, xa conseguimos reducir, nun 62 por cento, os gases de efecto invernadoiro, case 13 puntos, é dicir, 49 puntos máis que o conxunto de España, que só conseguiu reduci-lo nun 12,6 por cento. E, aínda —repito—, queremos ser máis ambiciosos, pois no ano 2030 —dentro de cinco anos— queremos que a redución sexa do 75 por cento. Deles non sabemos, aínda, que obxectivos teñen. Nós queremos acadar a neutralidade climática en 2040. Por iso, non podemos aceptar esas emendas, que veñen directamente da lexislación, tanto estatal como doutras comunidades. Despois, hai un conxunto moi grande de emendas que responden a propostas de definicións que os grupos da oposición propoñían que se inclúisen nesta lei, pero, despois, non aparecían no texto lexislativo; polo tanto, era incoherente introducilas.

Tamén teño que dicir que, mentres Galicia está á altura deste reto, traballando cara á neutralidade climática e dotándonos de normas, de orzamentos e de instrumentos con este fin, do Goberno que preside Pedro Sánchez non podemos dicir o mesmo. Vímolos co que está a acontecer co Fondo social para o clima, do cal, con moita probabilidade, imos perder unha importante cantidade de recursos que a Unión Europea poñía á disposición dos países membros. A Xunta enviou o ano pasado unha proposta con todos os proxectos susceptibles de beneficiarse do Fondo social para o clima, cerca de 9.000 millóns de euros. Galicia enviou a súa propia proposta, é dicir, máis de sesenta proxectos por un importe de 2.000 millóns de euros. Da Moncloa e do ministro non tivemos resposta ningunha. Nós entendemos que é sumamente grave que o Executivo de Sánchez non dea a máxima relevancia a este asunto.

Tamén podemos dicir o mesmo do BNG. Saiban que sabían que a paralización do eólico é un dos maiores ataques á loita contra o cambio climático. Se os parques que están suspendidos estivesen en funcionamento, evitáramos a emisión de 2,5 millóns de toneladas de CO₂ —si, señora Pontón—, e, polo tanto, estaríamos máis próximos de acadar o obxectivo fixado nesta lei para que Galicia fose unha rexión neutra no ano 2040.

Si, señora Pontón, non sexan hipócritas; deixen de cuestionar unha das ferramentas fundamentais para a loita contra o cambio climático —a implantación de enerxías verdes— e voten a favor desta iniciativa.

Señora Vázquez, no nome do grupo maioritario desta Cámara, quero felicitala por poñer en valor o traballo que a súa consellería está a facer para que Galicia lidere a acción contra o quecemento global. Os datos están aí; os datos non son opinables, son obxectivos indiscutibles. E lonxe de conformarse con isto, a través desta lei presentan e buscan completar un corpo normativo...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: ...e estratéxico...

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: ...—vou rematando, presidenta—, no cal Galicia xa está a ser referente con esta lei, coa Estratexia de cambio climático, co Plan xeral de enerxía e clima, co Plan rexional xeral e tamén cos plans de acción para o clima e enerxía sostible, que poidan levar a cabo os concellos. Estamos todos, señorías, a dotarnos dos mellores instrumentos para facer posible que Galicia acade unha neutralidade de emisións en 2040.

Señorías —repito—, dez anos máis do marco marcado pola Unión Europea. Temos razóns para sentirnos todos e todas moi orgullosos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para o peche do Goberno, a señora conselleira. (*Pausa breve.*) (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.*)

Dean voz, por favor, ao micro da señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Eu tamén quero desexar, ao igual que o resto dos intervenientes, unha pronta recuperación aos dous deputados, igual que ao resto das persoas que tiveron o accidente esta mañá. Por suposto, teño que personalizar en alguén a quen lle facía moita ilusión defender, no día de hoxe, a Lei do clima, que era o señor Trenor, pero a quen substituíu moi ben o señor Rodríguez.

Hoxe, día 27 de xaneiro, será outro día histórico para Galicia. É unha nova oportunidade que teñen todos os galegos e as galegas. Coa aprobación desta Lei do clima, teremos máis seguridade xurídica na acción contra o cambio climático. Esta normativa, que é a primeira destas características que se aproba nesta Cámara, supón unha oportunidade clara e única; clara e única para que Galicia se converta nunha rexión neutra en menos de quince anos; será a primeira comunidade autónoma de toda Galicia, pero estaremos incluso por diante dos retos que marca Europa.

O texto supón un impulso de acción contra o cambio climático para protexernos: protexer mellor os galegos e as galegas desas inundacións, desas secas e dos fenómenos atmosféricos, como os que estamos vivindo nestes últimos días —borrascas como Harry, Ingrid ou a que estamos vivindo agora mesmo, Joseph—. Este texto lexislativo é moi participativo e vai contribuír para a gobernanza climática; para regular as proxeccións climáticas, que son fundamentais para proporcionar unha información específica para Galicia, fácil e tamén sinxela.

Non se trata, señorías, de ser mellor ca ninguén; non se trata desa coordinación que xa temos agora mesmo. Simplemente lles quero poñer un exemplo: a Aemet está sen radar en Galicia



dende o ano 2022. A Aemet dá as súas previsións polo radar que ten Meteogalicia. Iso é vontade das administracións, pero non serve só con iso. Hai que ir máis aló, hai que regular; e isto é o que pretendemos, polo ben de todos os galegos e as galegas.

A través desta lei o que garantimos é que os fondos públicos van estar ao servizo da loita contra o cambio climático, impulsando a contratación pública verde e a fiscalidade verde fronte á creación de novas figuras impositivas —nisto último non cremos—. Avoga pola investigación e pola educación; avoga tamén pola sensibilización; e vai reforzar os servizos meteorolóxicos, tamén os de calidade do aire, para o cal é preciso que Galicia teña voz propia, ao igual que teñen outras comunidades autónomas, como é o caso de Euskadi. ¿Por que non a pode ter Galicia? Todo isto a través de mecanismos de colaboración que teñen que estar regulados —que se regulan nesta lei—, que permitan combinar as competencias que pode ter a Aemet cun gran servizo, do cal estamos moi orgullosos, que é o caso de Meteogalicia.

Neste senso, faise imprescindible un acordo; un acordo regulado de cooperación entre administracións en materia de meteoroloxía e de climatoloxía para establecer unha coordinación e unha comunicación eficaz na emisión de avisos; unha planificación coordinada co Goberno central para a instalación das infraestruturas necesarias meteorolóxicas; e a posta á disposición, por suposto, de xeito recíproco, dos datos, en tempo real, que se obteñan das redes de observación.

É necesario que o Goberno central estableza a participación da Xunta de Galicia nos grupos de traballo e nos comités de expertos, e, ademais de todo iso, nos foros meteorolóxicos, e que permita a intervención das comunidades —neste caso, da comunidade galega— nos proxectos nacionais e internacionais de meteoroloxía e de clima. Iso é o que regulamos tamén nesta lei.

É unha lei ambiciosa que conta cun respaldo económico —falamos de 1.800 millóns de euros— recollido xa no II Plan rexional integrado de enerxía e clima 2030 en 95 medidas que se volven regular tamén aquí, na Lei do clima. É unha normativa transversal, feita dende o rigor. E aquí eu quero agradecer á Fundación da Universidade da Coruña todo o traballo que realizou, xunto co persoal da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático; como tamén quero agradecer o labor desenvolvido por este Parlamento e as pequenas incorporacións que se puideron facer dende o día 16 de setembro, das cales me consta ese interese que tivo este grupo, o Grupo Popular, pero tamén o portavoz, Gonzalo Trenor, en que así fose.

Só agardo que o traballo feito ata agora sirva para reflexionar, dende hoxe ata mañá, e que ese voto que anuncian vostedes en negativo se converta en positivo ou, ao menos, nunha abstención. Creo que non sería bo para Galicia non emprender un camiño xuntos os tres grupos políticos e non deixar de lado as ideoloxías, porque, ao final, aquí hai obxectivos moi necesarios para todos. Isto non se pode converter en algo, como foi o caso de Belén, no cal se foi todo o mundo sen ningún tipo de acordo.

Por iso, eu agardo o seu apoio, independentemente das diferenzas que poidamos ter, porque hai obxectivos marcados e, sobre todo, porque é fundamental velar polos galegos e polas galegas.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.


Rematada a intervención do Goberno —e nun día que seguramente quedará marcado na nosa memoria—, eu tamén me sumo aos desexos dunha pronta recuperación dos nosos compañeiros.

Rematamos a sesión, que será reanudada mañá, ás dez da mañá.

Boa tarde e boa noite a todos e a todas.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e nove minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

